



PARLAMENTO
DE GALICIA




DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

XI lexislatura
Serie Pleno
Número 107

Sesión plenaria
20 de decembro de 2022

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



CSV: BOPGDSPG-aen8sFoXl-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



ORDE DO DÍA

Punto único. Textos lexislativos

1.1 Debate e votación do ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023 (doc. núm. 42963, 11/PL-000018)

Publicación do Ditame da Comisión, BOPG nº 420, do 15.12.2022

1.2 Debate e votación do ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas (doc. núm. 42964, 11/PL-000019)

Publicación do Ditame da Comisión, BOPG nº 419, do 15.12.2022



SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez e tres minutos da mañá.

A señora presidenta (Candia López) abre a sesión e comunica as ausencias e delegacións de voto antes de entrar na orde do día. (Páx. 7.)

Debate e votación do Ditame emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023. (Punto primeiro da orde do día.)

A señora presidenta (Candia López) comunica a existencia de emendas que permanecen para o seu debate en pleno e dálle a palabra á señora presidenta da Comisión 3ª para a presentación do ditame. (Páx. 7.)

Presentación do ditame: Sra. presidenta da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos (Pérez Fernández). (Páx. 7.)

Debate do articulado

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar a súa posición sobre o ditame e, se é o caso, defender as emendas mantidas: Sra. Rodríguez Rumbo (S) (Páx. 9.), Sra. Presas Bergantiños (BNG) (Páx. 13.), Sra. Sanz Arias (P). (Páx. 18.)

Rolda dos grupos parlamentarios para que se definan sobre as emendas mantidas polos demais grupos: Sra. Rodríguez Rumbo (S) (Páx. 23.), Sra. Presas Bergantiños (BNG) (Páx. 25.), Sra. Sanz Arias (P). (Páx. 27.)

Debate conxunto sobre os estados de gastos

A señora presidenta (Candia López) dá paso ao debate conxunto dos estados de gastos. (Páx. 30.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar a súa posición sobre o ditame e, se é o caso, defender as emendas mantidas: Sr. Álvarez Martínez (S) (Páx. 30.), Sra. Pontón Mondelo (BNG) (Páx. 39.), Sr. Puy Fraga (P). (Páx. 46.)

Rolda dos grupos parlamentarios para que se definan sobre as emendas mantidas polos demais grupos: Sr. Álvarez Martínez (S) (Páx. 56.), Sra. Pontón Mondelo (BNG) (Páx. 59.), Sr. Puy Fraga (P). (Páx. 61.)

A señora Pontón Mondelo (BNG) pide a palabra con base no artigo 76 do Regulamento, solicitude que, despois da explicación desta deputada, a señora presidenta (Candia López) non considera procedente. (Páx. 64.)



Votación conxunta das emendas ao articulado

Votación conxunta das emendas ao articulado números 1 á 19, da 21 á 39, da 42 á 44 e da 46 á 76 do G. P. dos Socialistas de Galicia ao Ditame emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023: *rexeitadas por 33 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 65.)

Votación conxunta das emendas ao articulado números 1 á 32 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao Ditame emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023: *rexeitadas por 33 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 66.)

Votación das emendas ás seccións e ás entidades públicas instrumentais

Votación conxunta das emendas do G. P. dos Socialistas de Galicia ás seccións e ás entidades públicas instrumentais do Ditame emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023: *rexeitadas por 33 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 66.)

Votación das emendas números 37, 86, 87, 185 á 300, 304, 327, 329, 330, 345 á 347, 349, 354, 356 á 359, 392 á 395, 398 á 400, 402, 403, 407 á 409, 411, 412, 415 á 417, 419 á 430, 432 e 437 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ás seccións e ás entidades públicas instrumentais do Ditame emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023: *rexeitadas por 19 votos a favor, 41 en contra e 14 abstencións.* (Páx. 67.)

Votación das emendas números 1 á 21, 22 á 55 —agás a número 37—, 56 á 85, 86 á 92 —agás as números 86 e 87—, 93 á 139, 140 á 184, 301 á 312 —agás a 304—, 313 á 448 —agás as números 327, 329, 330, 345 á 347, 349, 354, 356 á 359, 392 á 395, 398 á 400, 402, 403, 407 á 409, 411, 412, 415 á 417, 419 á 430, 432 e 437—, 449 á 470, 471 á 511 e 512 á 564 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ás seccións e ás entidades públicas instrumentais do Ditame emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023: *rexeitadas por 33 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 67.)

Votación do articulado

Votación do texto articulado do Ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023, coas emendas incorporadas, se é o caso: *aprobado por 41 votos a favor, 33 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 68.)



Votación conxunta dos orzamentos de todas as seccións e entidades públicas instrumentais, coas emendas incorporadas, se é o caso.

Votación dos orzamentos das seccións 01 (Parlamento de Galicia), 02 (Consello de Contas), 03 (Consello da Cultura Galega), 20 (Consello Consultivo de Galicia) e entidades públicas instrumentais de consulta ou asesoramento, Consello Económico e Social de Galicia e Consello Galego de Relacións Laborais, do Ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023: *aprobados por 41 votos a favor, ningún voto en contra e 33 abstencións.* (Páx. 68.)

Votación dos orzamentos das seccións non votadas previamente (04, 05, 06, 07, 08, 09, 10, 11, 12, 13, 14, 15, 21, 22 e 23), e as entidades públicas instrumentais, organismos autónomos e axencias públicas autonómicas, entidades públicas empresariais, consorcios autonómicos e sociedades mercantís públicas autonómicas e fundacións do sector público autonómico non votadas do Ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023: *aprobados por 41 votos a favor, 33 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 69.)

Debate e votación do Ditame emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas. (Punto primeiro da orde do día.)

A señora presidenta (Candia López) comunica a existencia de emendas presentadas a este ditame que se manteñen para o seu debate en pleno. (Páx. 69.)

Presentación do ditame: *Sra. presidenta da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos (Pérez Fernández).* (Páx. 69.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar a súa posición sobre o ditame e, se é o caso, defender as emendas mantidas: *Sr. Caballero Miguez (S)* (Páx. 71.), *Sra. Rodil Fernández (BNG)* (Páx. 75.), *Sra. Prado del Río (P).* (Páx. 79.)

Rolda dos grupos parlamentarios para que se definan sobre as emendas mantidas polos demais grupos: *Sr. Caballero Miguez (S)* (Páx. 84.), *Sra. Rodil Fernández (BNG)* (Páx. 86.), *Sra. Prado del Río (P).* (Páx. 89.)

Votación do Ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas

Votación das emendas 1 á 7, 9, 10, 12, 13, 15 á 20 e 22 á 31 do G. P. dos Socialistas de Galicia ao Ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas: *rexeitadas por 14 votos a favor, 41 votos en contra e 19 abstencións.* (Páx. 90.)



Votación das emendas 1 á 15 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao Ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas: *rexeitadas por 19 votos a favor, 41 en contra e 14 abstencións.* (Páx. 90.)

Votación do Ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas: *aprobado por 41 votos a favor, 33 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 90.)

Remata a sesión ás tres e cinco minutos da tarde.



Ábrese a sesión ás dez e tres minutos da mañá.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moi bo día.

Iniciamos a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, no número 422, do 16 de decembro de 2022, polo que non se procede á súa lectura.

Silencio, por favor.

Xustificamos as inasistencias ou delegacións de voto. Xustificou a súa inasistencia e, conforme o disposto no artigo 84.4 do Regulamento da Cámara, delega o seu voto para esta sesión plenaria dona Alexandra Fernández Gómez na deputada dona Ana Pontón Mondelo.

Señorías, entramos na orde do día.

Debate e votación do Ditame emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023

A señora PRESIDENTA (Candia López): Hai varias emendas emitidas polos grupos parlamentarios.

E para a presentación do ditame da comisión, por tempo de dez minutos, ten a palabra a presidenta da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, dona Rosana Pérez Fernández.

A señora PRESIDENTA DA COMISIÓN 3ª, ECONOMÍA, FACENDA E ORZAMENTOS (Pérez Fernández): Bo día.

Bo día, presidenta.

O Proxecto de lei sobre os orzamentos xerais para o 2023 tivo entrada no Rexistro do Parlamento o día 20 de outubro de 2022. A Mesa do Parlamento, na reunión do 20 de outubro de 2022, dispuxo a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento*.

As emendas á totalidade foron cualificadas o 11 de novembro de 2022. Os grupos parlamentarios do Bloque Nacionalista Galego e dos Socialistas de Galicia formularon emendas de devolución global dos orzamentos xerais e dos orzamentos das seccións, así como emendas non devolutivas que transferían créditos entre aplicacións de diferentes seccións ou modificaban a contía dos estados de ingresos e gastos. Todas as emendas foron desbotadas na sesión do pleno do 21 de novembro de 2022.

As emendas parciais que se detallan a continuación foron cualificadas o 24 de novembro de 2022. Por parte do Grupo Parlamentario Popular de Galiza, 9 emendas ao articulado e 20 emendas aos estados numéricos; un total de 29 emendas. Por parte do Grupo Parlamentario



do Bloque Nacionalista Galego, 32 emendas ao articulado e 564 emendas aos estados numéricos; un total de 596 emendas. Por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas, 76 emendas ao articulado e 628 emendas aos estados numéricos; un total de 704 emendas. O total, pois, das emendas son 117 ao articulado e 1.212 aos estados numéricos; un total de 1.329 emendas.

A Comisión 3ª, de Economía, Facenda e Orzamentos, na sesión do 28 de novembro de 2022, designou as e os seguintes ponentes: por parte do Grupo Popular de Galiza, don Pedro Puy Fraga, titular, e dona Cristina Sanz Arias, suplente. Por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, dona Rosana Pérez Fernández como titular e dona Olalla Rodil Fernández como suplente. Por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galiza, dona Matilde Be-goña Rodríguez Rumbo como titular e don Gonzalo Caballero Miguez como suplente.

A sesión da ponencia tivo lugar o 29 de novembro de 2022 e nela rematouse o informe que contén as recomendacións que lle fixo á comisión, consistentes en aprobar por maioría as emendas formuladas polo Grupo Parlamentario Popular. Tamén recomendou a aprobación das números 20 e 40 do Grupo Parlamentario dos Socialistas e dunha emenda transaccional elaborada coa número 41 deste mesmo grupo parlamentario.

En relación coas restantes emendas, a ponencia, por maioría, recomendoulle á comisión o rexeitamento das presentadas ao articulado polos grupos parlamentarios do Bloque Nacionalista Galego e dos Socialistas de Galiza. As emendas aos estados de gastos presentadas por estes grupos quedaron pendentes para a comisión.

A comisión, reunida os días 7, 9 e 12 de decembro de 2022, aprobou por maioría o informe emitido pola ponencia e rexeitou as presentadas aos estados de gastos polos grupos parlamentarios da oposición.

O número de emendas mantidas para o pleno é o seguinte: por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, 32 emendas ao articulado e 564 emendas aos estados numéricos; un total de 596 emendas. Por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas, 73 emendas ao articulado e 628 emendas aos estados numéricos; un total de 701 emendas. Polo tanto, 105 emendas ao articulado e 1.192 aos estados numéricos; un total de 1.297 emendas. Polo tanto, quedan pendentes de tramitación no pleno 1.297 emendas.

O ditame consta dun texto articulado e duns estados numéricos constituídos polos estados de ingresos e gastos financeiros.

O orzamento total consolidado ascende a 14.167.171.153 euros.

O texto do articulado consta dunha exposición de motivos seguida de 64 artigos (agrupados en 6 títulos), 17 disposicións adicionais, 3 disposicións transitorias, 3 disposicións derradeiras e 7 anexos.

O título I refírese á aprobación dos orzamentos e ao réxime de modificación de créditos. O título II regula os gastos de persoal. O título III é o referido ás operacións de endebedamento



e ás garantías. O título IV regula a xestión orzamentaria. O título V está dedicado ao financiamento das corporacións locais. E o título VI é o referido ás normas tributarias, que inclúe un único precepto en relación cos criterios de aceptación do imposto sobre o dano ambiental e o canon eólico, xa que a meirande parte da regulación tributaria contense no Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas, que proximamente se vai tramitar en pleno.

Finalmente, determínase o prazo de vixencia da futura lei, así como a data da súa entrada en vigor.

Moitas grazas, presidenta.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Debate do articulado

A señora PRESIDENTA (Candía López): Continuamos co debate do articulado.

Rolda dos grupos parlamentarios para explicar a súa posición sobre o ditame da comisión e, se é o caso, defender as emendas mantidas.

En primeiro lugar, por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, para fixar a súa posición sobre o ditame e as emendas, ten a palabra dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, por tempo de quince minutos.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señora presidenta.

Bo día, señores e señoras deputadas. Bo día, señores conselleiros que hoxe nos acompañan.

Como cuestión previa ao debate que nos ocupa hoxe, quero manifestar, en nome do Grupo do PSdeG de Galicia, o noso rexeitamento á paralización dunha votación no Senado por parte do Tribunal Constitucional, o que supón un atentado contra os principios fundamentais básicos dun Estado de dereito, que non ten precedentes na nosa historia constitucional e calquera demócrata debera condenar estas actitudes, quedando... *(Aplausos.) (Murmurios.)* — non están cómodos, señores deputados, non me estraña que non estean cómodos e que se remexan nos seus asentos— este feito no haber do señor Feijóo, ese que ía a Madrid como líder moderado. Xa se ve coas súas actitudes cal é a moderación do señor Feijóo. Xa o coñecemos en Galicia pero agora está sendo coñecido en todo o Estado. *(Aplausos.)*

Hoxe vanse aprobar os orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o 2023, cos votos dos deputados e das deputadas do Partido Popular; uns orzamentos similares aos dos anos anteriores, coas mesmas partidas, incrementadas novamente cos recursos que proveñen do Goberno do Estado e da Unión Europea, con 1.239 millóns de euros máis de ingresos non financeiros que no ano 2022, sen que o Goberno galego empregue os recursos propios e o seu autogoberno para complementar e atender ás novas necesidades que ten hoxe a nosa cidadanía, que se engaden ás consecuencias que aínda non temos superadas da covid-19 ata a invasión de Ucraína por Putin.



E, mentres, o Goberno galego presenta as mesmas receitas, non atende suficientemente aos que máis o necesitan, non reverte na súa totalidade a precarización de servizos públicos, favorece os máis ricos en Galicia e crúzase de brazos esperando instrucións da lideresa do seu partido, a señora Ayuso, que é quen decide a quen teñen vostedes que botarlle as culpas da súa incapacidade.

Con estes orzamentos, unha vez máis, non empregarán eficientemente os recursos nin para atender ás persoas nin para atender aos sectores económicos e produtivos nin reforzarán o Estado de benestar, cando hoxe sabemos que a actuación das administracións públicas volve mostrarse absolutamente esencial para poder saír desta nova crise co menor impacto negativo posible; cando sabemos que as medidas adoptadas polo Goberno do Estado, ese encabezado polo señor Pedro Sánchez, foron fundamentais para superar as peores consecuencias da crise sanitaria, económica e social derivadas da pandemia da covid-19, e hoxe volven ser as medidas adoptadas polo Estado, encabezadas por Pedro Sánchez, ante esta crise de guerra as que están permitindo que España dentro da Unión Europea é a economía que máis medra, cun 4,5 por cento para 2002, segundo a Comisión Europea, e a economía coa inflación máis baixa de toda a Unión Europea, un 6,6 por cento para o mes de novembro, é dicir, 2,2 puntos menos que no mes de agosto e cinco décimas por baixo da segunda economía, que é a de Francia.

Parece que os señores conselleiros non están de acordo co que eu digo. Cando veñan aquí, que manifesten o que consideren, pero non me parece moi correcto que estean facéndome sinais e indicacións, como se o que estivese dicindo non estivera na verdade. (*Murmurios.*)

Nós empregamos, señor conselleiro, sempre, documentos con datos oficiais, e vostede, si, sempre fai determinados movementos porque non debe estar de acordo. Pero xa lle teño demostrado en moitas ocasións, eu e todo o meu grupo parlamentario, que cando traemos un dato normalmente llo deixamos ao presidente, ou á presidenta neste caso; hoxe non o traemos, pero, se quere, na próxima vez ou cando saia, tamén llos deixo para corroborar cada un dos datos que aquí traemos. (*Aplausos.*)

E repítolle: a inflación de España é a máis baixa de todos os Estados da Unión Europea, gústelle ou non lle guste, cando debería de gustarlle, porque o que quere dicir é que as medidas que se están adoptando por parte do Goberno do Estado están favorecendo todas as familias, tamén as familias galegas, señor conselleiro.

Esta baixada da inflación, como dicía antes, son debidas principalmente a estas medidas, que parece que non son certas pero que lles vou recordar: a rebaixa do IVE da electricidade, a suspensión do imposto á produción de enerxía eléctrica, a redución das peaxes á industria electrointensiva, o incremento do bono social eléctrico, o mecanismo de tope ao gas —ese coñecido como a excepción ibérica, ese ao que vostedes, o Partido Popular, chamaban en moitas ocasións o timo ibérico e que agora mesmo se está adoptando por parte do resto dos países da Unión Europea—, a bonificación dos 20 céntimos no prezo dos combustibles, os bonos gratuítos para o transporte, o incremento do salario mínimo interprofesional e as pensións non contributivas ou o control da suba dos alugueiros, entre outras moitas medidas.



E, mentres, señor conselleiro, ¿que sucede na nosa Comunidade? Pois a inflación no mesmo mes de novembro é dun 7,5 por cento de variación anual e unha variación acumulada no que vai de ano dun 6,4 por cento, é dicir, nove décimas por encima da do conxunto do Estado, sendo Galicia a terceira comunidade co IPC máis alto de todas as comunidades autónomas, incluídas as cidades autónomas. Polo que os socialistas cremos, señor conselleiro, que este goberno non debiera conformarse e que debiera con estes orzamentos para 2023 complementar os recursos que veñen da Unión Europea e que veñen do Estado para axudar a controlar esta escalada de prezos, sobre todo para quen máis o precisa, para saír todos e todas xuntos sen que ninguén quede atrás.

Miren, vostedes, o PP, levan gobernando Galicia durante trece anos ininterrompidos e, nos últimos dous exercicios, vostedes mesmos anunciaban aquí nesta tribuna o que denominaban como orzamentos históricos, tamén grazas aos recursos que veñen do Estado e que viñeron da Unión Europea. Pero, mire, señor conselleiro, durante estes trece anos, nos que as súas políticas públicas foron aplicadas, que durante uns anos crecemos ao mesmo ritmo que o Estado, que tamén tivemos unha pandemia pero que tamén tivemos eses orzamentos históricos, pois resulta que, trece anos despois, temos unha Galicia con menos poboación, 107.000 habitantes menos que en 2009; cun número de persoas ocupadas menos, ou sexa, 42.400 persoas ocupadas menos que no mesmo trimestre de 2009; cun número de parados que no último trimestre deste ano para Galicia se incrementouse nun 6,44 por cento, fronte ao conxunto do Estado, no que baixou en 12,78 por cento; con menos tecido empresarial; cun salario medio anual en Galicia para o 2021 que é un 3,4 por cento máis baixo que para o resto do Estado; cunha precarización dos servizos públicos nos que se sustenta o Estado de benestar; cun 25,2 por cento da poboación en 2021 en risco de pobreza ou exclusión social; ou, segundo un informe que acaba de aparecer hai uns días da División de Hogar de Línea Directa Aseguradora, que nos di que máis de seis de cada dez galegos teñen máis dificultades para chegar a fin de mes do que tiñan no ano 2021 e que os galegos estamos en peor situación que o resto de España a pesar de ter reducido os gastos familiares nos ámbitos enerxético, financeiro e de alimentación e de ocio, e que tamén ademais se corresponden cos datos do IGE —supoño que non dirá que non son correctos— que son correspondentes ao terceiro trimestre do ano 2022, que nos indican que practicamente o 50 por cento dos fogares galegos teñen dificultade ou moita dificultade para chegar a fin de mes.

Estes datos, señor conselleiro e señores e señoras deputadas do Partido Popular e resto dos conselleiros que acompañan o conselleiro de Facenda, amósannos que trece anos despois de gobernos ininterrompidos do Partido Popular este goberno galego, do Partido Popular, nin tivo nin ten un proxecto de país. E para este 2023, cuns orzamentos que supoñen 2.400 millóns de euros máis de recursos que tiveron durante o ano 2020, nada fai prever que os resultados sexan os necesarios para o avance social e económico que precisa a nosa Comunidade.

Mire, para que todo o mundo me entenda, señor conselleiro, eses orzamentos voltan ser como querer facer un calimocho cun gran reserva; soará ben, pero é un desperdicio de recursos para un resultado insatisfactorio. Polo que os socialistas cremos que os orzamentos para o 2023 voltan ser unha oportunidade perdida, na que volven empregar os mesmos pro-



gramas con incremento de contías sen axustarse ás novas necesidades, sen reverter os recortes dos servizos públicos, sen apostar decididamente polo impulso industrial e empresarial que a nosa Comunidade necesita, sen procurar unha transformación para acadar unha Galicia máis vertebrada social e economicamente, máis verde e máis feminista, e nos que as partidas que medran e que supoñen o impulso necesario para atender ás necesidades do noso país (como emprego, vivenda, dependencia, axuda aos máis vulnerables, loita contra a violencia machista) son fundamentalmente os recursos transferidos como transferencias finalistas que veñen do Estado, e que, por certo, na maioría dos casos, vostedes, o Goberno galego, nin sequera son quen de executar na súa totalidade.

Pero hoxe vostedes van aprobar estes orzamentos para o 2023 sen ningunha sorpresa, igual que en anos anteriores, tal como entraron no Parlamento, con pequenas incorporacións que lles serven para dicir que son un goberno de diálogo e de consenso. Uns orzamentos nos que si incorporan esas 21 emendas do Partido Popular —este ano esforzáronse un pouquiño máis—, das que na súa maioría son emendas estéticas —cambios de capítulos, fixar nominalmente algunhas achegas—, ou como as emendas 2 e 3, nas que minoran partidas por un importe de 400.000 euros, e, por certo, diminúen en seguros, limpeza, combustible, gas, telefonía, axuda de custos e informática; esas mesmas partidas sobre as que vostedes nos critican unha e outra vez que a oposición queremos deixar San Caetano sen combustible, sen gas, sen telefonía, sen axudas de custo ou sen informática.

Os socialistas presentamos un total de 704 emendas ao estado de gastos e ao articulado, das que vostedes nos aceptaron 2 e transaccionaron 1; é dicir, aceptando que nos aceptaron 3, pois vostedes integraron un 0,4 por cento das emendas presentadas polo noso grupo parlamentario, o que desbota esas declaracións do Goberno galego e do conselleiro de Facenda, que fala habitualmente de diálogo e de consenso.

E xa me anticipo ao argumentario que emprega habitualmente o Partido Popular, que nos din que a maioría das emendas presentadas polo noso grupo son similares ás dos anos anteriores. Eu volvo contestarlles tamén unha vez máis: é o normal, posto que se tiveran incorporado as nosas emendas en anos anteriores evidentemente este ano non as traeríamos novamente. Porque os socialistas somos coherentes e por iso as nosas emendas van sempre na liña política do noso partido, na liña que como socialistas defendemos, e nese camiño presentamos 704 emendas propostas polo noso grupo.

Señor conselleiro, o articulado da lei é a columna vertebral, o plan de actuación dun goberno, o proxecto das políticas públicas que se van desenvolver durante o exercicio. Os socialistas presentamos 76 emendas ao articulado, a un articulado, por certo, tamén, señor conselleiro, que é practicamente o mesmo que en todos os anos anteriores.

Propoñemos coas nosas emendas un incremento neto de 475,2 millóns de euros, co que se acadarían os 13.000 millóns de euros de gasto non financeiro, con movementos de partidas orzamentarias que mobilizarían 766 millóns de euros, unha cantidade que representa unha variación da orde do 4 por cento sobre o total do gasto non financeiro consolidado presentado polo Goberno galego; un incremento orzamentario que permitiría poder atender á nova situación extraordinaria que estamos a vivir.



Unhas emendas que, non sendo as contas que os socialistas presentaríamos se estiveramos gobernando, si que pensan no presente e no futuro de Galicia, e si que pensan no presente e no futuro dos galegos e das galegas. Unhas emendas que reforzarían os fogares máis vulnerables, as clases medias e traballadoras, as empresas máis afectadas, os servizos públicos —nomeadamente, sanidade, educación e servizos sociais—, a industria, o emprego, a vivenda, a cultura, a mocidade, os maiores e o deporte. E hoxe, señores e señoras do Partido Popular, voltan ter a oportunidade de rectificar, aprobar as nosas emendas e así acertar.

Nós presentamos emendas ao articulado que melloran tres cuestións fundamentais: a primeira, mellorar a transparencia e o bo goberno deste Goberno galego, establecendo para cada un dos beneficios fiscais establecidos pola Xunta de Galicia os obxectivos que se perseguen, os indicadores de cumprimento e a quen están beneficiando máis. Non entendemos por que vostedes non aceptan esta claridade, esta transparencia nesos beneficios fiscais, que vostedes unha e outra vez anuncian como unha gran contribución, e que, non obstante, se negan a dar claridade de a quen están beneficiando en maior medida.

Nós tamén pedimos que se limite o importe máximo das transferencias de crédito entre partidas, salvo en determinados casos. Esta é unha consecuencia lóxica, posto que vostedes fan unha planificación orzamentaria totalmente deficiente, posto que ano tras ano, unha vez que se aproban os orzamentos, xa inician inmediatamente esas transferencias de crédito, esas modificacións de créditos, que nalgunhas partidas ademais se repiten todos os anos, señor conselleiro. Como aplicar o fondo de continxencia no Sergas; iso é habitual todos os anos; e non o dicimos os socialistas, señor conselleiro, dío o Consello de Contas; espero que vostedes non cuestionen o Consello de Contas; (*Murmurios.*) si, si, espero que non o cuestionen e que realmente lle fagan caso; dío o Consello de Contas, señor conselleiro...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...en todos os informes de fiscalización.

E vostede sabe perfectamente que, con tantas modificacións orzamentarias, os orzamentos que van saír hoxe e que vostedes van aprobar dentro duns meses pouco ou nada se van parecer a eses orzamentos, porque vostedes despois os aplican e os cambian segundo lles conveña.

Como non teño máis tempo, seguirei na segunda rolda.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, para fixar a súa posición sobre o ditame e as emendas, ten a palabra dona Noa Presas Bergantiños.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Bo día a todas e a todos.



Bo día tamén a vostede, señor conselleiro.

Ben, hoxe remata o debate do que serán os terceiros orzamentos dunha lexislatura que se esgota e na que temos diante un goberno cada vez máis esgotado, un goberno que xa ten demostrado nesta crise a súa incapacidade para dar respostas ou para impulsar este país nun momento crítico.

Porque, si, o certo é que estamos nun momento crítico como país e como sociedade. Atopámonos nunha crise de prezos absolutamente desbocada, que é xa estrutural e que ten consecuencias brutais no empobrecemento do conxunto da sociedade, pero especialmente en máis dun 30 por cento, naqueles que teñen máis necesidades. Unha crise de prezos na que, ademais, hai que recordar que arde sobre ardido. As consecuencias de hoxe golpean nunha sociedade que xa foi abrasada pola crise financeira do 2009 e as súas medidas e que xa sufriu tamén as consecuencias da pandemia.

E estamos tamén nun momento crítico a nivel mundial, cunha crise climática atravesada por enormes tensións xeopolíticas, polo control da riqueza e dos recursos; unha situación que tamén implica unha grande incerteza, e non só, tamén unha crise humanitaria á que non podemos ser alleos.

E estamos nun momento crítico tamén e no noso contexto máis próximo a nivel de Estado, onde estamos comprobando, aínda coa pel de galiña, que a separación de poderes é tan feble como un papel de seda. Como xa pasou no 2017 contra o Parlamento catalán e as súas decisións, vemos agora outra vez un Tribunal Constitucional desbocado e facendo algo gravísimo: impedir, pola vía dos feitos, que un parlamento debata e que un parlamento tome as súas decisións soberanas e democráticas. (*Aplausos.*) É un feito gravísimo, que confirma a escasísima separación de poderes no Estado español, que amosa a corrupción profunda política e xudicial do Estado español e que, desde logo, o que amosa é que a dereita fai o posible por ter todo atado e ben atado, sen o máis mínimo escrúpulo.

Polo tanto, isto, o que vivimos, non é un contexto calquera, e o debate dos orzamentos do ano 2023 debora responder a que temos que facer como país diante dun contexto que non é un contexto calquera, que é un momento extraordinario, con profundos cambios e retos. E a resposta a esa pregunta, a ese reto, deberán ser uns orzamentos extraordinarios no montante, nas medidas; uns orzamentos solventes, uns orzamentos solidarios, uns orzamentos xustos. Mais o que vemos neste proxecto de orzamentos que hoxe se aprobará é todo o contrario; érao o 20 de outubro e éo dous meses despois sen apenas cambios; cero, cero emendas no articulado, cero emendas no estado de gastos polo que atinxe ao meu grupo parlamentario.

E ben, a Galiza do 2023 volve ser unha Galiza que está ante un enorme temporal, outro máis nun curto espazo de tempo. E a resposta do Goberno —por moito que decoren o seu proxecto de orzamentos, a súa memoria, con metáforas meteorolóxicas— pois vén sendo máis do mesmo. Unha vez máis atopámonos ante uns orzamentos que son antisociais, que son inxustos, que son insolidarios e que o que fan é dar un novo golpe ás necesidades das maiorías sociais do noso país. E o peor de todo é que son así non só por incapacidade —que diso algo tamén hai—, senón que son así porque están pensados, letra a letra, número a número e



medida a medida, para facer o que xa fixo a dereita noutras crises: facer máis ricos os máis ricos e máis pobres os máis pobres.

Repítese, polo tanto, a historia. E o certo é que ao longo da humanidade homes e mulleres reflexionaron moito sobre a repetición da historia. Eu non lles vou citar a Marx, porque xa sei que renegan da dialéctica marxista, pero si que vou recordar un dos científicos máis importantes da nosa historia, Darwin. Darwin dixo: «a historia repítese e ese é un dos erros da historia». Pois agora estamos vendo iso: repítese a historia, repítese cada un dos erros, un a un.

E podemos resumir con titulares cal foi o saldo das últimas crises do que levamos de século. Despois da crise financeira no ano 2009 e 2010, o resumo da crise financeira vén sendo que xurdiu unha elite económica e acumula cada vez máis renda; só o 1 por cento situado no *top* da distribución da renda conseguiu ser o gañador da crise financeira e da posterior recuperación. Tamén o saldo da crise do 2009 vémosto resumido: (*A señora Presas Bergantiños mostra un documento.*) os máis ricos aumentaron a súa fortuna durante a crise; no 2008, o 44 por cento da riqueza de España estaba nas súas mans; no 2014, o 53 por cento. Pasa o tempo, 2020 e 2021, crise económica motivada fundamentalmente pola pandemia da covid, saldo: (*A señora Presas Bergantiños mostra un documento.*) Galiza sumou douscentos novos millónarios en plena pandemia e a súa riqueza bate récords, mentres o 50 por cento da poboación, practicamente o 50 por cento da poboación, confirma que chega con dificultades ou con moitas dificultades a fin de mes.

2022, volvemos estar nunha nova crise, desta vez agravada pola enorme inflación, e o saldo vén a ser, (*A señora Presas Bergantiños mostra un documento.*) os prognósticos económicos: os ricos serán máis ricos, haberá un 25 por cento máis de millónarios en España no 2026, a porcentaxe de riqueza que posúe o 1 por cento máis rico do mundo aumentou até o 45,6 por cento.

A historia repítese, ese é un dos erros da historia —dixo Darwin—, e nós desde logo temos claro, desde o Bloque Nacionalista Galego, que este país non pode permitirse repetir a historia. Queremos unha alternativa a esta estafa, queremos unha saída xusta e galega a esta crise, e por iso mantemos todas e cada unha das emendas ao articulado e ao estado de gastos, porque é unha necesidade imperiosa dar un xiro nas políticas económicas.

Esas partidas de gasto son importantes. A importancia do articulado desde logo non é menor. Son as pautas que regulan o traslado das decisións de gasto á realidade, e, polo tanto, pois obviamente rexeitando as decisións que toma o Goberno do Partido Popular nestes orzamentos, non podemos máis que rexeitar tamén as medidas incorporadas no articulado.

E, desde logo, ante un proxecto de orzamentos que é repetitivo e que segue os mesmos esquemas que os anteriores, pois evidentemente as nosas emendas tamén son repetitivas, son insistentes nas liñas que temos denunciado nos últimos anos. Chámase coherencia política.

Nós, desde o Bloque Nacionalista Galego, mediante estas emendas, mediante o proceso de debate que levamos durante estes dous meses, seguimos apostando por uns orzamentos na dirección contraria da proposta do Partido Popular; uns orzamentos que recuperen dereitos



roubados, uns orzamentos que dean a volta a que a propia Administración sexa a precarizadora de traballadores e traballadoras, uns orzamentos que blinden os servizos públicos.

Desde logo, chegar a este debate cunha Xunta condenada por non avaliar a tempo a sobrecarga do persoal médico da atención primaria debera ser suficiente para que rectificasen cada unha das comas deste orzamento, ademais de pedir perdón aos galegos e galegas por hipotecar un dos servizos máis prezados.

E uns orzamentos tamén que gobernen para a maioría social.

Eses son os tres eixos nos que se basean as nosas emendas: blindar os servizos públicos, recuperar dereitos e amosar outra forma de gobernar desde o diálogo e desde a protección á maioría social.

En primeiro lugar, hai unha batería de emendas que podemos abranguer baixo a epígrafe de blindar os servizos públicos. Facemos nestas emendas ao articulado propostas tan necesarias como a emenda número 3, para blindar por lei o compromiso de que baixo ningún concepto, se hai que facer modificacións nos orzamentos, se retraerán daqueles que financian os servizos públicos básicos. E a pregunta que temos é moi clara: se non teñen pensado facer recortes, ¿por que non aproban esta emenda? Se non teñen pensado cando o Estado español, cando a Unión Europea, cando a condicionalidade dos fondos europeos obrigue a reducir orzamentos, retraelos outra vez, como xa fixeron, da sanidade ou do ensino público, ¿por que non aprobar esta emenda? ¿Por que non comprometer na Lei dos orzamentos que nin un só céntimo será furtado da materia dos servizos públicos básicos? Saben vostedes por que non o fan, saben vostedes por que non o fan: porque cada crise económica é aproveitada pola dereita para debilitar os servizos públicos, e van volver facelo. Esa é a razón de que non acepten esta emenda un ano máis.

Na mesma liña incorporamos emendas como a número 21, para impedir máis privatizacións e máis descapitalización da sanidade pública, para impedir operacións como a do Hospital de Vigo, que xa vimos o seu resultado. O exemplo da área sanitaria de Vigo é o exemplo do contrario do que hai que facer e fala por si mesmo.

Propoñemos tamén, no sentido contrario ao que ten feito o Partido Popular, sentar as bases para iniciar o rescate destas concesións privadas e o seu retorno ao sistema público.

E se nunha crise é fundamental blindar a sanidade pública para garantir a igualdade da cidadanía, tamén o é o ensino público. Nese sentido incorporamos emendas en dous sentidos: por unha banda, reducir a ofensiva do Partido Popular para recortar prazas pola calada e aumentar a parcialidade, tamén para poñer fin á barra libre do financiamento dos centros de ensino privado. Por exemplo, a través da emenda número 24, para impedir que a Xunta poida incrementar o número de unidades concertadas nos centros educativos. Isto é especialmente importante estando no final da lexislatura, porque xa sabemos da querenza que ten o Partido Popular de aprobar prórrogas á educación privada cando están en tempo de desconto, por se hai un posible cambio de goberno. Polo tanto, se non teñen vontade de seguir facendo este tipo de manobras claramente antidemocráticas, pois vostedes o que farían sería incorporar esta medida.



En segundo lugar, temos tamén unha batería de emendas que van arredor da recuperación de dereitos, a comezar polos traballadores e traballadoras da Administración pública. Porque, sentenza tras sentenza, estamos a ver como é a propia Xunta de Galiza un modelo de precarización, e, polo tanto, introducimos emendas para recuperar dereitos. Algunhas sintomáticas de como as medidas que vostedes toman cando hai unha crise económica empregándoa como coartada, non as retraen cando hai unha mellora dos datos económicos.

Refírome, por exemplo, ás emendas que teñen que ver coa recuperación dos dereitos suspendidos no V Convenio colectivo do persoal laboral da Xunta. A mesma Xunta, que nestes orzamentos decide regalar 34 millóns de euros aos sete mil galegos máis ricos, é a mesma Xunta que nega recuperar dereitos como os deste convenio colectivo que fan referencia a cuestións como libranzas e outra organización do traballo, simplemente para escatimar recursos e recortar ata o último céntimo posible a costa de traballadores e traballadoras como as das residencias públicas do noso país.

E, en terceiro lugar, temos tamén un grupo de emendas que fan referencia a que hai unha necesidade e hai unha posibilidade doutra forma de gobernar, a forma de gobernar que tería un goberno liderado polo BNG.

En primeiro lugar, incorporamos unha serie de emendas relacionadas co traballo cos concellos, porque acreditamos que hai outra forma de relacionarse coas entidades locais, e que é xa suficiente a constante práctica da Xunta de Galiza de imprimir aos concellos do noso país competencias que non lles son propias para aforrar ela custos.

Temos debatido neste último mes moito sobre a necesidade de fortalecemento, por exemplo, dos centros de información á muller ou sobre a situación das traballadoras do servizo de axuda no fogar, que hai pouco desenvolveron unha intensa folga ao longo do país.

Nós, desde logo, neste articulado incorporamos medidas para traballar en colaboración cos concellos, para traballar de forma honesta e de forma clara cos recursos dos galegos e das galegas, facendo o contrario do que vén facendo o Partido Popular.

Incorporamos tamén nese sentido unha batería de emendas que van relacionadas coa necesidade dun maior control orzamentario e tamén coa necesidade de maior transparencia, porque desde logo a falta de control orzamentario, como amosa o abuso do recurso ao Fondo de Continxencia, como amosa a práctica fraudulenta constantemente sorteando os límites da lexislación coas modificacións orzamentarias que pintan primeiro vostedes un orzamento e despois executan outro, desde logo o que afondan é na falta de control. E nós acreditamos en que o Goberno galego debería traballar doutra maneira.

Polo tanto, estas son as emendas, que presentamos unha vez máis a este articulado dos orzamentos, —insisto— afondando en blindar os servizos públicos, en recuperar dereitos e en garantir outra forma de gobernar máis dialogante e con outra actitude.

E, en conclusión, pois temos que emendar este articulado unha vez máis, como mantemos as emendas tamén ao conxunto do estado de gastos, porque estes orzamentos verifícanse como absolutamente inútiles neste contexto. Só han de servir para seguir deixando unha



Galiza cuns servizos públicos máis deteriorados, unha Galiza máis desigual na que o Goberno, no lugar de empregar os instrumentos que ten para facer máis igual a sociedade, vai favorecer esa desigualdade, privilexiando máis a quen máis ten en detrimento das maiorías sociais. E, desde logo, entendemos que ese non é o camiño que hai que seguir.

Estas emendas van en coherencia tamén coas que formulamos ao estado de gastos, onde priorizamos as alternativas que debería haber neste momento de crise e van en coherencia tamén coas emendas á Lei de acompañamento.

E, en conclusión, señorías, nós insistimos: Galiza é un gran país, estamos no medio dunha crise poliédrica, unha situación tremendamente complexa, mais o certo é que temos tamén unha enorme potencialidade, temos recursos, temos talento e o que precisaríamos sería alternativa. E aínda neste marco tan limitado do debate orzamentario, nun marco tan limitado onde a capacidade que temos de exercer a soberanía política, fiscal e financeira como país é limitada polas decisións do Estado e por un goberno que realmente non cre no autogoberno, aínda así, coa limitación deste marco, hai e haberá marxe para mellorar a vida dos galegos e das galegas.

O noso país non pode soportar outra crise que sexa unha desculpa para reincidir nesas políticas centralistas e neoliberais que o que fixeron antes foi rescatar inmobiliarias e a Banca mentres abandonaba a xente. Nós acreditamos en que hai alternativa e seguiremos insistindo para que o noso país teña unha saída xusta e galega a esta crise e evitar repetir estafas do pasado. Por nós non vai quedar, para que a historia non se repita.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señora Presas.

Antes de dar paso ao seguinte grupo parlamentario, doulles a benvinda e un afectuoso saúdo aos alumnos e alumnas de 3º do IES Plurilingüe Pedra da Aguia, de Camariñas. Benvidos a esta casa a todos eles e ao equipo docente.

Ten agora a palabra, por parte do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, para fixar a posición sobre o ditame, dona Cristina Sanz Arias.

A señora SANZ ARIAS: Grazas, presidenta.

Bo día, señorías.

Señora Rumbo, señora Presas, este grupo parlamentario, o Grupo Popular, considera que o realmente democrático é respectar as institucións democráticas. Lamentamos que as voceiras dos grupos da oposición non compartan esta idea. (*Aplausos.*)

Galicia sempre estivo á altura nos momentos máis difíciles. Para iso, os galegos empregamos unha fórmula que nos axudou a superar todas as adversidades, tamén durante os tempos máis difíciles e máis duros da pandemia. Falamos do sentidiño. E esta mesma ferramenta,



o sentidiño, volve aplicarse na elaboración dos orzamentos da Xunta de Galicia para o ano próximo. Fálolles dunhas contas axeitadas, dunhas contas proporcionadas, dunhas contas realistas, pensadas para dar a Galicia o impulso que realmente precisa neste momento. E facémolo, unha vez máis, como vén acontecendo nos últimos trece anos, tras ser presentadas, tras ser tramitadas, tras ser debatidas e hoxe, se así o estima este pleno, aprobadas en tempo e forma, como así foi sempre e así sempre será con este goberno.

Un feito diferencial que é froito da estabilidade e unidade do Goberno galego e tamén da confianza que os homes e mulleres deste país depositan no Partido Popular. Unhas contas, en definitiva, pensadas para favorecer todo o que estea na nosa man para axudar, para protexer e para acompañar as familias galegas e para proporcionar certezas aos cidadáns e ás empresas.

Señorías, estes son os orzamentos máis altos da historia de Galicia, 12.620 millóns de euros, que supoñen un incremento dun 8,5 por cento respecto aos orzamentos do ano pasado e que nos permitirán dispoñer de mil millóns de euros máis para o desenvolvemento das políticas públicas. Pero tamén son os máis altos, porque somos conscientes de que son moitas as necesidades, os retos e os desafíos que debemos atender. ¿O máis importante? Blindar os servizos públicos e estar ao carón dos que máis o necesitan. De feito, estes orzamentos contan co maior gasto social da nosa historia, 9.368 millóns de euros. *(Aplausos.)*

Tres de cada catro euros destinarémolos á sanidade, á educación, á política social e ao emprego, marcadas como prioridades de gasto polo noso presidente Alfonso Rueda.

Unhas contas que suman novas rebaixas de impostos, algunhas con efectos retroactivos xa desde este mesmo ano. Nesta materia Galicia seguirá construindo unha política fiscal realista, progresista e sustentable.

E, finalmente, no ámbito financeiro, unhas contas que reducen á metade o recurso ao endebedamento. Cada galego debemos hoxe 2.274 euros menos dos que debiamos no ano 2008.

Estes orzamentos, señorías, plasman a política económica do Goberno galego, centrando os esforzos en cinco eixos. Primeiro, en garantir a estabilidade de prezos e axudar os colectivos máis afectados pola inflación crecente. Segundo, en recuperar o nivel prepandemia da actividade e do emprego na economía galega. Terceiro, en promover os investimentos estruturais precisos para acadar un tecido económico máis moderno, máis produtivo e máis sustentable. Cuarto, en impulsar proxectos transformadores da nosa economía. E quinto, en proseguir coa modernización dos servizos públicos fundamentais: sanidade, educación e servizos sociais, que supón o grosor do bloque competencial do noso autogoberno.

Correspóndenos agora falar do articulado da Lei de orzamentos, que é a columna vertebral das políticas públicas que se van desenvolver durante o ano próximo. Centrareime, moi brevemente, nas emendas presentadas polo meu grupo, o Grupo Popular. Son un total de nove. As seis primeiras están dirixidas a aclarar que as previsións orzamentarias incluídas neses orzamentos no eido universitario atinxen exclusivamente as universidades públicas galegas. Outra, para actualizar a subida salarial do profesorado e dos traballadores da escola concer-



tada nas mesmas condicións que os traballadores da ensinanza pública. Unha autoemenda, na que se introduce o compromiso adiantado polo presidente Alfonso Rueda para incrementar nun ano o límite de idade das mozas e mozos que poidan beneficiarse dun aval para a compra da súa vivenda, pasando de 35 a 36. E, finalmente, a relativa á actualización do Fondo de Cooperación Local.

E permítanme que me deteña un momento neste aspecto, porque ás veces non se está a dicir a verdade sobre este tipo de fondo. Galicia é unha das poucas comunidades que dispón dun fondo incondicionado de apoio directo aos concellos para a participación dos ingresos da Comunidade a través dos orzamentos e distribuído cuns criterios obxectivos. Lonxe de reducirse, nos orzamentos do ano 2023 a Xunta incrementa o Fondo de Cooperación Local nun 14 por cento; son 17,4 millóns de euros adicionais, que o sitúan nunha dotación de 143,4 millóns de euros. Ademais, o aumento no importe adicional está destinado a financiar aqueles servizos que máis demanda a cidadanía: centros de saúde, conservatorios, centros de emerxencia, etc.

Pero, por se isto non fora pouco, a maiores, os concellos recibirán no ano 2023 apoio a través doutras liñas de axudas, de xeito que a contía total ascende a 564,3 millóns de euros, é dicir, un 15,5 por cento máis que en 2022.

Señorías, ser leais a Galicia non é criticar estes recursos. Ser leais a Galicia é seguir reclamando ao Goberno central que acelere a aprobación de novos sistemas de financiamento local que garantan a suficiencia económica dos concellos.

Señora Rumbo, respecto da súa referencia á inflación, a metade das medidas contra a inflación que citou adoptounas o Goberno de Sánchez a regañadentes, despois de que as propuxera o PP..., (*Murmurios.*) despois —se me permite, continuo— de que as propuxera o PP e de negarse a adoptalas durante meses. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*) Que lle explique o PSOE a calquera persoa, a calquera cidadán que vai ao supermercado que en España os prezos van estupendamente. O leite subiu ao redor dun 30 por cento, o aceite outro 30 por cento, os ovos un 26 por cento, o pan un 15 por cento, a carne entre o 13 por cento e o 14 por cento, a froita un 12 por cento, as hortalizas un 10 por cento. Son as maiores subidas en trinta e catro anos, segundo a OCU, pero a inflación en España vai estupendamente.

Señorías, ano tras ano neste debate vostedes repiten os seus mantras: o PP mantén este articulado, o mesmo articulado, o PP non acepta as nosas emendas. Eu teño que dicirlles que están errados, que ningunha destas dúas afirmacións son certas.

O articulado da lei estruturase en 6 títulos, 17 disposicións adicionais, 3 transitorias e 3 derradeiras. A maior parte deste articulado refírese a regras orzamentarias básicas, como os gastos de persoal e as súas retribucións, as operacións de endebedamento e avais e a xestión orzamentaria, materias polo que no seu contido é lóxico que haxa coincidencias ano tras ano.

Señorías, vostedes saben tamén que os debates orzamentarios son sempre un exercicio interesante de contrastes. Por iso, permítanme que dirixa a mirada agora ao que fai o PSOE e



os seus socios en Madrid. Como seguro saberán, o Goberno de Pedro Sánchez vetou máis de mil emendas, duascentas delas do Grupo Popular, que nin tan sequera puideron debaterse, algo que sería impensable que sucedese nesta cámara. En Galicia, cun goberno no que temos maioría absoluta, todos os grupos, da oposición e do grupo maioritario, podemos defender as nosas emendas, por moi disparatadas que algunhas delas fosen; e incluso incorporamos neste grupo parlamentario aquelas que estimamos convenientes, dúas por aceptación directa do Grupo Socialista e unha transaccionada con este grupo.

Sabemos que dentro deste salón de plenos hai quen fala de rodillo. Quizais por iso, no canto de exercer un labor de oposición crítica, leal e construtiva, dedícanse a pedir imposibles ou a facer un corta e pega de emendas de anos anteriores.

Señorías, estamos no Nadal e o Nadal é unha época de tradicións. Vir a esta cámara e ler as súas emendas tamén é unha tradición navideña. Dá igual que os problemas e as necesidades da sociedade galega cambien, dá igual que cambien os orzamentos, incluso que esteamos sufrindo as consecuencias dunha pandemia ou dunha guerra en territorio europeo. O que non cambian nunca son as súas emendas, que son como o anuncio do *Almendro: vuelven a casa por Navidad*. E digo isto porque a metade das rexistradas polo Bloque Nacionalista de Galicia e a metade das rexistradas polo Partido Socialista son repetidas. Xa están vistas, vímolos o ano pasado, o ano anterior, o anterior do anterior e o anterior do anterior. Comprenderán vostedes que así é moi complicado chegar a acordos, se vez tras vez nos presentan emendas que xa foron rexistradas, que xa foron debatidas e que xa foron rexeitadas. E, polo tanto, teño que repetirlles o mesmo que lles levamos dicindo no Grupo Parlamentario Popular todo este tempo: non son aceptables.

Ben, señora Presas, outro ano máis, case a metade das súas emendas, 14 de 32, son directamente ilegais ou de imposible execución material. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Un pouco de respecto, por favor, que non ten o uso da palabra. Estou a falar, por exemplo, das relativas ao réxime retributivo dos empregados públicos, ao que cobran os funcionarios. Vostedes propoñen que incrementemos os salarios dos empregados públicos por riba do límite marcado polo Goberno de Pedro Sánchez. Supoño que o BNG presenta esta emenda porque queren quedar ben cos funcionarios. Pero tamén supoño que vostedes saberán que están facendo trampas, porque non se poden aprobar subidas superiores ás establecidas na normativa estatal. Esta lei dos orzamentos que estamos debatendo xa contempla a aplicación da subida máxima aos funcionarios en Galicia. Emenda incumprindo a normativa básica, pero parece que iso non lles importa. Porque esa é a oposición que temos en Galicia.

E a outra metade das súas emendas, señora Presas, son calcadas aos anos anteriores. Gústalles eliminar cuestións sobre o réxime orzamentario que son imprescindibles para o funcionamento ordinario da Administración pública.

Señora Rumbo, vostedes chegaron incluso a situacións máis rocambolescas, como votar en contra das nosas emendas para que as previsións contidas no articulado dos orzamentos referidas ás universidades galegas se aplicasen unicamente ás universidades públicas galegas. ¿De verdade que non saben que hai unha universidade privada en Galicia? ¿Como poden votar



en contra desta emenda? Miren a coherencia: primeiro votan en contra da creación desta universidade e agora pretenden impedir que as achegas da Xunta para as universidades galegas sexan exclusivamente para as públicas. Vostedes, que tanto presumen de defender os servizos públicos, en cambio aquí actúan como os mellores defensores, mellores amigos das universidades privadas. (*Murmurios.*) Non meditan o que votan ou, aínda peor, denotan bastante sectarismo. Vostedes votan «non» simplemente por ser unha emenda feita polo Partido Popular.

Por último, tanto no caso do BNG como no do PSOE as emendas que vostedes presentan suporían un incremento desmesurado do estado de gastos.

Pero, ademais, tamén teño outra vez para vostede, señora Rumbo: fano con moi pouca coherencia. Fíxense: no ano 2022 o PSOE propoñía un incremento do orzamento de 204,5 millóns de euros e para o 2023, cando dispoñemos de máis de 1.000 millóns de euros de recursos extraordinarios adicionais respecto do ano anterior, vostedes disparan esa cifra e queren aumentala en máis de 475 millóns de euros. Incoherente. Nesta cuestión ata superan o incremento proposto polo BNG, que queda en 233 millóns de euros. E todo isto sabendo que este tipo de emendas vai en contra do Regulamento deste parlamento, xa que afectan a contía global dos estados dos orzamentos e, polo tanto, son emendas á totalidade, debatidas noutro momento, e non emendas parciais. Pero supoño que para vostedes todo vale, o papel todo aguanta.

Conclúo xa. Educación, sanidade, emprego. É evidente que seguimos tendo moitos e importantes retos como sociedade. Permítanme que me deteña neste último, no emprego. A realidade é que hoxe contamos no noso país con máis emprego e de mellor calidade que en tempos prepandemia, con máximos históricos de afiliación, e seguimos mantendo un diferencial positivo co resto de España. E, paralelamente —un dato realmente importante—, acadou Galicia a cifra de paro máis baixa nun mes de novembro de toda a serie histórica; nunca o paro estivo máis baixo en Galicia en toda a serie histórica nun mes de novembro.

Ben, señorías, conclúo. Hoxe estes orzamentos, mal que lles pese, responden ás necesidades dos fogares e das familias galegas e ás necesidades do tecido empresarial do noso país. Estes orzamentos, a diferenza do que acontece nos que se elaboran en Madrid, non responden á necesidade de supervivencia política do presidente de turno. Estes orzamentos están pensados para a Galicia de hoxe e para a Galicia das xeracións futuras. En definitiva, uns orzamentos históricos que reforzan o gasto social, que apoian as familias e os colectivos máis vulnerables, que sofren a caída do poder adquisitivo, e que blindan as infraestruturas sanitarias.

Señorías, son as contas que Galicia precisa. Teñen a opción de rectificar, pensen en Galicia e non voten en contra.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señora Sanz.



Continuamos coa rolda dos grupos parlamentarios para que se definan sobre as emendas defendidas polos demais.

Por tempo de cinco minutos, ten a palabra dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señora presidenta.

Señora Sanz, voulle facer simplemente catro puntualizacións. Mire, ¿o Congreso dos Deputados para o Partido Popular non é unha institución democrática? Porque vostedes, con estas actitudes, tendo en conta que os integrantes conservadores que votaron a favor para que se impida esta votación no Congreso dos Deputados teñen nomeamentos caducados, están furtando o debate lexítimo dos representantes da Cámara, do Congreso, os representantes lexítimos da cidadanía.

O que pasa é que o Partido Popular entende que, cando vostedes non gobernan, o resto dos grupos non teñen dereito a gobernar naqueles lugares onde gañaron democraticamente nas urnas. E hai que entender, cando se gana, como nós entendemos aquí que vostedes son maioría, tamén cando se perde. E vostedes no Goberno do Estado perderon o Goberno, (*Aplausos.*) e a vostedes iso que lles doe tanto: o Partido Socialista en coalición con Unidas Podemos.

Señora Sanz, tamén vostede fala de que Galicia estivo á altura nos momentos máis difíciles. Pois mire, non lle vou repetir os datos que lle adiantei na miña primeira intervención, pero que lle repito que son peores en Galicia que para o resto do Estado.

E vostede fala dunha suba de prezos e que a inflación en España está moi ben. Eu non dixen iso nin o mantiven en ningún momento no meu discurso. Simplemente dixen que as medidas do Goberno do Estado rebaixaron substancialmente a inflación que estamos a padecer no noso país. Pero tamén lle dixen e lle repito, señora Sanz, que en España está nun 6,6 por cento no mes de novembro fronte a un 7,5 por cento en Galicia. Polo tanto, entendemos que en Galicia non están facendo todo o que deberan facer para baixar a inflación na nosa Comunidade. (*Aplausos.*)

E, por certo, señora Sanz, vostede apela ao sentidiño, pero eu quérolle recordar que sentidiño cada un ten o seu.

En fin, vou seguir co resto das emendas que non tiveron ocasión de expoñer na miña primeira quenda.

Os socialistas non entendemos por que o Partido Popular rexeita, por exemplo, que se poida facer un seguimento transparente dos fondos europeos, para que toda a cidadanía poidamos coñecer exactamente cal é o grao de cumprimento e o grao de execución destes fondos que recibe, en liña tamén co que recomenda o Consello de Contas, señores e señoras do Partido Popular. Ou tampouco entendemos por que votan en contra de que os contratos de colaboración público-privada non se empreguen para financiar investimentos no ámbito dos servizos públicos básicos, que teñan un prazo máximo de vinte e cinco anos e que se elabore un estudo de sostibilidade das finanzas públicas que determine eses límites para poder establecer esa colaboración público-privada.



Tampouco entendemos por que a Xunta de Galicia non quere ou vostedes van votar en contra de que a Xunta elabore un plan de publicidade e comunicación institucional que reflecta todos os gastos en información, divulgación, propaganda ou publicidade que realiza a Xunta de Galicia e que teñan un orzamento. Nós xa sabemos que vostedes están acostumados a meter, agochar en partidas como inmovilizado material determinados recursos que se adican a esa publicidade e propaganda da que vostedes viven continuamente durante estes trece anos. Se non é así, señor conselleiro, ¿por que non votan a favor? ¿Por que non fan un plan de publicidade e comunicación institucional?, que tamén o pide o Consello de Contas, señor conselleiro. Ou unha oficina de avaliación de políticas públicas, co obxectivo de contar con indicadores cuantitativos e cualitativos destinados a medir a eficiencia, a eficacia e a efectividade social das accións das diferentes consellerías. Explíquenos por que votan en contra tamén desta emenda, que o único que busca é ver se aquilo que anuncian... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Entón, explíqueme por que o Consello de Contas o pide nos seus informes de fiscalización anual, ano tras ano. Tampouco están de acordo co que di o Consello de Contas. Pois dígallo ao Consello de Contas e cando non apareza ou apareza como unha recomendación aceptada e cumprida nós pararemos de pedila. Porque, mentres o Consello de Contas diga que non a acepta, que non a cumpre, nós seguiremos a pedir aquí que o fagan. (*Aplausos.*)

E mire, outro grupo das nosas emendas pasa por reforzar os servizos públicos, a través ¿de como?: da mellora dos profesionais públicos, dos traballadores públicos, posto que os traballadores públicos son a esencia para unha prestación de servizos de calidade para a nosa cidadanía.

Voulle poñer, por exemplo, un exemplo en sanidade —xa que está aquí o conselleiro de Sanidade—. Están a tempo, señor conselleiro, de recompoñer o tremendo ridículo que están facendo coas propostas de reducir o número de pediatras dicindo que, claro, agora nos temos que centralizar, e os que vivimos no rural nos temos que desprazar ás cidades para que atendan os nosos nenos. (*Murmurios.*) Si, señor conselleiro, iso foi o que dixó. Si, si, non lle faga así, porque sabe perfectamente que o dixó unha responsable que está ao seu cargo: substituír as consulta presenciais por tablets ou converter o persoal de enfermería en médicos ou médicas. É un auténtico ridículo o que están proponendo.

Están a tempo, acepten as nosas emendas e seguro que con iso rectificarán e cumprirán moito mellor con toda a cidadanía.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señora Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Ben, pois como vexo que non teño moito tempo, simplemente dicirlle, señora Sanz, que no caso do financiamento das corporacións locais a verdade é que non podo parar moito, pero, ben, mañá teremos a ocasión de interpelar o conselleiro con competencias na materia, para explicarlle novamente a vostede e a todos os deputados e deputadas do Partido Popular o que é o Fondo de Cooperación Local, e iso que vostedes proponen non é un fondo de cooperación local. O que pedimos os socialistas é que eses 43 millóns de euros se incorporen ao Fondo de Cooperación Local e que sexan os gobernos locais, os gobernos dos concellos, os que decidan como gastan os seus recursos, e non que llelo decidan vostedes a través deses convenios...



A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...de colaboración que favorecen os que teñen gobernos do Partido Popular.

Como non teño máis tempo, acepten as nosas emendas, que seguramente rectificarán e será moito mellor para todos os galegos e todas as galegas, e Galicia sairá moito mellor.

Grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Quenda para o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, novamente, dona Noa Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, presidenta.

Ben, xa sabemos que no dicionario do Partido Popular democrático é o que o Partido Popular diga que é democrático.

Miren, se respectar as institucións é vulnerar a capacidade, vetar a capacidade dos parlamentos de debater e de tomar as decisións soberanas que consideren, pois, señores do Partido Popular, iso será democracia para o Partido Popular, pero para o resto do mundo é golpismo e é antidemocracia. (*Aplausos.*)

E miren, eu xa o dixen na miña intervención inicial. Evidentemente, co articulado —que é o regulamento, por así dicilo, da aplicación do estado de gastos—, a realidade é que, pois, evidentemente, ante un proxecto repetitivo, as nosas emendas reinciden nas mesmas necesidades que os últimos anos. Porque vostedes levan facendo nas tres crises anteriores o mesmo que pretenden nesta, que é aproveitala para á custa da maioría social privilexiar unha minoría. E, polo tanto, efectivamente, as emendas do Bloque Nacionalista Galego serán reiterativas e defenderemos todas as veces que sexa necesario que hai unha alternativa a esa estafa permanente, e farémolo nas nosas emendas.

E miren, desde logo, se as nosas son reiterativas, as súas o que son é as emendas das *fake news*, o articulado das *fake news*. Porque pasa como coa definición de democracia: poñen uns apelativos, uns adxectivos, unhas descrições dos orzamentos que unha cousa é o que sae pola boca do Partido Popular e outra o que logo sae publicado no *Diario Oficial de Galicia*.

Varios exemplos. Primeiro, pintan vostedes un orzamento en xeral que logo non se cumpre, porque despois a execución e as modificacións orzamentarias deixan un saldo diferente cando chegan en marzo do ano seguinte.

Pero, en todo caso, indo a unhas cuestións, os máis sociais da historia. Ben, ese é un *leitmotiv* que vostedes repiten ano tras ano e que non se corresponde coa realidade. Primeiro, xa por-



que, se temos en conta a evolución da inflación, o sobrecusto da prestación dos servizos públicos e que non se actualiza o orzamento suficiente, iso xa queda de por si desmontado. Pero é que podemos ver o retroceso con exemplos concretos.

Atención primaria. Que perdeu vostede unha ocasión de desculparse aquí coa sociedade galega por acabar de ser a Xunta condenada por non anticiparse aos problemas que coñecía de atención primaria para que a atención primaria chegase ao punto no que está, porque é algo tamén orquestrado e planificado. Ben, atención primaria, os orzamentos máis sociais da historia. ¿Que pasa se descontamos a inflación? Que a atención primaria ten hoxe 321 millóns menos do que tiña, por exemplo, no 2009. E hai trece anos, cando alguén chamaba ou pedía cita para o médico, non tiña que esperar ata quince días, como pasa neste país; ou xa, directamente, confiar en que veña un milagre para que vexa un pediatra ou unha pediatra o seu fillo ou a súa filla, señora Sanz.

Poñamos outro exemplo: saúde mental. Eu non sei se vostedes leron hoxe a prensa cos últimos datos sobre saúde mental a nivel de Estado: «2021, un novo máximo de suicidios con 4.003 falecidos. Galiza, a segunda taxa máis alta», o 12,5 por cento. Esta é a realidade. E, mentres esta é a realidade, ¿cantas partidas específicas hai nestes orzamentos para a saúde mental, señora Sanz?, ¿cantas? ¿Sábeo vostede? Dígollo eu: ¡ce-ro!, cero partidas específicas para atención á saúde mental. ¿E sabe vostede cal é a media, segundo un informe do Consello de Psicólogos deste país e o Movemento Galego pola Saúde Mental, para que un galego ou unha galega acceda a unha primeira consulta? Seguro que o sabe o conselleiro de Sanidade: dez mil persoas. ¿Canta era esa lista de espera no ano 2008, señor conselleiro? Menos, un 25 por cento menos; (*Murmurios.*) si, efectivamente, un 25 por cento menos no 2008. E non o dicimos nós, dío o Consello de Psicólogos deste país e dío o Movemento Galego pola Saúde Mental. Esta é a realidade da deterioración dos servizos públicos que patrocina o Partido Popular.

E mire, tamén son un pouco de chiste as súas emendas, porque que engadan a palabra «pública» —que se lles olvidou no articulado dos orzamentos— non quita a gravidade da drenaxe de recursos públicos á privada que patrocina o seu Goberno, sexa na cuestión das residencias de maiores, sexa no financiamento do ensino privado ou sexa nos concertos á sanidade privada. Iso, señora Sanz, non é blindar os servizos públicos.

E quería referirme a algunha cuestión máis, xa telegraficamente. Fala vostede tamén —outra *fake news*— de que axudan os máis prexudicados pola pandemia. ¡Mentira unha e outra vez! Porque meten unha reforma fiscal nestes orzamentos que privilexia os sete mil máis ricos, cando, evidentemente, nun contexto inflacionario por algo se lle chama o imposto das e dos pobres, porque afecta máis a quen menos ten. E iso dío calquera organismo económico, iso demóstrano os datos do Instituto Galego de Estatística e incluso pois poden ver vostedes informes —nada sospeitosos de ser afíns ao BNG— como o de Intermón Oxfam, que estima que afecta un 30 por cento máis aos máis pobres. E, diante diso, o que fan vostedes é regalar millóns aos máis ricos e suprimir dereitos e elementos nos que avanzamos, como a Tarxeta Básica. E o que fan é, por exemplo, non subir coherentemente a Risga, as pensións non contributivas, as axudas á violencia machista, etc., etc. Polo tanto, unha e outra vez insistiremos coas nosas propostas, tamén hoxe pola tarde.



E, en último lugar, referirme tamén brevemente á cuestión da débeda —que non me deu tempo na miña primeira quenda—. É que xa é de delito que veñan aquí co discurso da débeda. Vostedes triplicaron a débeda desde o inicio do seu mandato ata os 14.156 millóns de euros. Debemos máis do que supón un orzamento da Xunta nun só ano, señora Sanz. E iso non serviu para blindar a sanidade pública, non serviu para mellorar a vida dos galegos e das galegas. E, se en 2008 a débeda supuña un 6,8 por cento do produto interior bruto, hoxe o 18,4 por cento.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Por iso temos cousas nestes orzamentos como que a partida do pago de xuros incrementa un 48 por cento as súas contías, cando podían destinar iso a financiar a Tarxeta Básica.

En conclusión, rexeitamos este articulado, como rexeitamos os orzamentos, porque van ser inútiles para responder á crise de prezos que vive este país e para compensar os galegos e galegas polas consecuencias negativas que xa arrastran da pandemia da covid e da anterior crise. Son uns orzamentos absolutamente inxustos, insolidarios e antisociais, e, desde logo, terán a nosa oposición neste debate e no que queda de lexislatura, confrontando un modelo alternativo. Porque, como dixen antes, por nós non vai quedar para que a historia non se repita e nesta crise teñamos unha saída que sexa xusta e que sexa galega.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Pecha este punto, polo Grupo Parlamentario Popular, tamén por cinco minutos, dona Cristina Sanz.

A señora SANZ ARIAS: Ben, grazas de novo, presidenta.

Señora Rumbo, xa que lle gusta tanto o debate e o defende tanto e dado que estamos falando do orzamento, ¿que opina de que o Congreso vetara as dúscenas emendas do Grupo Popular que nin tan sequera se puideron debater? Terá algunha opinión sobre esa falta de debate. Ben, en calquera caso, nós imos ao tema.

Señorías, voltan vostedes co seu mantra de sempre, co mantra dos recortes. O que está recortado é o traballo dos grupos da oposición, porque seguen vostedes coas mesmas críticas aínda que esteamos cos orzamentos máis altos da historia de Galicia. ¿Onde están os recortes, señorías? Incrementamos o gasto social, señora Presas —xa llo dixen—; 9.368 millóns de euros, 700 millóns de euros máis que neste ano no que estamos. O gasto en sanidade medra para o próximo ano 383 millóns de euros, que permitirán, por exemplo, a creación de 134 novas prazas nos centros de saúde de atención primaria ou destinar máis de 1.500 millóns de euros só para atención primaria.

Señora Presas, respecto da súa referencia a que o orzamento non incorpora nin un só euro á saúde mental —que é un tema que realmente a este grupo parlamentario tamén lle preo-



cupa moito—, pois sinto dicirlle que iso non é certo, xa que no orzamento hai, por exemplo, unha dotación orzamentaria para crear 61 novas prazas previstas no Plan de saúde mental e que o gasto anual con este incremento en persoal en saúde mental se incrementou en 10 millóns de euros respecto do ano 2019, antes de implantar o plan.

Ben, ¿o gasto en educación? Pois o gasto en educación medra 142,8 millóns de euros, e esta consellería contará cun orzamento de 2.896 millóns de euros, o máis alto da súa historia, por terceiro ano consecutivo, que permitirán a Galicia seguir sobresaíndo en numerosos indicadores, como todos os informes PISA, que ratifican a calidade do noso sistema educativo.

O gasto en política social disporá de 150 millóns de euros máis en 2023, ata acadar os 1.077 millóns de euros, que permitirán, por exemplo, continuar coa gratuidade das escolas infantís desde os 0 anos para todas as familias galegas. ¿Onde están os recortes, señorías da oposición?

Tamén se incrementan os recursos da Consellería de Promoción de Emprego e Igualdade nun 13,52 por cento, para chegar a un total de 431 millóns de euros, que é a maior contía de toda a súa serie histórica. Permitirán accións como a renovación integral de todas as oficinas de emprego, ao implantar un novo sistema de orientación laboral.

¿Onde están os recortes, señorías da oposición? É que non os hai, non os hai; esa é a realidade, non hai recortes.

E outro mantra que vostedes repiten é que estas contas non son reais, baseándose no argumento da baixa execución ou das modificacións orzamentarias.

Respecto da baixa execución —un argumento ao que se recorre insistentemente tanto en comisión como hoxe neste pleno—, señorías, a execución orzamentaria non funciona como unha foto fixa, polo que o balance ten que facerse ao peche do exercicio. Neste sentido, xa coñecemos o peche do ano 2021, que arroxou un déficit dun 0,15 por cento, o que supón que temos executados os recursos dispoñibles na súa totalidade. Ou coñecemos a Conta xeral do ano pasado, que indica literalmente que a Xunta acadou unha execución do orzamento consolidado de gasto do 95,2 por cento nese ano. Galicia executou máis que Asturias, executou máis que Castela-A Mancha ou executou máis que a Comunidade de Valencia. Ou coñecemos o informe presentado no Consello da Xunta polo señor Corgos a semana pasada, que conclúe que Galicia leva executado máis do 93 por cento dos fondos estruturais relativos ao período 2014-2020 e prevé executar a súa totalidade antes do prazo límite previsto, que sería o 31 de decembro do ano que vén. Recompilo: datos oficiais, execución do 95,2 por cento, execución do 93 por cento. ¿Onde está a falta de execución, señorías da oposición?

Ben, pero ademais están vostedes como para dar leccións en materia de execución orzamentaria, sobre todo vendo o que acontece cos fondos europeos de recuperación. Por exemplo, vémolos cos PERTE. Primeiro, centralizan a súa xestión, co apoio inestimable de Vox. E a realidade é que estes recursos están bloqueados e non están chegando nin a Galicia nin ás empresas. Din —dixeron vostedes— que estes orzamentos da Xunta deberían servir para unha transformación e impulso industrial, pero despois quedan mudos —o BNG tamén, por certo, señora Presas— ante a grave situación que estamos padecendo na xestión destes fon-



dos. Non acaban de apoiar proxectos concretos e ben madurados como o da miña provincia, o proxectado en Altri, na localidade de Palas en Lugo.

O Goberno de Pedro Sánchez debe aclarar se finalmente vai estar a favor ou non deste proxecto, porque as últimas noticias que temos son verdadeiramente preocupantes. En vez de aprobar un PERTE específico para un proxecto que revolucionaría o sector forestal galego, agora danlle como solución á empresa que fraccione o proxecto en dezasete microproxectos para presentalo ás diferentes partes dos diferentes PERTE. Parece unha broma pero, lamentablemente, non o é. É unha situación que semella —non sei— dramática.

Se o Goberno non axiliza a asignación dos fondos europeos e non presta a atención que se merecen proxectos transformadores como este que acabo de mencionar, corremos o serio risco de perder esta oportunidade que supoñen os fondos Next Generation para modernizar e para dar músculo ao tecido industrial de Galicia.

E no caso de Altri falamos dunha iniciativa cun investimento de máis de oitocentos millóns de euros, con máis de cento sesenta enxeñeiros traballando no deseño do proxecto e cos terreos xa comprados, e que exige de todas as administracións a máxima colaboración para que se leve a adiante con todas as garantías.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señora Sanz.

A señora SANZ ARIAS: Exixe do Goberno central que deixe de poñer trabas e apoie con fondos europeos, da Xunta de Galicia, como seguro fará, que facilite a súa tramitación administrativa, e do Concello de Palas de Rei, que tamén ten un labor moi importante, pois está moi implicado no desenvolvemento do proxecto.

Respecto do Fondo de Cooperación Local, señora Rumbo, moi brevemente, vostede ten mala memoria porque xa debe recordar que nos anos de maior intensidade da crise o Fondo de Cooperación Local debería terse reducido, porque a recadación así o fixo; pero foi decisión deste goberno manter este recurso e incluso incrementalo con 20 millóns de euros adicionais. A Xunta preferiu apertarse o cinto para que non tiveran que facelo os concellos galegos.

Dito todo isto —e remato xa—, vostedes comprenderán que o Grupo Popular defende na súa integridade o alcance e o contido destes orzamentos, dunhas contas sociais, solidarias, solventes e fonte de dinamización económica...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señora Sanz.

A señora SANZ ARIAS: ...duns orzamentos que acadan 12.620 millóns de euros, as máis altas de Galicia.

Máis nada, moitas grazas e bo Nadal a todos. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.



Debate conxunto sobre os estados de gastos

A señora PRESIDENTA (Candia López): Rematado o debate do articulado, continuamos co debate conxunto dos estados de gastos.

Rolda dos grupos parlamentarios para explicaren a súa posición sobre o ditame da comisión e, se é o caso, defender as emendas mantidas.

En primeiro lugar, ten a palabra por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, para fixar a posición sobre o ditame e defender as súas emendas, don Luis Manuel Álvarez Martínez, por un tempo de trinta minutos.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Moitas grazas, señora presidenta.

Bo día, señorías.

Bo día, señores conselleiros, señora conselleira.

Onte pola noite iniciamos lamentablemente a exploración dun territorio no que non teriamos que ternos adentrado. ¿Inédito? Por suposto. ¿Perigosísimo? Sen dúbida. Unha nova realidade na que por primeira vez na historia democrática española se impide unha votación a unha cámara representativa da vontade popular. (*Aplausos.*) Un veto ou tamén unha prohibición, se queremos ser máis didácticos, da aplicación de procedementos lexislativos que tamén, por certo, se teñen empregado nesta mesma cámara por parte do Partido Popular ao introducir pola vía das emendas modificacións lexislativas inicialmente non contempladas.

Unha nova realidade que causa pasmo entre especialistas en Dereito Constitucional ao inverter o sistema de pronunciamentos do propio Tribunal Constitucional. E un escenario, señorías, sobre o que tamén me chama a atención poderosamente o clamoroso silencio do Partido Popular, (*Aplausos.*) porque creo, señorías, que son conscientes de que destaparon a caixa dos tronos. Tamén, se queren, creo que é unha vitoria pírrica. É unha vitoria pírrica na que, evidentemente, as perdas son moi superiores en valor á propia vitoria. Lembren, señorías, aquela frase do rei Pirro logo de comprobar os miles de mortos despois desa vitoria na que xa saben que dixo: outra vitoria máis como esta e voltarei só á casa. E esta é a realidade.

Pero vaíamos ao debate orzamentario que nos trae a esta cámara. Permítanme unha consideración previa. Señora Sanz, ¿está vostede segura de que Altri ten os terreos mercados a estas alturas? Porque eu creo que fixo vostede aquí unha afirmación que non se corresponde coa realidade. (*Aplausos.*) E está ben entregar argumentos políticos, o que non está tan ben é facer afirmacións que non se corresponden cunha realidade de forma evidente.

Pero rematamos hoxe a tramitación parlamentaria dos orzamentos da Xunta de Galicia para o ano 2023. Uns orzamentos que van ser aprobados en termos idénticos aos que entraron neste parlamento e que, polo tanto, manteñen as mesmas carencias que ao inicio.



O feito de que se teñan debatido intensamente ao longo das últimas semanas, tanto en pleno como na Comisión 3ª, non forma parte máis que do procedemento establecido. Unha especie de liturxia parlamentaria, reducida polo tanto a un procedemento repetitivo, ao que a maioría parlamentaria do Partido Popular reduce esta tramitación.

Pese a todo, no Partido Socialista de Galicia consideramos que este é o debate máis relevante do ano, e presentamos alternativas a uns orzamentos que non cremos que vaian dar resposta ás necesidades de Galicia, porque nada novo vemos que nos faga pensar que a Xunta vai reorientar as súas políticas pese ao evidente fracaso que teñen suposto ao longo dos últimos anos.

E certamente contamos cuns orzamentos históricos, 12.620 millóns, 14.167 millóns en termos consolidados, pero non vemos detrás desa cifra a resposta que Galicia precisa para afrontar os retos inmediatos nin os retos de futuro para acadar unha Galicia máis verde, máis dixital, máis cohesionada territorial e socialmente e sen que ninguén quede atrás. E non vemos onde queda garantido nestas liñas orzamentarias destinadas a protexer a maioría social un sistema de benestar e protección social robusto, fortalecendo a clase media traballadora, actuando como locomotora da economía e mantendo o compromiso de responsabilidade fiscal.

E non o vemos, señorías, porque tampouco podemos esquecer que dende o ano 2010 ata o ano 2022 os sucesivos gobernos populares xestionaron ou malxestionaron a nada desdeñable cifra de 153.511 millóns de euros. E o froito desa mala xestión é unha Galicia que sae mal parada en multitude de indicadores comparados con outras comunidades autónomas. Un modelo de execución orzamentaria que levou a que no ano 2021, o último que coñecemos por completo —e falo agora da foto fixa á que fixo referencia a deputada Sanz—, se produciran as seguintes baixas con respecto aos orzamentos aprobados inicialmente neste parlamento, ou, se o queren, veñen aquí defender uns orzamentos que despois non cumpren.

Miren: ano 2021, baixadas, 325 millóns de euros en protección e promoción social; nada menos que en ámbitos como o apoio á conciliación, accións para a igualdade, protección e promoción da muller, servizos sociais sociocomunitarios, fomento da empregabilidade, fomento do emprego autónomo ou do mercado de traballo. Son 325 millóns de euros de baixa. Trescentos dezaioito millóns de euros en sanidade. Cento vinte e tres millóns de euros en educación e 33 millóns de euros en vivenda. E non falo de inadecuación, falo de baixadas de crédito con respecto ao previsto inicialmente. E podería seguir, pero creo que estes 800 millóns de euros aos que me acabo de referir son moi elocuentes sobre a seriedade e a solvencia das súas propostas e a súa solvencia como xestores.

Estou seguro, señorías, de que con estes orzamentos para o ano 2023 vai pasar o mesmo. Por certo, poderíamos tamén falar da súa execución do Fondo de Compensación Interterritorial, no que no ano 2020 executaron un cero por cento ou, se queren, un 0,0 por cento ou, se queren, nada, (*Aplausos.*) cando o nivel de execución doutras comunidades autónomas de media foi do 84 por cento.

E sabemos perfectamente que os orzamentos son un elemento crucial no que se orientan todas as actuacións dun goberno. Por iso temos que rexeitar o proxecto, e sóbrannos motivos



para facelo. E con respecto a isto teño que sinalar coa brevidade do tempo dispoñible as grandes eivas que persisten logo da tramitación á que foi sometido o proxecto presentado.

No ámbito dos servizos públicos, que son a garantía de dereitos e liberdades para os cidadáns e son, polo tanto, unha peza fundamental do estado de benestar do noso país, persisten as deficiencias tantas veces postas en evidencia, as mesmas que negadas polo Partido Popular.

En materia de política social, Galicia segue presentando un déficit de catorce mil prazas públicas en residencias, considerando ese rateo, non do Partido Socialista de Galicia, senón da Organización Mundial da Saúde, dun cinco por cento con respecto á poboación maior de 65 anos. E non vemos previsións de que se inicie a solución deste problema.

Ou a supresión da Tarxeta Básica, suplida por descoñecidos instrumentos e proxectos e previsións orzamentarias difusas, cando non directamente inescrutables.

Ou sobre unha gratuidade da educación infantil, que tampouco parece que estea a concitar o aplauso dos concellos, obrigados unha vez máis a asumir unha parte moi importante da medida, a diferenza das entidades privadas.

Ou un servizo de axuda no fogar que pese ao incremento que experimentou, logo do acordo impulsado polo Partido Socialista de Galicia na Comisión de Reconstrución, tampouco forma parte das preocupacións da Xunta de Galicia. Porque dá igual que financien 11 euros/hora dos 20 euros/hora; xa pagarán a diferenza os concellos.

Por certo, ¿que hai do concerto social?, ¿que pensan facer? Porque nada vemos nestes orzamentos para o seu desenvolvemento.

E nós fixemos propostas para corrixir todo o anterior. Propuxemos reforzar o programa de acollida, mellorar os centros de menores e as vivendas tuteladas, un plan de loita contra a pobreza, reforzar os equipos de valoración da discapacidade e dependencia; por certo, para que eses dez mil galegos e galegas que aparecen en ningún sitio teñan a posibilidade de entrar nun sistema de protección. Pero é que tamén propuxemos o reforzo do persoal dos servizos de inspección nos centros de atención residencial e centros de día, a gratuidade do servizo de axuda no fogar, un bono social eléctrico adecuado ás necesidades e, por suposto, a recuperación da Tarxeta Básica. Ningunha desas propostas saíu adiante.

No ámbito da educación, recortes no profesorado do ensino público; quebra da igualdade de oportunidades, que non ocultan ocorrencias como temos oído aquí de que o ensino rural é o sinal de identidade do sistema educativo galego; un sistema de axudas de gratuidade solidaria —ese eufemismo— menos eficiente que a gratuidade universal, porque sae máis caro e dá menos cobertura; un sistema de servizos complementarios do transporte escolar e comedor, que está a pagar con moita máis intensidade no medio rural as deficiencias do Plan de transporte público de Galicia, e con servizos como o de madrugadores funcionando en precario; un profesorado da comunidade autónoma, ese ao que tanto lle agradecen vostedes a súa entrega e o seu compromiso, que ten as mesmas condicións laborais que hai dez anos,



mentres outras comunidades autónomas melloran as súas condicións, e non vemos previsións de que se inicie a solución deste problema.

E tamén aquí fixemos propostas: recuperar os cadros de persoal en todas as etapas educativas, crear un programa de bolsas de alimentación e mellorar e ampliar os servizos de comedor escolar, así como a recuperación da gratuidade de libros de texto. Ou no ámbito das ensinanzas universitarias, coa gratuidade de taxas, reforzo de bolsas para posgraos e a estabilidade do persoal investigador. De novo, ningunha destas propostas saíu adiante.

No ámbito sanitario, señores do Partido Popular que sustentan o Goberno, perderon definitivamente o control. Levamos meses nunha situación crítica. No último mes, soamente no último mes, a Confederación Estatal de Sindicatos Médicos en Galicia rexeitou a ocorrencia do conselleiro de Sanidade de atender mediante persoal de enfermería as urxencias nos puntos de atención continuada, ou a convocatoria dunha mesa para implantar a xornada de trinta e cinco horas semanais, ou a inadmisíbel proposta de oferta pública de emprego que non contempla nin unha soa de médico facultativo nin en atención primaria nin en atención especializada, ou a última relacionada coas actitudes ditatorias que practica a Xerencia do Complexo Universitario de Santiago.

Está todo dito desde hai meses e nada nestes orzamentos vai cambiar esta realidade, porque, señores do Partido Popular, señor conselleiro, non hai comparecencia nin cifras capaces de ocultar esta realidade, como listas de espera impensables hai pouco tempo, con listas de espera en Atención Primaria, condicións laborais para o persoal sanitario que son peores que no resto das comunidades autónomas. ¿E quen é o responsable? Evidentemente, quen ten a competencia, que é a Xunta de Galicia.

E tamén fixemos propostas. Fixemos propostas para un plan de mellora das condicións laborais do persoal sanitario e non sanitario en Atención Primaria, ou garantir a estabilidade nos centros de saúde, un reforzo de Fisioterapia e Traballo Social ou a incorporación de Podoloxía, unha estratexia galega contra a cronicidade, un plan específico de atención hospitalaria... Nada, nada foi nin aceptado nin minimamente dialogado. O maior problema social desta comunidade autónoma nestes momentos, e o Goberno falando de casos puntuais.

E todo iso, cando acaban de ter dúas condenas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia por como actúan no ámbito sanitario. Unha delas, por non avaliar correctamente os riscos laborais dun persoal sanitario sobrecargado, e a última, de onte, por —imos dicir— amañar —igual non é un termo moi correcto—, pero facer unha convocatoria *ad hoc*, por ter modificado a provisión dun concurso dunha xefatura de servizo logo de aberto o procedemento. Miren: ten dimitido demasiada xente, cando os responsables desas dimisións seguen nos seus postos, e, polo tanto, deberían tomar vostedes medidas. (*Aplausos.*)

En materia de vivenda, existe un fracaso constatado das políticas da Xunta de Galicia no que xa se considera, sen discusión, o quinto piar do estado do benestar, para facer real un dereito constitucional. Iso é algo que desgraciadamente constatan a diario centos e centos de galegas e galegos. Decenas de millóns de euros sen executar ano tras ano. Trinta e tres millóns no



ano 2021 — como acabo de dicir — por parte da Xunta de Galicia non son unha cifra anecdótica, porque deixan tras de si milleiros de persoas necesitadas, sen o apoio do seu goberno, sen o apoio da Xunta de Galicia.

E tamén dixeron non a incrementar a construción de vivendas de promoción pública e axudar a mocidade e as familias necesitadas cunha dotación suficiente para alugueiros.

Pero sendo servizos públicos esenciais nunha sociedade avanzada, sendo unha parte crucial para esa ocasión, non o son todo.

No ámbito das políticas industriais, a política da Xunta de Galicia, ¿cal é? Afirmar que «o Estado é o responsable do futuro industrial de Galicia», Conde *dixit*. E así, cando a estas alturas é máis que sabido que é unha clara competencia autonómica, como está establecido no noso Estatuto de autonomía, a pregunta é trivial: ¿para que necesitamos un goberno autonómico se o noso futuro depende do estado? (*Aplausos.*)

Esa renuncia a exercer as súas competencias en materia industrial ten o seu traslado inmediato a este debate orzamentario, porque non existen medidas que anuncien o xiro e as orientacións que en materia de política industrial necesitamos. Non poden seguir afirmando que as súas políticas industriais son acertadas —afirmación repetida con frecuencia sobre todo nestes debates orzamentarios—, porque o certo é que o índice de produción industrial experimentou unha perda interanual de 5,4 puntos en Galicia, mentres a nivel nacional sobe un 2,2. Un máis dos indicadores comparados que poñen a Galicia nunha situación mala. No que vai de ano, Galicia baixou un dous por cento, mentres a nivel nacional subiu un 3,3 por cento.

E tampouco se mantén a escusa que atoparon sempre da busca do culpable externo na xestión de eficiente exclusiva dos fondos Next Generation por parte do estado, porque saben que non é certo. E non o é por dous motivos:

En primeiro lugar, porque España é o primeiro estado en solicitar o terceiro desembolso e o máis adiantado da Unión Europea en execución do plan. Neste terceiro desembolso serán máis de seis mil millóns de euros vinculados ao cumprimento de vinte e nove fitos e obxectivos.

E, en segundo lugar, porque as comunidades autónomas teñen recibido preto de vinte e oito mil millóns de euros para executar polas súas propias competencias. En Galicia, 1.206 millóns de euros.

Posto pois en evidencia que o problema non está nos fondos Next Generation, a responsabilidade retorna de forma obvia á súa orixe: a Xunta de Galicia e as súas políticas erradas en materia industrial. Porque as súas políticas industriais son políticas de fotografías, de explotar os conflitos onde non teñen competencias e desaparecer naqueles que si as teñen. (*Aplausos.*) Basta lembrar a exixencia de solucións aos problemas de Alcoa e a súa desaparición no caso de Vestas, por exemplo, ambos na Mariña lucense. Pero non son os únicos, e sábeno perfectamente.



E nese ámbito tamén propuxemos alternativas, procurando un aumento das dotacións para favorecer a dinamización dos sectores produtivos industriais, especialmente no ámbito de empresas en especial dificultade, establecendo un plan de transición enerxética xusta, coa participación da Xunta de Galicia en programas conxuntos coas comarcas afectadas, así como unha dotación para actuacións en materia de industrias electrointensivas, cara a posibilitar alternativas viables en zonas especialmente afectadas por esta cuestión. Tamén combinando tales actuacións con cuestións como a dinamización de solo industrial ou para a captación de investimentos, así como un plan de xestión para o desenvolvemento empresarial no rural.

Propuxemos aumentar un 0,4 por cento do PIB en gasto de I+D+I, co obxectivo de achegarnos ao investimento do 1 por cento do PIB, ata aproximarnos ao obxectivo do 3 por cento en cinco anos, incrementando fortemente a dotación neste exercicio, aproveitando, evidentemente, os fondos extraordinarios achegados a este orzamento.

E, unha vez máis, nada desta proposta foi considerado polo Partido Popular.

En materia de políticas agrarias, son décadas de gobernos caracterizados pola falla de políticas de discriminación positiva cara ao noso interior. E agora, pese ao cambio da Consellería do Medio Rural nesta lexislatura, con textos lexislativos que tratan de achegar instrumentos para recuperar a superficie agraria útil e a actividade no noso rural, os obxectivos non se van conseguir se eses textos e cambios na estratexia da consellería non se acompañan dun orzamento e planificación axeitada para o seu desenvolvemento.

O medio rural necesita políticas transversais de todas as consellerías, non só da Consellería do Medio Rural. Nun escenario tan volátil como as consecuencias derivadas da guerra de Ucraína, os agricultores e gandeiros están vendo como os custos de produción se disparan, o que obriga a vender en moitas ocasións a perdas as súas producións. As reclamacións son ben sinxelas e razoables: un plan de continxencia para manter as súas explotacións en funcionamento, un plan de emerxencia que garanta a produción de alimentos e evite o peche de explotacións, ou un plan urxente de protección de infraestruturas nas zonas de montaña queimadas.

Ante o anterior, ademais de anunciar medidas que nunca se levaron á práctica, ¿que poden esperar os nosos agricultores e gandeiros da Xunta de Galicia? ¿Poden esperar o mesmo que aquelas persoas que investiron os seus cartos na produción ecolóxica e agora se enfrontan ao abandono da Xunta de Galicia? ¿Ese é o modelo de confianza para o medio rural?

E, por suposto, fixemos propostas para dotar orzamentariamente un plan de recuperación de terras para actividades agrogandeiras e forestais, para o desenvolvemento empresarial no medio rural, para bonificar económica e fiscalmente empresas se contribúen a loitar contra a regresión demográfica, ou un plan especial de fixación de poboación nun medio rural. O resultado o mesmo: nada aceptado.

En políticas pesqueiras, ademais de saber que contan co apoio do Partido Socialista de Galicia para defender o sector pesqueiro, cousa que tentan ocultar, a pregunta é: ¿que medidas es-



pecíficas figuran nestes orzamentos para ese sector que supoñan unha auténtica avaliación? Porque Galicia non é nada sen os seus pescadores e a súa industria pesqueira, os pequenos e os grandes.

Neste sector identitario e estratéxico para a nosa comunidade autónoma, é preciso sinalar que o Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, do que proveñen case o oitenta por cento dos cartos que conforman estes orzamentos, o nivel de execución é extraordinariamente preocupante. Porque segundo os últimos datos facilitados tiñan só executados 199,5 millóns de euros e sen executar 171 millóns de euros, e o prazo remata o ano 2023. Señora conselleira, é unha situación extraordinariamente preocupante porque podemos enfrontarnos a ter que devolver fondos europeos. *(Aplausos.)*

Pero aínda hai máis, ¿como é posible que programas como a mellora da competitividade e calidade da produción pesqueira e acuicultura só se incremente un dous por cento? ¿Como é posible que se reduza un vinte por cento o destinado a desenvolvemento sostible de zonas de pesca?

E para o sector do comercio, un sector que atravesa dificultades evidentes en Galicia, non podemos permitir que queden polo camiño centos de pequenos comercios, tan importantes tamén en termos de emprego. Por ese motivo sería necesario elaborar políticas activas solventes que non atopamos nestes orzamentos, e menos aínda cando cunha execución de só o 11 por cento neste momento do orzamento do ano 2022, do que a Xunta de Galicia ten destinado para a ordenación, regulación e formación do comercio de Galicia. E tamén aquí propuxemos un plan de axudas, que tamén tivo o mesmo resultado que todas as propostas anteriores ás que acabo de facer referencia.

En materia de emprego, atopámonos cuns orzamentos continuístas que non se centran en sacar a Galicia das comunidades con taxas de actividade e de ocupación máis reducidas e a menor creación de emprego en comparación coa rexistrada no estado.

A dificultade de execución do orzamento que presenta a Xunta de Galicia, así como a súa política continuísta, segue para o ano 2023, sen fórmulas innovadoras. Unha situación que complica que a nosa comunidade autónoma cree emprego de calidade, non convertendo así os orzamentos nun programa de actuación, senón nun programa de propaganda. Porque dende que governa o Partido Popular en Galicia perdeuse un 9,9 por cento do seu volume de traballo, cando a perda a nivel estatal é do 3,8 por cento; son seis puntos de diferenza.

Co Partido Popular gobernando destrúense en Galicia unha de cada catro horas de traballo no sector primario, mentres no estado hai practicamente o mesmo volume de traballo. Entón, a pregunta que podemos facer de forma reiterada é: ¿por que?, ¿por que?, ¿por que? ¿Por que temos estas cifras? Consecuencia evidente das políticas que en materia de emprego practica o Partido Popular.

E tamén presentamos iniciativas para o fomento do emprego, para as persoas paradas e de longa duración e maiores de 45 anos, para o emprego feminino, para a xente moza, para a formación das persoas desempregadas en colaboración coas entidades locais. ¿Saben vostedes o resultado? O mesmo, rexeitadas. *(Aplausos.)*



E debo facer unha especial mención á consideración ou, mellor dito, á falta de consideración que estes orzamentos teñen coa Administración local, porque estas administracións locais, de todos os signos políticos, son as que cada día prestan servizo aos 2.689.152 galegos e galegas. Porque o Proxecto de lei de orzamentos desta comunidade autónoma, unha vez máis, non adecúa a súa asignación aos concellos de Galicia ao custo das competencias que a normativa autonómica lles atribúe cada vez con máis frecuencia, e moito menos nun contexto de forte inflación. De feito, o Proxecto de orzamentos da Xunta para o ano 2023 mantén a partida base, esa que se reparte de forma obxectiva, que leva dez anos conxelada. E iso a pesar de que a Xunta de Galicia conta cuns ingresos que se incrementaron un 8,5 por cento.

Se nun contexto económico ordinario é unha obriga da Xunta de Galicia garantir o adecuado financiamento das entidades locais, aínda con máis motivo o debería ser no medio dunha crise inflacionista como a actual. Porque estes orzamentos non apostan pola autonomía na toma de decisións dotada de recursos económicos suficientes, e manteñen, iso si, a tutela e a repartición arbitraria mediante convenios ou subvencións de moi difícil xustificación obxectiva. Tampouco pola garantida prestación de servizos públicos en igualdade de condicións fronte á quebra da igualdade como consecuencia duns servizos públicos minguados. E porque non aproveitan a oportunidade para establecer un novo marco normativo longamente demandado pola Fegamp que garanta a irrenunciable obxectividade no financiamento das administracións locais.

Pero tamén nos presentan unhas medidas fiscais de moi dubidoso alcance. ¿Cal é a repercusión real en euros ao mes para a maior parte dos contribuíntes galegos? Nin o saben. Porque falan en cifras absolutas, falan de 47 millóns de euros para un millón de contribuíntes, e iso —é o que ten a facilidade de división da unidade seguida de ceros— vén dando 46 euros de media por cada galego e galega, nun cálculo nada discutible.

Iso si, o imposto de patrimonio, unha vez máis, nesa competición desbocada entre comunidades autónomas do PP polas rebaixas fiscais, fai que aquí cambie considerablemente o conto, pois eses sete mil setecentos contribuíntes, grazas a estas bonificacións, van ter unha media de 4.415 euros ao ano, ou sexa, cen veces máis que o mortal dos contribuíntes. É unha medida decepcionante que amosa a escasa ou nula sensibilidade co pobo galego. E lamentablemente a Xunta de Galicia despreza unha política fiscal pensada para os máis ricos, porque vai beneficiar só un 0,02 por cento, mentres prexudica claramente a maioría social.

Pero é que, paralelamente, mentres hai unha previsión de ingresar 15 millóns de euros menos, quince e medio en realidade, polo imposto do patrimonio, hai unha previsión de ingresar 500 millóns de euros máis na tarifa autonómica do IRPF e 635 millóns de euros máis polo imposto do valor engadido. Pero, claro, iso non lles quita —como ía ser— de pedir rebaixas fiscais un día si e outro tamén, porque segundo vostedes os cartos onde mellor están é nos petos da xente. A iso chámase «populismo fiscal», criticar o incremento de recadación mentres se benefician dese mesmo incremento. E beneficiarse del e crítico tamén é claramente cinismo político. *(Aplausos.)*

Soan as fanfarras e anuncian que neste orzamento teñen 592 millóns de euros de beneficios fiscais. Pero é que todo iso é menos que o incremento adicional de recadación polo imposto



do valor engadido, que —como dixen— son 635 millóns de euros. Cando é necesario unha política fiscal máis xusta que permita manter os servizos públicos de Galicia e non só beneficiar os máis ricos son os que fan xusto o contrario. E ademais remítome ás cifras que acabo de expoñer.

Toman vostedes estas medidas porque teñen ingresos extraordinarios procedentes de todos os galegos e galegas, que contribuímos —claro que si— a dotar o sistema de financiamento autonómico, o que lles permite prescindir de ingresos por este concepto. Pero creo que é unha medida inxusta porque retrae fondos da Xunta de Galicia nun momento dunha complexidade sen precedentes.

Por certo, hoxe mesmo aparece nalgún medio de comunicación unha nova ferramenta que permite calcular o impacto sobre o PIB das rebaixas fiscais. E sabe vostede, por exemplo, que ese faro de Alexandría que os guía, que é a Comunidade Autónoma de Madrid, vai ter unha previsión de perder un 1,87 por cento do PIB de Madrid —que non é *peccata minuta*— como consecuencia das rebaixas fiscais que aplican. E esta é a consecuencia desa política. (*Aplausos.*)

E mención tamén require o relativo á débeda pública, porque entre o ano 2009 —ano cero para vostedes, antes non había nada—, que tanto lles gusta citar, e a previsión deste ano 2023 pasaremos de dedicar 393 millóns de euros á amortización de débeda a 1.414 millóns; é dicir —si, encollémonos de ombreiros, claro—, un 360 por cento máis. Por certo, entre o primeiro trimestre deste ano e o último do ano 2021 incrementaron vostedes 510 millóns de euros a débeda pública desta comunidade autónoma. ¿Deron algunha explicación neste parlamento? Porque esa cifra non a coñecemos o común dos cidadáns. É dicir, incrementan a débeda pública sistematicamente. Son vostedes, polo tanto, os responsables de ter triplicado a débeda por habitante, de forma que cada galega e galego ten un pufo —na terminoloxía feijooana— de 4.353 euros. E iso é unha magnífica xestión.

En definitiva, sobran argumentos para que manteñamos as nosas emendas. Estes orzamentos históricos malgastan recursos públicos en dádivas ou, na súa terminoloxía, en beneficios para quen non os necesita, que reciben aportacións históricas procedentes tanto de fondos europeos como do sistema de financiamento autonómico, que nos corresponden, e non van dar resposta ás necesidades que necesita Galicia nin no enfoque macroscópico...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señor Álvarez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: ...nin no enfoque microscópico.

—Remato, señora presidenta.— Tampouco van resolver as carencias sanitarias nin educativas nin dos servizos sociais nin en materia de vivenda. E non é que o diga eu, é que a afirmación do señor Rueda neste parlamento de que se poden ter máis servizos públicos con menos impostos é simplemente falsa. Unha ocasión tristemente perdida para Galicia.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)



A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señor Álvarez.

Ten agora a palabra por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, para fixar a súa posición sobre o ditame e defender as súas emendas, dona Ana Pontón Mondelo.

A señora PONTÓN MONDELO: Moi bo día, señorías.

Permítanme hoxe precisamente no Parlamento de Galiza facer unha defensa da democracia, porque é certo que a xornada de onte foi unha xornada negra para todos e todas as demócratas, pois onte o Tribunal Constitucional decidiu impedir un debate no Senado. Non é a primeira vez que sae unha intromisión nun poder lexislativo pero debe de ser a última, porque esta decisión é un ataque á liña de flotación da democracia, un pucheirazo democrático que cuestiona a independencia do poder lexislativo, que é onde reside a vontade popular. *(Aplausos.)*

Un Tribunal Constitucional que con esta decisión agudiza unha deriva reaccionaria. E creo que no día de hoxe convén lembrar que este non é un órgano xudicial, este é un órgano político, que, por certo, o bipartidismo se reparte de maneira obscena e que está nun nivel de degradación democrática que non é admisible.

A decisión deste Tribunal Constitucional é unha decisión política ao servizo dos intereses partidistas do Partido Popular, porque o Partido Popular é o máximo responsable deste pucheirazo democrático. Un PP que está usando un tribunal como o Constitucional de maneira partidista, pasando todas as liñas vermellas do funcionamento democrático, actuando de xeito autoritario e demostrándonos unha vez máis que cando falan de moderación é unha falacia. O que están é vostedes botados ao monte, señorías do Partido Popular. *(Aplausos.)*

E ante este pucheirazo democrático, desde o BNG temos moi claro que hai que responder con máis democracia, con toda a contundencia e sen caer nin en máis provocación nin en máis crispación, que é o que vostedes traen ás institucións. Pero é que, ademais, se vemos este debate desde a óptica galega, o que nos están demostrando é que no Partido Popular son pura hipocrisía política. ¿E saben por que? Porque agora cualifican de ilegal e de anti-constitucional o que vostedes levan facendo neste parlamento durante trece anos. Porque iso é o que levan facendo ao longo destes trece anos. *(Aplausos.)*

Fíxense, por exemplo, no debate no que estamos agora: leva o señor Feijóo, agora aprendido en defensa da democracia, doce anos utilizando unha Lei de acompañamento de maneira fraudulenta para pola porta de atrás facer nada máis e nada menos que duascenas modificacións lexislativas que na súa inmensa maioría nada tiñan que ver coas contas públicas. ¿E saben por que o facían? Porque era unha forma fácil para saltar informes xurídicos, para non ter que ir aos informes dos órganos consultivos e, ademais, furtar o debate neste parlamento e a participación da sociedade. É dicir, que vemos o señor Feijóo e o Partido Popular que utilizaron durante trece anos os mesmos mecanismos que agora nos din que son anti-constitucionais e ilegais. ¡Menuda cara dura teñen no Partido Popular! *(Aplausos.)*

Por certo, resultoume moi rechamante estes días escoitar o Partido Popular e o señor Feijóo, que teñen moitísima présa agora porque se convoquen eleccións no estado, e dinnos que é



que non hai que terlle medo ás urnas. E a min gustaríame recordarlles que en Galiza temos un presidente que ningún galego ou galega puido votar como tal, e non sei, señorías do PP, se non convocaron eleccións por medo ás urnas. *(Aplausos.)*

E centrándonos xa no debate dos orzamentos, eu quero empezar con dous datos... *(Murmurios.)* Non sei se hai algún deputado do PP que queira intervir... *(Murmurios.)* En fin... *(Pausa.)* Primeiro dato: cincocentas sesenta e catro, este é o número de emendas que presentou o BNG, de propostas para mellorar os orzamentos e, como mínimo, ter unhas contas públicas ao servizo da maioría social, e para darlle unha resposta a unha crise de prezos sen precedentes. E o segundo dato é cero, porque cero son as propostas aceptadas polo Partido Popular. Isto, señorías, se non é soberbia que baixe Deus e que o vexa.

Pero é que nin con toda a soberbia do mundo vostedes poden agochar que estes son uns orzamentos insolidarios, insolventes e antisociais. Estes son os orzamentos que retratan un goberno do Partido Popular soberbio e sen corazón; o retrato dun Partido Popular que goberna para unha minoría, que se abraza ás eléctricas, que pon en risco a saúde das persoas desmantelando a sanidade pública e que permite que se faga negocio coa vellez.

E hai unha foto que os retrata dunha maneira absolutamente descarnada, esa na que suprimen a Tarxeta Básica das familias que teñen menos recursos para comprar alimentos, mentres regalan 34 millóns de euros ás sete mil setecentas persoas con máis patrimonio de Galiza. Ou esoutra na que lle baixan máis os impostos a quen máis gana, ríndose da función distributiva do sistema impositivo. E hai que lembralo: os impostos son os que pagan a sanidade, os que pagan a educación das nosas fillas e dos nosos fillos, ou os que deberían de pagar unha rede pública para coidar as nosas persoas maiores.

Pero é que estes orzamentos son tamén o retrato dun goberno que está absolutamente ins-
talado na rutina, que non ten ningún proxecto de futuro e que é incapaz de utilizar o escaso autogoberno que ten Galiza para darlle unha saída xusta e utilizar o autogoberno galego para darlle unha resposta xusta ante unha cidadanía que o está pasando mal. Non teñen medidas extraordinarias á altura da gran crise social que estamos vivindo, non teñen ideas para afrontar a crise de prezos, non teñen ideas para impulsar realmente os sectores produtivos, para modernizar a nosa economía, nin tampouco teñen ideas para impulsar con decisión que Galiza sexa unha referencia internacional na ciencia e na innovación. Iso si, o que manteñen é a deterioración dos servizos públicos, sobre todo en sanidade. E non nos imos cansar de repetilo: este goberno é literalmente un perigo para a saúde dos galegos e das galegas. *(Aplausos.)*

E aí están os datos, señorías do Partido Popular: a Atención Primaria ten —se descontamos a inflación— 321 millóns de euros menos que hai trece anos; despois de trece anos de recorte sistemático en Atención Primaria. E conseguiron algo que é un logro ben triste para un goberno, conseguiron que hoxe para poder acudir ao teu médico ou médica de cabeceira teña que haber lista de espera. Non hai deterioración maior na atención primaria.

E, señorías do Partido Popular, por moito que se empeñen —porque o fan por terra, mar e aire— en querer poñerlles a etiqueta de «sociais» a estes orzamentos, o certo é que esa



etiqueta é falsa. Xa falamos da sanidade, pero é que tamén é moi importante falar da educación pública, onde hai mil profesores e profesoras menos. E se collemos os seus orzamentos e lles descontamos a inflación, o que temos é que se inviste en educación —que é un dos grandes investimentos que ten que facer calquera país que queira ter futuro— pois vostedes invisten 281 millóns de euros menos que en 2009.

E vemos uns orzamentos onde é evidente que non aprenderon nada do que pasou nesta pandemia, porque é vergoñento que despois de todo o que se viviu nas residencias deste país non haxa nin un só euro para poñer en marcha residencias públicas para atender as persoas maiores. (*Aplausos.*)

E vemos como ademais a suma de moitos factores pero tamén da incapacidade do Goberno do Partido Popular fai que a inflación nos estea afectando máis en Galiza que na media do estado, a pesar de que temos salarios e pensións que están moi por debaixo na media. E isto ao que nos leva é a que hoxe moitas familias, cada vez máis, señorías, teñen dificultades para chegar a fin de mes.

Vemos que hai moitísimas persoas que traballan duro todos os días, pero que os seus salarios non lles dan nin para poder pagar as facturas. Vemos como neste inverno cada vez máis persoas pasan frío nas súas casas porque prender a calefacción converteuse nun artigo de luxo para miles de familias. E son moitísimas as persoas autónomas que teñen dificultades para seguir mantendo en pé o seus negocios. Hai moita pequena e mediana empresa que o está pasando mal nesta crise.

Vemos tamén a milleiros de galegos e de galegas preocupados pola deterioración da sanidade, que llelo están dicindo nas rúas, porque non entenden que sexa normal ter un punto de atención continuada sen médico, porque non queren que se substitúa o persoal médico por telepantallas ou porque reclaman algo tan básico como que os seus fillos e fillas poidan ter unha pediatra.

E neste contexto de máxima dificultade vemos un goberno do Partido Popular que arrastra os pés, que non ten ideas, que non ten impulso e que, ademais, vén a este parlamento coa soberbia de non aceptar nin unha soa proposta da oposición. E nós presentamos emendas coa vontade de arrimar o ombro e de axudar; para iso son as nosas propostas.

Eu entendo que o Partido Popular é que nunca nos vai dar a razón ao cen por cento, non a imos ter nunca nin o PP nin o BNG. Pero si que creo que nun momento como este a cidadanía deste país esperaba que o Goberno, como mínimo, tivera vontade de diálogo e tivera vontade de recoller algunha proposta, porque, en fin, é imposible que non haxa propostas que non se poidan incorporar.

Por iso eu creo que o Partido Popular se equivoca enrocándose no non, no non a todas e cada unha das cincocentas sesenta e catro propostas de emendas parciais presentadas polo BNG e coa vontade de poder mellorar os orzamentos de 2023. Vemos de novo ao Partido Popular do non; do non a un plan de rescate da atención primaria para acabar coas listas de espera; do non a un plan para mellorar a saúde mental, a pesar de que temos o drama de que Galiza



é a comunidade con máis suicidios de todo o Estado; do non a un pacto galego pola ciencia e innovación; do non a un modelo de residencias públicas; do non a recuperar a Tarxeta Básica de alimentos; do non a reforzar o ensino público con máis docentes; do non a poñer en marcha bolsas de ensino anticrise; do non a un bono eléctrico para as persoas autónomas; do non ás medidas para reindustrializar Galiza; do non ao saneamento e á recuperación das nosas rías; do non a unha política fiscal xusta, na que pague máis quen máis ten; do non a medidas para revitalizar o rural; e tamén, ¿como non?, o Partido Popular do non a subirlles os impostos ás eléctricas, que se están forrando nesta crise. (*Aplausos.*)

Están vostedes encantados consigo mesmos, co seu absolutismo e coa súa soberbia política, que non lles valen para nada ás miles de persoas que o están pasando mal nesta crise. Como tampouco van ser útiles uns orzamentos obsoletos antes mesmo de ser aprobados neste parlamento, entre outras razóns porque —como xa adiantamos no debate de totalidade— estes orzamentos están baseados en previsións e en datos que xa foron desmontados polos propios expertos, incluída a Airef, a quen tanto lles gusta a vostedes citar. ¿E saben cal é unha das últimas cuestións que podemos ler da Airef a respecto de Galiza? Pois a Airef acaba de dicir que Galiza é a autonomía con máis fogares pobres sen axuda pública. Iso é o que nos acaba de dicir a Airef.

Pero a vostedes dálles igual e hoxe neste parlamento, a pesar desa situación tan grave e na que tantas persoas o están pasando tan mal, vostedes van votar en contra de poñer en marcha unha auténtica rede de protección social como propoñemos nas emendas do BNG, con medidas como unha renda de inserción laboral, como a universalización dos comedores escolares ou como un bono familiar contra a pobreza, porque, de verdade, que teñamos un país no que un trinta por cento dos menores de 18 anos viven en fogares pobres debería de preocuparlles. E isto é o que está denunciando a Rede Galega contra a Pobreza.

Non é posible nun debate destas características entrar en todas e cada unha das emendas, pero si nos gustaría centrar algún dos retos máis importantes que nós propoñemos abordar, porque é evidente que estes orzamentos non dan resposta aos retos que ten o noso país. E é grave que lonxe de reverter os recortes vostedes persistan na deterioración dos servizos públicos e nun modelo absolutamente privatizado de atención ás persoas maiores, e tampouco van axudar a quen máis o necesita.

Vemos, en segundo lugar, como estes orzamentos manteñen unha política fiscal regresiva en plena crise de prezos, unha medida que é inxusta e insolidaria.

Vemos tamén que carecen dunha estratexia para apoiar un cambio de modelo produtivo que teña como base poñer en valor o enorme potencial e as fortalezas que ten o noso país en moitos ámbitos produtivos e de investigación.

E, por último, ignoran dous aspectos que son claves para o futuro. O primeiro é que hai que loitar contra o cambio climático, contra esta emerxencia climática, e que temos que poñer en marcha un novo modelo produtivo cunha economía verde, sustentable, competitiva, capaz de xerar riqueza e emprego de calidade. Porque o que está claro é que o futuro deste país non pode ser un turismo *low cost* nin converter Galiza nunha colonia enerxética de Ma-



drid, favorecendo o espolio depredador de Iberdrola, de Endesa, de Naturgy... (Aplausos.) Si, si, ou de Greenalia, onde se senta a exconselleira do Partido Popular, a señora Beatriz Mato.

Precisamente, as emendas do BNG están pensadas para mellorar as contas públicas. Mobilizamos máis de mil seiscentos millóns de euros, e entendemos que hai polo menos algunhas cuestións que vostedes deberían de incorporar. Son medidas para axudar a quen máis o necesita nesta crise, para reforzar os servizos públicos e as políticas de igualdade de xénero, para apoiar o tecido económico e poñer en marcha un novo modelo produtivo, ou para afrontar os retos da emerxencia climática.

E nós insistimos: a soberbia de vir aquí pasar o rodillo parlamentario non vale absolutamente para nada, o único que demostra é a súa incapacidade para poder dialogar, para poder chegar a acordos.

Nós insistimos nesa man tendida co ánimo de chegar a acordos en catro grandes áreas:

A primeira é en relación cos servizos públicos. Nós entendemos xa que é case un imperativo moral poñer en marcha medidas para rescatar a atención primaria no noso país. Desde logo, se hai unha prioridade neste momento é dotar dos medios necesarios para que a atención primaria funcione con normalidade. Eu pídolles de verdade que, se non aceptan as emendas, polo menos sexan capaces de rectificar unha política sanitaria que está poñendo en risco a saúde da xente deste país.

Porque xa falamos de que se temos en conta a inflación estes orzamentos invisten menos en atención primaria. Pero imos deixar a un lado ese dato. Porque cando analizamos eses 137 millóns de euros que vostedes aumentan este ano en atención primaria, o que se esquecen de dicir é que a maioría deses recursos van para gastos correntes, para incrementos salariais aos que, ¿como non?, ten dereito o persoal, que xa está sobrecargado, pero que non hai unha aposta de verdade por incrementar o número de persoal e o número de profesionais que temos en atención primaria.

E esta é unha das claves e un dos aspectos nos que queremos incidir. Hai que contratar máis persoal, non só persoal sanitario, tamén hai outras especialidades que deben de incorporarse na axenda de primaria, por exemplo, nos centros de saúde, Psicoloxía Clínica. É que un trinta por cento das consultas teñen que ver con problemas psicolóxicos. ¿Por que non dotan de psicólogos e psicólogas a Atención Primaria? (Aplausos.)

Entendemos tamén que no ámbito dos servizos públicos en Galiza temos unha cuestión e que é urxente, é que hai que mellorar a atención das persoas maiores. Para iso hai que reforzar os servizos públicos e hai que darlle a volta a unha situación que ningunha persoa deste país pode entender. ¿Como é posible que co déficit que hai o Partido Popular non construíra nin unha soa residencia pública en trece anos? Nós queremos cambiar esa anomalía. Temos unha débeda coas persoas maiores. Por iso propoñemos un novo modelo de residencias cen por cento público. E somos conscientes de que non imos cambiar a realidade dun día para outro, pero hai que empezar a darlle a volta a esa situación, na que o 85 por cento das prazas son de xestión privada. Por iso propoñemos avanzar nesa dirección, empezando



por un compromiso claro de que as residencias que se están construíndo nas cidades vaian ter unha xestión cen por cento pública.

En relación co segundo aspecto que está ausente nestes orzamentos, o de axudar a quen peor o está pasando nesta crise, desde o BNG propoñemos nestas emendas varias vías de actuación:

A primeira, recuperar a Tarxeta Básica para a compra de alimentos e medicinas. Tamén entendemos que están a tempo de rectificar e subir realmente máis o complemento autonómico das pensións non contributivas, as máis baixas e, ademais, que cobran maioritariamente mulleres. Propoñemos tamén unha renda galega de inserción laboral que sexa compatible co salario cando non chegue para ter unhas condicións de vida dignas; universalizar os comedores escolares, porque esta é non só unha medida de conciliación, é tamén neste contexto unha loita contra a pobreza infantil; e entendemos que sería moi importante poñer en marcha un bono familiar de loita contra a pobreza para atender esa durísima realidade de que o 30 por cento da xente nova deste país viva en fogares en risco de exclusión social; a cifra máis alta da última década.

En relación cos sectores produtivos, as emendas que presentamos van na dirección de poñer en marcha un novo modelo e de apoiar a rede de autónomos e de autónomas e de pequenas e medianas empresas no noso país, por exemplo, no ámbito do comercio, que leva vivido nos últimos anos unha auténtica sangría, porque desapareceron centos e centos de comercios no noso país e perdéronse máis de oito mil cincocentos empregos.

Entendemos que hai que facer esa aposta pola pequena e mediana empresa, e ademais unha aposta estratéxica e ambiciosa pola ciencia e a innovación. E nesa dirección imos seguir insistindo, porque nos parece fundamental para o futuro que hai que apostar por sacar Galiza do furgón de cola da innovación, aumentando o investimento en I+D+I e fixándonos o obxectivo de que cheguemos a dedicar o 2,5 por cento do PIB en 2030.

Apoiar as pequenas e medianas empresas é fundamental —como dicíamos—, por iso propoñemos axudas directas e tamén apostar realmente pola cultura, por revitalizar os nosos sectores culturais, que é unha cuestión clave para a cohesión social, pero que tamén é un ámbito económico.

E non nos podiamos esquecer de que hoxe un dos elementos que máis está influíndo nesta crise de prezos e que está afogando as familias e as clases traballadoras é a alza de prezos que se está producindo da enerxía; un problema para as familias, un problema tamén grave para todo o noso tecido económico e industrial. E nese contexto nós poñemos sobre a mesa medidas que incidirían no presente e de cara ao futuro. Por exemplo, unha empresa pública de enerxía que xestione a nosa riqueza eléctrica, empezando por asumir todas as concesións hidroeléctricas a medida que caduquen.

E permítanme que lles refresque un dato: entre 2011 e 2021 a explotación dos nosos ríos deulle ás grandes empresas 5.600 millóns de euros. ¿Onde están os beneficios para Galiza? (*Aplausos.*) ¿Por que prefiren que os leven as empresas e non que se queden para o patrimonio público?



E, finalmente, pedímoslles ás señorías do Partido Popular que rectifiquen e que apoiem as emendas que presentamos para combater o cambio climático. Nós entendemos que ese cambio para enfrontar a crise ambiental que vivimos pasa, en primeiro lugar, por apostar por un rural vivo, porque o 90 por cento do noso territorio é rural, e non pode ser pasto dos lumes e do despoboamento. E nese sentido temos un plan de impulso dun monte vivo e multifuncional e unha aposta decidida por recuperar superficie agraria útil, sobre todo destinada para producir alimentos aquí. Non pode ser que esteamos na cola de produción de alimentos de todo o estado. *(Aplausos.)* Tamén incluímos a loita contra a contaminación, coa recuperación integral das nosas rías, ou medidas para impulsar un novo modelo enerxético fronte ao cambio climático.

Estas son, señorías, fundamentalmente, algunhas das principais medidas que nós defendemos nestas emendas, que o fixemos coa vontade de aportar, pero que só nos topamos con ese rodillo que pasa por riba de calquera proposta e que vén aquí actuando con soberbia política.

Permítanme, señorías, que faga algunhas reflexións finais. Estamos no ano 2022, un ano no que o certo é que as cousas foron e están sendo moi difíciles para unha maioría. Un ano no que parecía que saíamos e xa superabamos a crise da covid, pero que, sen embargo, puxo diante de nós un obstáculo, que é un cambio de paradigma moi importante e onde están en xogo non só o presente senón o futuro. E estamos nun momento con moitísimas incertezas, incertezas para as persoas, incertezas para a economía. Porque o certo é que hai un escenario no que non é fácil saber que vai pasar nos próximos anos, pero si que estamos vendo como hai miles de persoas no noso país que o están pasando moi mal, que están tendo unha situación de moitísima dificultade e onde vemos como mesmo comer carne ou peixe se está convertendo nun artigo de luxo para miles de persoas no noso país. *(Aplausos.)*

Comprobamos como os salarios cada vez dan para menos, pero tamén temos que dicir que moitas das decisións que se toman por parte dos gobernos e das administracións, que deberían de protexer a maioría social, no mellor dos casos son escasas e timoratas, e no peor son decisións que directamente están atentando contra esa maioría social para beneficiar os de sempre. Decisións como esa suba de tipos de interese que toma o Banco Central Europeo coa excusa de poder facerlle fronte á inflación. Esta non é unha crise de prezos provocada por un incremento da demanda, hai outras causas estruturais ante as que non se quere actuar e onde a Unión Europea ten moita responsabilidade. Sen embargo, en vez de ir a esas causas, prefire cargar de novo sobre a xente traballadora, sobre a pequena e mediana empresa unha crise que non causaron.

E é grave que aquí se defendan estas medidas, que veña o Partido Popular defender que lles suban as hipotecas ás familias deste país e que, ademais, non tome ningunha decisión para frealo. Ou é gravísimo que nun contexto onde as multinacionais están gañando máis e a pequena e mediana empresa o está pasando mal, aquí veña tamén o Partido Popular dificultarlle máis o acceso ao crédito á pequena e mediana empresa, que só vai traer destrución de emprego en Galiza. *(Aplausos.)*

Porque, ademais, esas medidas estanse tomando para que a banca gañe cada vez máis, para que os grandes bancos sigan gañando cada vez máis. Neste momento non tiñamos que tomar



medidas para que a banca gañe máis, o que había que pedir é que devolvan os noventa mil millóns de euros do rescate bancario. *(Aplausos.)*

E estamos tamén nun momento onde vemos que o neoliberalismo provocou unha grave crise social, unha crise dos servizos públicos, porque os neoliberais, como o Partido Popular, defenderon o privado sobre os intereses do público, e nun modelo onde se deterioran as condicións de vida.

Evidentemente, deberían de ter aprendido o fracaso desas políticas, pero vemos como seguen incidindo na mesma dirección. E, lamentablemente, estes orzamentos, que, polo menos, tiñan que ser un antídoto contra os principais males que ten a sociedade galega, son xusto o contrario.

Por iso, señorías do Partido Popular, desde o BNG pedímoslles que, polo menos, non se enroquen na súa soberbia política e que veñan a este parlamento con vontade de darlles solucións aos problemas dos galegos e das galegas. Solucións que, lamentablemente, non están nuns orzamentos que presenta e aproba o Partido Popular en solitario e que son insolventes, insolidarios e inxustos.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señora Pontón.

Antes de dar paso ao seguinte voceiro, saúdo os alumnos e alumnas do primeiro ciclo superior de Administración e Finanzas do IES Alfonso X o Sabio de Cambre. ¡Benvidos a esta casa a eles e ao equipo docente!

Quenda agora do Grupo Parlamentario Popular de Galicia para fixar a súa posición sobre o ditame. Ten a palabra don Pedro Puy Fraga.

O señor PUY FRAGA: Moitas grazas, presidenta.

Eu tamén saúdo os alumnos de Cambre, que terán ocasión de tirar algunha conclusión sobre un importante debate económico e financeiro tan relevante como a aprobación dos orzamentos.

Estes orzamentos, probablemente, son os máis debatidos da historia autonómica. Quero recordar que debatemos o 3 de agosto o teito de gasto; o Plan estratéxico coincidiu o 13 de setembro; o presidente decidiu comparecer para dar as liñas xerais do orzamento o 27 de setembro; a partir de aí houbo as comparecencias do goberno en comisión, comezando polo conselleiro de Facenda o día 26 de outubro; despois debatemos nesta cámara as emendas á totalidade o 21 de novembro; as emendas parciais debatémolas en ponencia e en comisión; e hoxe, finalmente, debatemos a aprobación dos orzamentos.

É verdade que houbo pouco acordo nas emendas, pero despois de pasar por un teito de gasto que apurabamos ao máximo, que votaron en contra; despois de facer un Plan estratéxico



feito polos expertos, que votaron en contra. O teito de gasto, por certo, cos fondos que nos envía Madrid e, polo tanto, coas asignacións que lle corresponden. Apuramos o teito de gasto cos fondos e co endebedamento que recomenda Madrid e, sen embargo, votan en contra o teito de gasto, votan en contra o Plan estratéxico, que vén da man dos expertos, pois logo parece case natural que tamén aquí haxa pouca marxe para o acordo.

O que si quero dicir —isto, señora Pontón, creo que é relevante— é que, efectivamente, o balance de emendas non é positivo para o Bloque, porque non aceptamos ningunha. E cero, o número cero que vostede dixo, é exactamente o mesmo número de emendas que lle aprobou o Partido Socialista aos orzamentos do estado en Madrid. Eu o que me pregunto é por que en Madrid se absteñen e aquí somos «soberbios», por que cando lles tratan igual, segundo quen sexa, uns son soberbios e outros son tan dignos que merecen unha abstención. (*Aplausos.*) É unha contradición máis do Bloque, das que algunha máis comentarei.

O primeiro que quero salientar é que o debate foi con normalidade, un debate democrático normal o que estamos a ter, pese a que o contexto é extraordinario. O contexto económico é extraordinario pola crise que xerou a pandemia, despois a guerra e o proceso inflacionario que xerou. O contexto social é complicado, coa desaceleración económica e tamén coa herdanza en desigualdade que nos deixou a anterior crise, a financeira. E certamente nun contexto político, xa non digo español, que o é, senón tamén internacional, fundamente complicado, entre outras cousas, porque moitos países están vivindo procesos de polarización política cara aos extremos, e, en fin, estamos vendo tamén en España desgraciadamente que hai unha crise dos consensos no seo dunha democracia consensualista.

Nós aquí tivemos un debate centrado exclusivamente nas contas, cunha maioría cohesionada —por certo, cun relevo durante o exercicio na presidencia da Xunta—, o grupo permaneceu centrado no importante, neste caso, desde o punto de vista orzamentario, aprobando as contas en prazo, aportando certezas, aliñando as políticas autonómicas de ingreso e gasto coa situación e co conxunto de medidas que está adoptar Europa. É dicir, á estabilidade política da que demos boa proba ao longo deste ano engadimos estabilidade financeira.

Certamente, isto contrasta coa situación nacional, e refírome ás cuestións económicas. Aí hai unha errática política fiscal con impostos novos pouco meditados e improvisados; anúnciase que van recadar cifras que inmediatamente se corrixen, onde, recentemente, a ministra recoñece que vai recadar catrocentos millóns de euros menos cos impostos sobre as bancas e as eléctricas, que dicía que ía recadar unha millonada. Ademais, cuestionando principios básicos do dereito financeiro, como o principio de xeneralidade. Todas as empresas pagan os beneficios no imposto de sociedades, e aquí estanse a poñer impostos singulares sobre determinadas actividades. Mañá se son os talleres de automóbiles os que gañan moitos cartos, pois igual tamén poñen un beneficio extraordinario sobre os talleres dos automóbiles. É dicir, vulnerando os principios básicos do que é un sistema fiscal serio e democrático.

E este debate non estivo tampouco como en Madrid condicionado polo político. Aquí falouse en termos de recursos, non houbo pagos colaterais en termos políticos, como os propios que apoiaron os orzamentos recoñeceron que apoiaron os orzamentos porque houbo apoios para a reforma do Código penal e outras circunstancias.



E insisto: pese a todo iso, o Bloque non emenda a totalidade dos orzamentos de Madrid, abstense ao final. E dígoos para que vexan a incongruencia: os orzamentos de Madrid soben tres millóns de euros a previsión de gasto en Galicia en investimento; só os orzamentos que imos aprobar hoxe incrementan o gasto de capital en 217 millóns de euros. En Madrid abstéñense, non hai emenda á totalidade; en Galicia, certamente, pois son uns tributos fatais.

Eu entendo tamén que vostedes traían hoxe aquí algún debate que é externo, que, precisamente salientando que o debate foi financeiro, traían temas alleos. Eu o único que quero recordar é unha cousa —e os dous portavoces sábeno—: xamais reformamos sen falar coa oposición ningunha lei de desenvolvemento autonómico en Galicia, e vostedes sábeno, e incluso cando hai que facer un retoque pequeno. A lei de desenvolvemento autonómico é no Estatuto o mesmo que unha lei orgánica é na Constitución, e diso é do que estamos a falar. Aquí hai tranquilidade institucional, non nos traían debates que non interesan. *(Aplausos.)*

Nós imos votar obviamente a favor destes orzamentos, pero ímolo facer porque entendemos que son acaídos á situación económica, financeira e social de Galicia no día, no ano, nos tempos de hoxe. Evidentemente, son retos económicos importantes os que traemos nos próximos anos, comezando polo 2023: a transformación enerxética e dixital como vía para o crecemento e unha empregabilidade de maior calidade.

E despois de escoitar os discursos catastrofistas da oposición, a min gustaríame dar algúns datos para que desmintan esa idea de fracaso, e a min gustaríame recordar algunhas cuestións:

O punto de partida, por exemplo, o PIB per cápita en relación con España, igual a cen. No 2009 estabamos no 82,2; no 2020 estamos no 92,4. Pasamos a ser a décima comunidade en termos en PIB per cápita, cando no 2009 eramos a doce, e no 2000, por certo, estabamos no posto dezasete das dezanove unidades autonómicas. Somos a terceira comunidade que máis incrementou o seu PIB desde o ano 2009, un 4,5. Dificilmente isto se pode entender como un fracaso.

Isto ten unha consecuencia inmediata, que é a renda bruta dispoñible dos fogares por habitante. É dicir, engadindo as transferencias do estado e das administracións e restando os impostos e tributos que se pagan, Galicia no 2009 está no 92 por cento da media española e no 2020 está no 94,3 por cento. Hai dous puntos máis de renda dispoñible que de PIB per cápita. O estado do benestar estivo funcionando. Precisamente isto é o que debemos de ter en conta cando falamos alegremente de cousas como a reforma do sistema de financiamento autonómico cara a un cupo.

Fomos en termos de renda dispoñible dos fogares por habitante a terceira comunidade que máis medrou entre 2009 e 2019, máis dun 2,3; e once das dezanove comunidades autónomas perderon renda bruta dispoñible durante este período. Isto, evidentemente, é unha excelente noticia.

¿En emprego? É certo que a poboación ocupada diminuíu pola evolución demográfica, diminuíu en aproximadamente 70.000 persoas, que é o que vostedes din que distribuímos



como postos de traballo, porque a xente se xubila. Con todo, tamén é certo que o paro diminuíu de 164.000 a 143.000 persoas con relación ao 2009 e que o paro é significativamente máis baixo nos xoves en Galicia que en España, o 11,7 versus o 14,9; tamén o paro de longa duración, o 4,8 versus o 6,2; e tamén o paro das mulleres, que en España, de acordo coa última EPA, está no 14,84 e en Galicia no 11,82. Tamén é certo que a taxa de ocupación foi positiva no ano 2021, o 1 por cento —cando gobernaban vostedes caeu un 3,8 por cento—, e que as afiliacións á Seguridade Social están xa nos niveis prepandemia.

Todo isto, ademais, leva a un crecemento importante da produtividade. Se o índice FEM para o ano 2015 reflicte os incrementos de produtividade, no ano 2009 Galicia estaba en 87,5, e actualmente está no 108,8. España estaba no 91,9, e agora está no 100,1; é dicir, estabamos ben por baixo da produtividade aparente e real por hora traballada de Galicia no ano 2009 e estamos claramente por riba no ano 2021; o cal é unha excelente noticia, que ten que ver, entre outras cousas, con que fomos unha das comunidades nas que máis creceu o gasto de I+D+i. En España creceu neste período o 0,05; en Galicia, creceu o 0,18. E, finalmente, en relación coa pobreza —xa dei algúns datos no debate de totalidade—, eu vou utilizar novamente neste caso datos do INE. No 2009 a taxa de risco de pobreza en Galicia era do 20,6; en España, do 20,4. É dicir, no 2009, cando vostedes gobernaban, a taxa de pobreza era superior en Galicia que en España, e no ano 2021 a taxa en Galicia baixou do 20,6 ao 20,2 e en España subiu ao 21,7. É dicir, que nun contexto no que en España sobe a taxa de risco de pobreza, en Galicia baixou, e isto eu entendo que, certamente, non é un fracaso. O mérito non é exclusivamente das políticas públicas galegas, o mérito é dos galegos certamente. Pero, con todo, eu creo que se pode dicir —e dicímolo con satisfacción— que algo terán que ver as políticas públicas de ingreso e gasto.

Os orzamentos que hoxe aprobamos son os máis altos da historia, 12.600 millóns de euros de gasto non financeiro; isto son 1.000 millóns máis que no exercicio do ano 2022. Son uns orzamentos que están feitos con rigor.

No debate das emendas á totalidade a señora Pontón insistiu —insistiu, ademais, hoxe niso, aínda que con menos énfase— na insolvencia duns orzamentos presentados pola Xunta, e xustificou esa insolvencia e a súa devolución porque os servizos de estudos do BBVA —o seu observatorio rexional— calculaban un crecemento do PIB galego para o 2023 do 0 por cento. Ben, nós respondémoslle daquela —e é unha resposta que está plenamente vixente— que os datos de crecemento previstos no caso dos orzamentos do 1,7 son os resultados do cálculo do IGE e están avaliados pola Airef. E a verdade é que resulta sorprendente que fronte a dous institutos públicos o Bloque prefira elixir o dun banco privado. Isto chamounos a atención; a verdade é que nos chamou moito a atención.

En segundo lugar, tamén lle respostamos que, desde o punto de vista dos ingresos, polo sistema de financiamento autonómico, son bastante neutrais co ciclo económico, porque as entregas á conta se van pagar; polo tanto, os posibles efectos dun cálculo erróneo no crecemento dependerían do Goberno de Madrid, dos cálculos que se fixeron en Madrid para calcular as entregas á conta, e non afectarían os ingresos de Galicia para este ano. Polo tanto, aínda que o cálculo estivese mal feito, tería escasísima incidencia no volume total de recursos que manexaría a Xunta.



A semana pasada o BBVA actualizou os seus datos de crecemento, e resulta que os revisou á alza. Para este ano incrementou o crecemento do 3,3 ao 3,6 e para o ano que vén resulta que Galicia, que ía crecer 0, agora vai crecer 0,5; para España revisou á alza o 0,2; é dicir, que hai unha revisión á alza que se aproxima á que fixo a Xunta. Hoxe, evidentemente, a señora Pontón, xa que lle gustan tanto os servizos de estudos do BBVA —que nós respectamos moito—, non vai recoñecer que as cousas van mellor do que o BBVA dicía ou recoñece o propio BBVA. Eu o único que lle podo dar ao respecto é un consello: en xeral, as predicións económicas son complicadas, sobre todo neste contexto de incerteza, pero, ¡home!, postos a fiarse, fíese do que está enriba do territorio, que ademais é público, que é o IGE, e que, ademais, ten prestixio e son uns excelentes profesionais, que é a predición que levan incorporada as contas xerais da Xunta.

O rigor tamén se nota —e isto convén recordalo— no aforro bruto que ten este orzamento. Aforramos. A diferenza entre gastos correntes e ingresos correntes é de 1.350 millóns, o que permite, coas transferencias de capital e a lixeira marxe de endebedamento, axustada ao que recomenda o Goberno de España, conseguir, evidentemente, ser a segunda comunidade máis investidora. Un 13,4 dos orzamentos adícase a investimento, cando na media das comunidades autónomas é do 7,6. Isto é o que o noso sempre lembrado Valeriano Martínez chamaba «crecemento san»: financiar o investimento non con endebedamento senón co aforro bruto dos orzamentos.

E, certamente, estes orzamentos tamén teñen uns obxectivos claros, aliñados, como dicía, coa política orzamentaria europea e, polo tanto, a través do Estado cos programas de gasto europeos, que se centran en axudar a quen máis o precisa nun contexto de gasto centrado no gasto social, pero tamén en axudar a quen máis o necesita pola vía dos ingresos —aos que me paso a referir a continuación—.

Primeiro, hai que lembrar que os ingresos crecen a pesar dos 600 millóns de euros de beneficios fiscais, e o motivo está claro e poden velo en calquera publicación, por exemplo, do Observatorio Fiscal e Financeiro das Comunidades Autónomas. Crecen fundamentalmente pola inflación. Fíxense que a recadación este ano vai incrementando un 37 por cento o IRPF —que é progresivo—; o IVE, que é proporcional, un 19,8; e o de sociedades, que ten unha lixeira progresividade, no 22 por cento. Aí vese claramente como actúa a inflación como o peor dos impostos; un imposto sobre o traballo que grava unha riqueza que non se produce, porque se está perdendo poder adquisitivo.

Ben, coa inflación, resulta que, ademais, o FDA ten calculado que nas pensións que van recibir a pensión máxima o 60 por cento vai retornar ao Estado vía pago do imposto sobre a renda. Evidentemente, tamén crecen polos fondos da Unión Europea, non do Goberno de España.

Pois ben, nós neste ámbito de decisión autonómica o que fixemos fundamentalmente co IRPF é mitigar os efectos da inflación na renda dispoñible cunha medida, que é a da deflacción da tarifa. Facémolo con carácter retroactivo ao 1 de xaneiro de 2022 e referidos aos tres primeiros tramos —aínda que afecta toda a tarifa—; é dicir, que baixamos exclusivamente aos que gañan aproximadamente os 35.000 euros —non como Valencia, que é un go-



berno de esquerdas, pero fai a deflactación ata os 60.000 euros—, e o que temos é, certamente, unha medida que axuda a que as familias leven mellor a crise inflacionista.

Aquí vanme permitir un comentario. Vostedes nas súas emendas piden deflactar a tarifa —o PSOE apóiao, porque fai basicamente a mesma deflactación que fai o Grupo Popular— e o Bloque increméntaa. Ao Bloque parécelle pouco unha deflactación do 4,5 e pide unha deflactación do 6. A min o que me chama a atención é que, dado que o IRPF é un imposto partido á metade —metade é para o Estado e metade é para a comunidade autónoma—, que en Madrid o PSOE vete o intento de deflactar a tarifa estatal do Partido Popular e o Bloque non fixese ningunha emenda para deflactar a tarifa estatal. Con todo, cando nós tomamos aquí a decisión de deflatacla, non só lles parece ben, senón que encima queren que se deflacte aínda máis; unha incongruencia máis desta oposición, que non é capaz de recoñecer que deflactar a tarifa axuda as persoas que máis o precisan. *(Aplausos.)*

Con respecto ao IVE, aí, como saben, non temos capacidade normativa e é inflacionista —menos, porque é proporcional non progresivo—, pero o certo é que nós levamos pedindo desde a Xunta e pedindo desde o Congreso dos Deputados as rebaixas de produtos que integran a bolsa da compra e a gasolina e seguimos sen que nos deixen debater as emendas en Madrid, porque nolas vetan cando pedimos isto, e sen que o Bloque o apoie, e aínda así se absteña.

Con respecto aos impostos cedidos, en patrimonio —como saben— buscamos que non se converta nun factor de deslocalización de investidores, porque arrastrarían ademais outras doses fiscais, por exemplo, o do propio imposto sobre a renda. É, ademais, un factor de dinamización do aforro, que posibilita o reinvestimento dos aforros en Galicia. Hai que lembrar que España é o único país da Unión Europea que ten o imposto sobre o patrimonio. Pero sobre o imposto do patrimonio aconteceu algo tamén na tramitación destes orzamentos, que é que o Goberno de España fixo un imposto espello —o imposto sobre as grandes fortunas— que basicamente consiste en que eu lle dou a competencia, pero, se vostede baixa os impostos, recado eu —evidentemente, eu creo que fixo ben o conselleiro en recorrello perante o Tribunal Constitucional, e eu son dos máis partidarios, porque nós pensamos que é democrático ir ao Tribunal Constitucional; para vostedes parece que agora ir a un recurso é como dar un golpe de Estado, cando é xusto o contrario—. Pero, en fin, dito isto, ¿que van facer vostedes con este ataque ao autogoberno? É que están atacando a capacidade fiscal da comunidade autónoma. Temos competencias normativas e fan un imposto co que, cando as exercemos, o que fan é afectar igual a poboación e quedar vostedes cos cartos. ¡Home!, poñan unha tarifa única, cambien o imposto do patrimonio, obriguen a que a tarifa sexa mínima. Non, o que fan é máis intelixente: xa que vostedes non lle cobran, cóbroo eu; fastidio igual o incentivo económico que xero a nivel autonómico, pero os cartos veñen para o Goberno central. ¡Unha vergoña!, sobre todo a reacción, porque eu entendo que isto afecta o autogoberno. E non ten que ver con que lle guste que baixemos ese imposto; é que o día que igual vostedes o suban hai un goberno que é partidario de baixalo e non lles deixa subilo, e entón o que estamos é afectando o autogoberno, non afectando a capacidade financeira.

En sucesións —que permite capitalizar a tantas familias—, vostedes tamén fixeron algo completamente contrario ao autogoberno. Non sei se saben —se non, cóntollelo— que no trámite último dos orzamentos o Partido Popular presentou unha emenda para retirar ese



período de sospeita que hai de que, se se fai unha herdanza en vida, de acordo co dereito civil galego, durante cinco anos está suxeito a sospeita de fraude fiscal. ¿Que fixo o Goberno socialista? Vetou o trámite da emenda; non a deixou debater sequera.

Finalmente, este presuposto conxela peaxes e taxas, tamén en contraste con outro presuposto que merece a abstención do Bloque. Aquí conxelamos as peaxes, por exemplo, das autovías e das autopistas, e en Madrid a autopista da AP-9 sobe o 9 por cento e o Bloque abstense. Aquí somos uns soberbios, que non aceptamos ningunha emenda. *(Aplausos.)*

En fin, no ámbito dos ingresos a oposición presentou varias incongruencias —a que acabo de mencionar da deflactación autonómica pero non da estatal—; curiosamente, fano sen retroactividade. Porque nós levamos a rebaixa que implica a deflactación para o ano 2022, e vostedes en ningunha das súas emendas que piden a deflactación a levan ao 2022; sería para o 2023. Polo tanto, están perdendo a deflactación deste ano. E, finalmente, como acabo de dicir, o tema de que uns orzamentos conxelen taxas e peaxes e outros non, bueno, non deixa de ser chamativo.

Evidentemente, no que si é congruente a oposición é en que o que queren é subir impostos. En xeral, máis presión fiscal, novos impostos e a suba dos impostos que xa existen. O cal tería un efecto inflacionista. Subir os impostos ten un efecto inflacionista. Non baixar os impostos ten un efecto que non axuda a conter a inflación.

Son contraproducentes... Bueno, fan algunha cousa simpática. Hai un imposto que ten como fundamento o impacto ambiental dos molinillos de vento, e o Bloque —xa o debatemos en Comisión— o que quere é cobrar por potencia. É dicir, que se hai dous molinillos que teñen a mesma potencia que un, nós pensamos que ten o dobre de impacto ambiental dous molinillos que un e..., *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* polo tanto, poñemos... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* —dixen á igualdade de potencia, ¡se escoitasen...!—. Coa mesma potencia producida vostedes cóbranlle o mesmo a un molinillo que a dous, cando o que trata o imposto é de reducir o impacto ambiental. Polo tanto, reducen o incentivo para que as empresas produzan enerxía con menos molinillos, que teñen menos impacto ambiental. ¡Dá igual!, xa ven que nin explicándollelo por terceira vez o entenden, pero, bueno, seguiremos. *(Aplausos.)*

E despois impostos como o dos encoros, cunha prohibición graciosa, que é a da translación dos impostos, ignorando unha esencia de todo imposto: que os pagamos os cidadáns. E se non os trasladan ao consumidor, que paga a factura, trasládanos ao traballador, trasládanos ao provedo, cara a atrás... Prohibir o tema da translación dos impostos é moi gracioso porque os impostos, ao final, quen os paga somos os cidadáns, e o que hai que procurar é que sexa con xustiza ou con finalidades extrafiscais como reducir o impacto ambiental dos molinillos e non ao revés. Bueno... *(Murmurios.)*

Gastos. Certo é que o gasto sobe 993 millóns de euros, apurando o teito de gasto —como dixen—, pero non lles chega. Vostedes coñecen —seguro— o paradoxo de Zenón: Aquiles nunca acadará a tartaruga porque, se vai reducindo a metade da distancia, nunca chega a alcanzar a tartaruga. *(Murmurios.)*



Isto é unha serie xeométrica converxente infinita, como sabe o meu colega o señor Álvarez, pero tamén sabe que o paradoxo de Zenón desaparece cando, en vez de ser infinita, poñemos un final: imos chegar á meta.

O ano pasado a meta dos Aquiles da oposición era subir os orzamentos: o PSOE, 204 millóns; o BNG, 418. Este ano nós subimos os orzamentos 900, case mil millóns de euros. ¡Ai, amigo!, pero isto non lles chega: multiplicamos por cinco practicamente o que pedía o PSOE e multiplicamos por 2,5 o que pedía o Bloque, pero a tartaruga vai un pouco máis alá, salvo, evidentemente, que fixemos que a meta era subir os orzamentos 200 e 400 millóns e queden deflactados. Evidentemente, neste caso, o Aquiles do Goberno adiantou por moito a tartaruga da oposición.

Sobre o gasto, gustaríame facer tres consideracións adicionais. Desde 2008 somos a comunidade autónoma de España que menos se endebedou. Isto creo que é importante dicilo. Galicia multiplicou por tres o seu endebedamento, pero é que España multiplicou, de media, as comunidades autónomas máis do catro por cento. É máis, é que deberían os galegos —xa que se deu o dato por habitante— 2.200 euros máis por habitante, de endebedarnos sobre a media de España.

Aquí o que houbo foi unha política prudente de endebedamento, cunha excelente reestruturación feita pola Consellería dos tipos de xuro variables en fixos, de tal maneira que este ano estes orzamentos incorporan unha cifra das máis baixas das comunidades autónomas en termo de gastos por tipos de xuro. Isto, ¿que é o que permite? Permite, como dicía antes, investir máis por aforro bruto e á vez cunha xestión eficiente: pagar aos provedores en 15 días cando a media son 25 días.

Segunda consideración sobre o gasto: que estamos todos de acordo en que o futuro pasa polos fondos Next Generation, como hoxe se mencionou. Nós estamos certamente preocupados porque o 50 por cento do crecemento para o ano que vén é o que se calcula que pode incidir unha boa execución dos fondos. E o que estamos a ver é que en Galicia se fixeron as cousas con seriedade; por exemplo, creouse unha sociedade que xerou algún proxecto, como o de Altri. E aquí temos, como xa dixo a nosa compañeira, unha proposta espectacular: que, como non hai ningún PERTE como consecuencia de que están centralizados e como consecuencia de que despois se reparten entre ministerios, porque é un goberno de coalición e cada ministerio ten que ter a súa cota, resulta que non encaixa en ningún proxecto, en ningún PERTE. Entón, o que ten que facer é dividir en dezasete miniproxectos —eu non sei se estarán vencellados, se se aproba un ou non se aproba outro— ou, por exemplo, o que estamos a ver co hidróxeno verde. Parece que o hidróxeno verde vai ser un proxecto fundamental para Galicia, pero envían a Europa o plano cos gasodutos e resulta que o de Guitiriz-Zamora, que conectaría Galicia, non está.

O que é indiscutible é que a execución é lenta. Con datos de execución orzamentaria, por exemplo, os empresarios, que son os que están atentos para ir aos PERTE e aos concursos destes proxectos, din que só está adxudicado o 9,1 dos 3.000 millóns de euros de PERTE e publicadas convocatorias polo 28 por cento dos 33.000 millóns de euros previstos.



Francia xa adxudicou o cen por cento, e aquí estamos no 28 por cento nas adxudicacións. Por riba, cada vez que o vicepresidente ou o presidente da Xunta din algo sobre a lentitude da execución, vén o ministro e acúsanos de crispas. «É que xa temos competencias», di. Ben, eu coincido en que temos unha competencia, por certo, exclusiva de acordo coas bases de execución do Estado en industria. E a primeira pregunta é: se temos unha competencia exclusiva en industria, ¿por que se centraliza o cen por cento dos gastos dos PERTE industriais? Se é competencia nosa, ¿por que a gasta o Goberno? Isto non ten ningún sentido.

Pero é que ademais de centralizar o cen por cento, din que aportemos cartos, o cal xa é gracioso. Se comparamos isto, por exemplo, coa competencia sobre o litoral, que é exclusiva e non condicionada á do Estado, e vemos que piden que reformemos o Estatuto para ter competencias para a ordenación do litoral, cando xa está no Estatuto, pois non deixa de ter o seu aquel. En definitiva, é unha mágoa, porque tiñamos a obriga de responder e de aproveitar esta oportunidade que nos brinda Europa.

O gasto social, que explica dúas terceiras partes da distribución nun estado como o noso de economía mixta, emprega o 74 por cento dos recursos; 709 dos 993 millóns de incremento son en gasto social. E con isto aprobamos moitas medidas, como a implantación da gratuidade das escolas infantís; os programas de atención de enfermidades dexenerativas; adecuar as axudas de inclusión social ao custo da vida; xerar a primeira plataforma experimental para producir enerxía eólica —estou mencionando nada máis as políticas novas que incorporan estes orzamentos—; o programa de impacto autonómico, con 30 millóns de euros para as persoas autónomas con rendas medianas e baixas; o reforzo da competitividade das zonas afectadas polo peche das centrais térmicas; no ámbito do medio ambiente, o plan de loita contra a seca; ou —xa rematando— un fortalecemento dos servizos públicos, cun incremento de 10 millóns, por exemplo, para o Programa galego de vacinación, que é espectacular en relación cos das demais comunidades autónomas; ou, por exemplo, con 137 millóns de euros adicionais para persoal, sobre un total de 570 millóns de euros que crece o orzamento, dos cales 139 serán para prazas novas en formación MIR e 61 para prazas de especialización de médicos especialistas en saúde mental. En educación incorporamos un plan de investimentos no Sistema universitario galego que tivo o beneplácito dos reitores. Reforzamos os centros educativos con equipamentos innovadores nos 230 centros de formación profesional. Ou, como se dixo, reforzamos a colaboración cos concellos con 11 millóns de euros.

Eu sempre digo que debe ser moi complicado, cando os orzamentos van tan axustados e teñen esa compoñente social, facer simbólicas emendas, ¿non? O Bloque quere crear cun millón de euros unha banca pública. Bueno, cun millón de euros unha banca pública vai ser complicado, pero, en fin... Pero, permítame que as poña en catro bloques.

Primeiro recortan cousas que chaman moito a atención. Por exemplo, o BNG propón rescatar o Álvaro Cunqueiro, privando de recursos —concretamente 37 millóns de euros— de obras todos os demais hospitais da rede pública; o cal non deixa de ser chamativo. Isto chámase de toda a vida vestir un santo desvestindo, neste caso, todos o demais santos que hai no país.

Outras emendas o que queren é que financieemos con cartos da Xunta gastos que lle corresponderían ao Estado. Por exemplo, o Bloque quere que creemos os xulgados de Ribeira, Vi-



lagarcía, Carballo e Viveiro, que non foron aprobados polo Ministerio de Xustiza. ¡Home!, eu creo que xa que se absteñen nos orzamentos do Estado poderían pedirles que creen estes xulgados e aforramos os cartos da Xunta para aquilo que non son, porque os xulgados os crea o Estado. Xa dixó a miña compañeira, no seu excelente discurso desta mañá, que por moito que queiramos vulnerar a normativa básica, por exemplo no incremento dos salarios públicos, non o podemos facer.

E despois hai unha serie de emendas que son máis curiosas. Eu chamaríalles a este grupo cuarto «Non sei en que país vivo», porque a primeira, por exemplo...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señor Puy.

O señor PUY FRAGA: ...—agora mesmo remato— reduce o Fondo de Continxencia da Consellería de Sanidade, cando acabamos de ver a importancia do Fondo de Continxencia na pandemia e acabamos de ver a importancia do Fondo de Continxencia para pagar os 78 millóns de euros que o Estado nos pide que paguemos. De aí veñen as modificacións de crédito, e teñen aí un exemplo: por exemplo, para recuperar o carácter público do Servizo de Gardacostas de Galicia, que é o Servizo público de Gardacostas de Galicia desde o día da súa fundación; ou para ampliar o servizo do Intecmar as fins de semana e os festivos, cando na páxina web do Intecmar se pode ver que as fins de semana e os festivos o Intecmar segue a traballar.

Conclúo, presidenta. As emendas e o discurso da oposición, desgraciadamente, están baseadas en prexuízos demagóxicos sobre as intencións do Partido Popular a amigos, aos ricos... Populismo puro que os datos desmenten. E vostedes critican os datos. Entón, xa estamos no populismo ao cadrado: presentan alternativas irrealis, contrarias á lóxica económica, particularmente no ámbito dos ingresos, e piden en Galicia o que non demandan nos orzamentos do Estado, por exemplo, a deflactación da tarifa... Son contraditorios entre si, uns queren que poñamos máis eólicos e outros que poñamos menos, e son contraproducentes coa situación económica porque subir os impostos crearía máis inflación.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Rematou o seu tempo, señor Puy.

Moitas grazas.

O señor PUY FRAGA: Afortunadamente, en Galicia hai estabilidade política e rigor... *(O señor Puy Fraga pronuncia palabras que non se perciben.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

(Aplausos.)

Continuamos coa rolda dos grupos parlamentarios para que se definan sobre as emendas defendidas polos demais.

Ten a palabra, polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, o señor don Luis Manuel Álvarez Martínez por dez minutos.



O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Moitas grazas, señora presidencia... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Señora presidenta —perdón—, presidenta... Si, son capaz de autocorrixirme; non o necesito a vostede. Agradezo os seus esforzos permanentes en corrixir o que eu digo, pero ata aquí chego. (*Aplausos.*)

Señor Puy, coincido coa súa aportación con respecto ao paradoxo de Zenón. En realidade, é a suma dunha progresión xeométrica de infinitos termos que ten un límite finito. Ese é un dos paradoxos, porque ten unha razón menor que 1 ese 0,5. E aquí rematan as miñas coincidencias coa súa intervención.

Mire, fixo vostede unha referencia de 15 segundos a un tema que estou seguro de que ata incluso —e pode corrixirme vostede— é incómodo para vostede, porque vostede, como reputado xurista e profesor universitario, coñece perfectamente as consecuencias do que estamos a falar.

Pero mire, a súa frase de que non traíamos aquí debates que non interesan, permítame que a considere profundamente desafortunada. Porque mire, onte o Tribunal Constitucional decidiu por 7 votos a favor e 5 en contra paralizar a tramitación dunha lei na sede da soberanía nacional. E é unha resolución que se debe acatar, evidentemente, pero non pode dicir vostede que este é un debate que non interesa precisamente nun parlamento autonómico. (*Aplausos.*)

Mire, é a decisión máis grave do Tribunal Constitucional na súa historia, adaptada, por certo, nun tempo inusualmente breve e cunha maioría absoluta máis exigua: 6 votos fronte a 5. (*Murmurios.*) O Tribunal Constitucional detivo a acción legislativa dos representantes lexítimos do pobo español, algo que nunca sucedera durante os corenta e catro anos de democracia e que afecta a separación de poderes. Dito dunha forma máis resumida e contundente: é un ataque á democracia. (*Aplausos.*) A lei non lle confire ao Tribunal Constitucional a posibilidade de paralizar a actuación das Cortes Xerais, porque —sábeo vostede mellor ca min— esa facultade existía e en 1985 derrogouse para evitar o que pasou onte. Non pode dicir vostede, señor Puy, sensatamente, que este é un debate que non interesa. É un conflito, desgraciadamente, entre quen cumpre a Constitución e quen a incumpe desde hai catro anos. Non é un conflito nin de partidos nin de institucións; é un conflito entre quen queremos cumprila e quen impide día a día que se cumpra esa Constitución. Señor Puy, entendo a súa exigua referencia que lle levou menos tempo que o paradoxo de Zenón.

Pero o certo, volvendo ao debate que nos ocupa, é que partimos dunha realidade avaliada polo informe de conxuntura socioeconómica de Galicia do ano 2020 do Foro Económico e Social, que amosa conclusións preocupantes sobre a realidade da nosa comunidade autónoma. ¿Por que? Porque pese a todas esas cifras que vostede citou na súa intervención, o PIB real amosa unha senda diverxente coa media estatal, xa que, mentres a actividade económica galega se reduce en 7 décimas nos dous trimestres anteriores, a media estatal no mesmo período se incrementa en 2. Sendo como foi menor a afectación económica do impacto da crise provocada pola pandemia en Galicia que noutras comunidades autónomas, a nosa recuperación é máis lenta. Antes tiñamos un diferencial de 4,4 puntos e hoxe só de 1,7 puntos. E porque temos menor taxa de actividade, señor Puy, dígao vostede e explíqueo como



queira. Fale de poboación activa, fale de crecemento ou de decrecemento da poboación, fale do que queira, pero o certo é que a media estatal é superior á de Galicia: 58,7 por cento fronte ao 53,2 por cento. Non son datos do PSdeG, e sábeo vostede, son datos do Foro Económico de Galicia, que algo saberán disto.

¿E todo isto por que? A resposta é evidente: é consecuencia da falla de actuacións ben orientadas. E estes orzamentos, que son un elemento crucial, van seguir constatando que somos unha comunidade económica menos dinámica e máis empobrecida.

Como dixen antes, na miña primeira intervención, é un modelo de execución orzamentaria que só no ano 2021 levou a modificar as previsións iniciais nada máis e nada menos que 800 millóns de euros. Estou seguro, señor Puy, de que neste debate o próximo ano imos poder dar unhas cifras similares eu ou quen me substitúa, ou vostede ou quen o substitúa. Dá igual, as cifras van seguir sendo as mesmas, en canto a modificacións orzamentarias, cunha transcendencia importante. Posiblemente asistamos de novo a un incremento da débeda —como o que dixen antes que fixeron vostedes— de 510 millóns de euros ultimamente.

As nosas emendas parciais o que pretenden é corrixir parte desta problemática, porque trasladan necesidades existentes nos nosos concellos, necesidades en distintos ámbitos, e tamén —se queren, e admito— ata de distinta importancia, certo. Pero non son carencias que inventemos dende o Grupo Parlamentario Socialista para encher un cadro, logo de moitas horas de traballo; son necesidades que vostedes coñecen, os mesmos que van votar en contra deles.

Porque todos os que estamos aquí... Aténdame un momentíño. Xa sei que este non é un debate particularmente dinámico nin que chame a atención, pero preste atención a unhas preguntas moi concretas e breves que lle vou formular: ¿coñecen vostedes algún tramo ou algún albergue do Camiño de Santiago —que é o principal vector do noso potencial turístico e cultural; non o único, pero si o principal— que non estea necesitado de actuacións? Seguro que si. ¿Coñecen vostedes algunha necesidade de actuación medioambiental cuxa necesidade salte á vista de forma evidente? Seguro que si. ¿Coñecen vostedes nas súas comarcas de procedencia as necesidades de actuación en orientación laboral para mellorar a cualificación profesional e reducir o desemprego? Seguro que si. ¿Non coñecen vostedes ningún centro de saúde no que ademais de faltar persoal sanitario sexan necesarias reformas? Seguro que si, porque os hai nos concellos rurais e nos urbanos. ¿Non identifican vostedes no seu contorno ningún ben do noso patrimonio que necesite actuacións urxentes, non para reformalo, senón para evitar simplemente que se destrúa? Seguro que si. ¿Van os fillos dalgún de vostedes ou dalgún coñecido a algún centro público que necesite melloras? Seguro que si. E seguro que tamén coñecen centros, concellos, que necesitan novas instalacións.

¿Teñen vostedes nas súas familias ou no seu contorno coñecidos dalgunha persoa dependente que está á espera de que se lle asigne praza nun centro de día ou nunha residencia pública? Seguro que tamén. ¿Tampouco coñecen ningunha parroquia que leve agardando polas concentracións parcelarias decenas e decenas de anos? Cando veñen a este Parlamento ou cando van facer calquera xestión, cando van visitar a alguén ou simplemente cando van por calquera motivo pasear, ¿non transitan por ningunha estrada de competencia autonómica que necesite ser reformada e adecentada? Seguro que si.



¿Todos os que estamos aquí temos unha subministración de auga, unha rede de saneamento, óptimas? Porque, se é así, somos un colectivo moi afortunado. Pero eu teño a certeza de que coñecen vostedes tamén esas necesidades. ¿Os que viven nos concellos costeiros non coñecen ningún porto de titularidade autonómica que necesite non só reformas senón equipamentos para evitar catástrofes como a que estivo a piques de ocorrer hai uns días cun pesqueiro? Seguro que si.

¿Os polígonos industriais que coñecen —e estou ben seguro de que todos coñecemos algún— non necesitan ningunha actuación? Porque eu poderíalles falar dalgún que ten máis fochancas que naves industriais, e desde logo que teñen unha produción de herba nas súas rúas ben envidiable. E tampouco coñecerán instalacións deportivas que precisen, por exemplo, cambios de cubertas ou substitución de céspedes artificiais.

Francamente, se a resposta é negativa a todas estas preguntas, creo que vivimos en realidades ben distintas.

As nosas emendas proveñen do 40 por cento dos concellos galegos, dos que gobernan vostedes e dos que non gobernan, que son uns cantos. E por iso resulta complexo entender como é posible que non acepte nin unha soa das 628 emendas que presentamos.

Xa que o señor Puy tivo a xentileza de vir á miña zona de confort, e polo tanto a introducir a matemática no debate parlamentario, vou facerlles a todos vostedes un bonito problema de estatística parlamentaria para calcular a probabilidade de que, presentando 628 emendas, ningunha delas sexa acertada. Miren, noutro momento faremos unha estimación, pero xa lles avanzo unha solución trivial: se asumimos de entrada que todas están mal, a probabilidade de que algunha estea ben é directamente cero, e así xa lle sae o cálculo de probabilidades aritmético e parlamentario ao Partido Popular.

Saben vostedes que son competencias da Xunta de Galicia, porque esa é unha fotografía da Galicia real, as que necesitan as actuacións das Xunta de Galicia que nunca chegan, pese anuncios reiterados, sobre todo nas campañas electorais. Pero tamén sabemos que o motivo real do rexeitamento non é que as emendas sexan nin innecesarias nin incorrectas; é que vostedes prefiren resolver todos eses problemas que existen empregando unha repartición arbitraria mediante convenios ou subvencións de moi difícil xustificación.

E podería seguir así *ad nauseam* porque esta é a triste realidade de todos os trámites orzamentarios, un tras outro...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señor Álvarez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Remato, señora presidenta.

Miren, non son nin estas nin outras as mesmas emendas de sempre, como temos oído dicir ao Partido Popular; o que hai son argumentos que se repiten, porque seguimos a padecer os mesmos problemas sen solución, aos que, lamentablemente, engadimos outros novos, uns deles conxunturais e outros que son consecuencia dunha longa concatenación de erros que estamos a pagar e dos que, por certo, este grupo parlamentario leva anos advertindo.



Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señor Álvarez.

Quenda para o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, tamén por dez minutos.

Ten a palabra dona Ana Pontón Mondelo.

A señora PONTÓN MONDELO: Moi bo día.

A verdade, señor Puy, teño que dicirlle que por un momento pensei que estabamos no Congreso dos Deputados. Eu creo que o señor Puy é tan consciente da insolvencia dos orzamentos da Xunta que prefire falar de calquera cousa antes que dos orzamentos galegos. (*Aplausos.*)

E, bueno, xa llelo teño dito en máis ocasións: sigan facendo de oposición do BNG. En fin, fan prácticas para o futuro. Pero tamén me sorprende porque están moi obsesionados co BNG en Madrid, porque están aí todos os días criticando o deputado do BNG en Madrid. Eu entendo que é normal, porque, fíxense, cando o PP tiña máis deputados e ata gobernaba no Estado, ¿saben que pasaba neste país? Pois que subían ano tras ano as peaxes da AP-9, e un deputado do BNG conseguiu unha rebaixa histórica. (*Aplausos.*) Claro, vénselle as vergoñas ao Partido Popular. E están vostedes moi nerviosos. Sigan facendo de oposición ao BNG —insisto, fan prácticas—, pero era moito mellor que gobernasen este país, porque temos unha grave crise e temos unha situación moi preocupante que necesita resposta.

En fin, tamén teño que dicirlle que me sorprenden moito algunhas das declaracións que fixo o portavoz do PP. É que por un momento vin un Puy independentista: «nada do que pasa en España nos importa porque é alleo a Galicia...» ¡En fin...! (*Aplausos.*) Sorprende, señor Puy, que queira escorrer o vulto desta maneira, sobre todo cando falamos dun tema moi serio, dun tema moi grave, E insisto en que non é a primeira vez que o Tribunal Constitucional impide un debate nun parlamento, pero é certo que é un ataque á liña de flotación da democracia. Porque impedir por parte dun órgano, que, ademais, non forma parte do poder xudicial —que tiña que ter un papel de árbitro—, e nunha situación como na que hai neste momento, un debate parlamentario é cruzar moitas liñas vermellas e, desde logo, querer non só xerar unha crise institucional, senón tamén unha situación de crispación política que creo que é un problema moi grave, e creo que o Partido Popular ten unha responsabilidade clara.

Pero é que tamén esa situación, vista desde aquí, é unha mostra de hipocrisía política por parte do Partido Popular e do señor Feijóo sen límites. Foron 200 leis modificadas pola porta de atrás a través da Lei de acompañamento, na súa inmensa maioría sen ter absolutamente nada que ver cos orzamentos. Pero é máis, é que o Partido Popular non quedou aí, porque o Partido Popular en moitas desas tramitacións modificou leis que non formaban parte da Lei de acompañamento. Polo tanto, son vostedes uns hipócritas ou vulneraron a Constitución. ¿Levan anos aquí vulnerando a Constitución e cometendo ilegalidades? (*Aplausos.*) Non, non. Non rían, señorías, porque é un tema moi serio.



No 2019 modificaron a Lei de caza, a modificación da composición do CES, no 2020 modificaron a Lei de estrutura agraria e tamén unha lei de protección ambiental, cambiando os prazos de tramitación e incluíndo unha menor protección en ámbitos que son importantes. Non son cuestións menores. Son cuestións de forma que, se lles valen aquí, desde logo sorprende que non lles sirvan en Madrid. E, desde logo, nós imos seguir denunciando o que nos parece un ataque á democracia, que, insisto, como demócratas, nos afecta.

E logo teño que dicir que nos sorprende moitísimo que coa que está caendo veñan aquí dicir que hai boas noticias. Non sei quen recibiu boas noticias nos últimos tempos. ¿Cales son as boas noticias para Galiza? ¿As boas noticias son que seguimos perdendo poboación, que cada vez nacen menos nenos e nenas, que seguimos mandando miles de mozos e mozas á emigración, que se destruíron 15.000 postos de traballo no sector industrial...? ¿Cales son as boas noticias?, ¿que Galicia segue por riba da media na suba da inflación, a pesar de ter salarios máis baixos, ou que estamos desconverxendo cada vez máis? ¿Esas son as boas noticias, señor Puy? (Aplausos.) Desde logo, o único que nos demostran é que están en Babia e fóra da realidade.

Porque, efectivamente, o Partido Popular eu creo que está fóra da realidade desa maioría que non se senta nos consellos de administración, como a exconselleira do Partido Popular, a señora Beatriz Mato. Porque, fíxense, dinnos aquí que estes orzamentos son para axudar a quen máis o necesita. ¿E como axuda o Partido Popular a quen máis o necesita?, ¿suprimindo a Tarxeta Básica, coa que as familias con menos recursos pagaban alimentos e medicinas? (Aplausos.) Bueno, si, claro, é certo que nestes orzamentos axudan algunhas persoas. Hai 7.700 persoas que teñen un patrimonio neto de 6 millóns de euros que reciben nun agasallo fiscal de 34 millóns de euros; axudan unha minoría, mentres deixan á intemperie a maioría deste país. (Aplausos.)

E volveunos falar da súa política fiscal, porque si, vostedes báixanlle máis a quen máis ten. Nunha persoa que cobra menos de 12.500 euros, a rebaixa fiscal son 20 euros. ¿E de que lle valen 20 euros a unha familia se non ten pediatra e ten que levar o seu fillo ou filla a un pediatra privado, se non ten os recursos necesarios para poder atender cuestións básicas como a sanidade? (Aplausos.) Iso si, 20 euros de rebaixa se gañas menos de 12.500; pero se gañas máis de 60.000 a rebaixa é de 500 euros ao ano. É unha diferenza substancial.

E, sobre todo, o que vemos é que o Partido Popular é moi solidario coas eléctricas. Hoxe volveron aquí criticar que ás eléctricas —que se están forrando nesta crise, especulando— se lles grave máis con impostos. ¡Pero se iso é o que deberían facer e iso é o que defende o BNG! Pero aquí vemos dúas maneiras diferentes de gobernar: vemos o Partido Popular que é moi solidario coas pobres eléctricas, que o están pasando mal, e perdóanlle a Greenalia, a empresa na que se senta a exconselleira Beatriz Mato, 11,7 millóns de euros, (Aplausos.) e tamén vemos como, en fin, utilizan algúns argumentos que son un pouquiño como —case non sei— de Gila ou de Groucho Marx para criticar as propostas do BNG no tema de canto teñen que pagar as eléctricas, porque, en fin, todo iso, para dicir que votan en contra dunha proposta para que gravemos con 25 millóns de euros máis as eléctricas, que están poñendo muíños no noso país e que cada vez poñen menos muíños en número pero con moita máis potencia. Polo tanto, se non cambiamos ese canon, o que vai pasar é que haberá máis potencia e pagarán cada vez menos. (Aplausos.) Iso é o que defende o Partido Popular.



Hoxe eu, polo menos, agradézolle ao señor Puy que recoñeza a insolvencia dos seus orzamentos en dúas fases. Unha é que eu sigo dicindo que me parece increíble. É increíble que o señor Puy diga que dá igual cales sexan as previsións que teñan os orzamentos da Xunta. É que unha política económica terá que estar solventada en cales son as previsións dese ano: cales son as previsións de emprego, cales son as previsións económicas, que situación social se pode producir... E, claro, se iso falla, é que o que nos está dicindo vostede é que os orzamentos da Xunta son un artefacto inútil; dá igual o que pase porque os orzamentos da Xunta non valen para nada. Pero logo tamén recoñece que si, que as previsións que teñen non son reais e que ninguén —excepto a Xunta de Galiza— cre que o PIB vaia subir un 1,7 por cento. Vostedes tampouco o cren, pero é evidente que nunca van recoñecer a propia realidade.

En todo caso, preocúpame que para vostedes non mereza ningunha reflexión que a propia Airef lles diga que somos a comunidade autónoma onde máis persoas en situación de pobreza non teñen ningún tipo de axuda pública. Rectifiquen e, polo menos, recuperen a Tarxeta Básica e as propostas que lles estamos poñendo para unha rede de protección social.

Desde logo, nós entendemos que estamos nun momento en que este país necesita uns orzamentos que axuden a quen máis o necesita, que enfronten os retos que temos e que lle permitan, na capacidade que ten a Xunta de Galiza, polo menos darlle un futuro mellor a este país. Pero o que vimos neste debate é que o Partido Popular está fóra da realidade da maioría social e que vén aquí con soberbia. E esa soberbia non prexudica o BNG, a quen prexudica é os miles de galegos e galegas que non chegan a fin de mes, os miles de pequenas e medianas empresas que o están pasando realmente mal para manter os seus proxectos en pé; en definitiva, esa maioría de galegos e galegas que cada día traballan duramente e que ven a unha Xunta allea á súa realidade, sen propostas e sen alternativas.

Desde o BNG seguiremos traballando en positivo para darlle un futuro mellor a este país.

Moitísimas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señora Pontón.

Para rematar, quenda agora para o Grupo Parlamentario Popular tamén por dez minutos.

Ten a palabra don Pedro Puy Fraga.

O señor PUY FRAGA: Moitas grazas, presidenta.

Cando falaba de non traer debates aquí, señores portavoces, referíame a que non digan que nesta Cámara estamos facendo o mesmo que aconteceu en Madrid. Aquí nunca trouxemos unha emenda que, sen que vostedes a coñecesen, modificase unha lei de desenvolvemento estatutario; é máis, vostede non citou nin unha soa lei de desenvolvemento estatutario. É máis, vostedes os dous saben que, cando queremos —porque o piden os propios órganos— retocar algunha lei de desenvolvemento estatutario, pactámolo. É máis, hai un par de lexislaturas fixemos unha proposta lexítima: modificar a Lei electoral para reducir o número de escanos, e, como non houbo acordo, non a tocamos. ¿Imaxinan vostedes que eu, en medio



dunha tramitación dunha lei —como, por exemplo, a Lei de medidas ou calquera das que vostede citou—, collo e reformo o sistema electoral? Diso é do que estamos a falar, e é o que se está a facer en Madrid. En todo caso, nun Estado de dereito é democrático ir aos tribunais.

O que si evidencia este debate é que así como hai que felicitar o Partido Socialista, que di que a culpa é do PP, cando probablemente o recorrido non foi o que fixo o PP; o que fixo o PP foi recorrer algo que fixo o PSOE, e o que está mal é o que fixo o PSOE, segundo o Tribunal Constitucional. Pero, polo menos, acata a sentenza, pero o que vemos é que o Bloque está na rebeldía: que non se obedeza, (*Murmurios.*) que non se lle faga caso ao Tribunal Constitucional... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Está ben, está ben ver que a oposición en Galicia temos, por unha banda, ao grupo maioritario, que se dedica a dicir que non hai que obedecer os tribunais, concretamente, o Constitucional, (*Aplausos.*) e, en cambio, felicítome de que o Grupo Socialista acate as sentenzas. (*Aplausos.*)

Por certo, falando de congruencia, un día destes pásolle todas as emendas que, por incongruentes, nos tiraron os letrados e que non tramitamos na Lei de medidas, que hai unhas cantas. Pero, bueno, en fin, deixemos ese tema aí, porque eu, certamente, creo que respectamos as institucións hoxe debatendo sobre orzamentos e non sobre algo que non acontece nesta Cámara. Iso foi o que dixen que non era un problema galego; o problema do dereito de emenda non é un problema noso, é un problema que se ten plantexado noutros sitios.

Ben, un par de cuestións. Efectivamente, vostede dixo que hai moitas cousas por facer. Evidentemente, ¡pero é que ese é o problema económico! Eu díxenlles: vostedes queren en moitas das súas emendas facer ver que queren gastar máis noutras cousas sacando diñeiro desas cousas. Cando un saca cartos para un hospital doutros hospitais, o que estamos é administrando recursos escasos. Ese é o problema económico. As necesidades son infinitas, e esa si que é unha serie infinita sen un final finito; aí si que sempre teremos que priorizar. E, realmente, as emendas que nos fan pois non teñen priorizado excesivamente o tema.

O que si é certo é que o ano pasado vostedes querían que gastásemos 418 millóns máis e 204, e resulta que este ano gastamos 900 máis e non lles chega; seguen querendo gastar 400 ou 233. Bueno, é curioso que cando lles multiplicamos por 5 ou por 2,5 o que pedían que gastásemos o ano pasado tampouco lles chega; é simplemente un comentario.

Señora Pontón, parece que o único que lle gusta son as catástrofes. E Galicia ten que ser unha catástrofe porque melloramos o PIB per cápita non é unha boa noticia, que melloramos a produtividade da economía galega non é unha boa noticia, que os índices de pobreza sexan inferiores en Galicia que no conxunto de España e mesmo que na Unión Europea non é unha boa noticia... O que pasa é que é unha mala noticia para ela, porque, se as cousas van ben, ela ten menos opcións de dicir que as cousas van mal; e cada vez que nós sacamos un dato que demostra que as cousas van ben chámamos triunfalistas. Efectivamente, eu non vou dicir moito sobre isto.

Foi vostede a que máis mencionou a Feijóo. Eu non sei... Di que eu falo de Madrid. Eu de Madrid falei unha folla de vinte e tantas que trouxen, e vostede a Feijóo mencionouno catro veces.



Pois debe ser que non se deu conta de que hai outro presidente da Xunta; debe ser, porque nas enquisas seguen perdendo as eleccións, pero, bueno, en fin, ese tampouco é o noso problema.

Falan de agasallo fiscal. Claro, este é un tema de concepción curiosa. ¿De quen son os recursos? Os recursos, ¿de quen son? ¿Son nosos e deixamos que a xente teña rendas? ¿Ou a xente traballa, fai rendas, consegue aforro e ten un capital? Porque cando digo un agasallo parece que lle estamos dando cartos a alguén, cando o que estamos facendo é fixar distintas formas de contribución ao pago dos servizos públicos con cartos dos cidadáns. Entón, se non comprendemos isto, pois, efectivamente, estamos nunha tese que, bueno, se vou aos estatutos da UPG, resulta que é a tese que estou pensando e que estamos todos pensando que é: os recursos non son de quen os traballa; os recursos son de todos, porque todos somos iguais e vivimos nunha sociedade na que o esforzo individual, o traballo, o mérito, o esforzo, o investimento e o risco que conleva pois non teñen dereito a prima. Entón, con esa concepción, pois, a partir de aí...

Ben, tamén me chamou moito a atención que non explicase por que se absteñen en Madrid, cando non lles aceptaron ningunha emenda. Insisto, vostede chamounos soberbios porque non lle aceptamos ningunha, e en Madrid tampouco lles aceptan ningunha.

Gustaríame —porque os dous portavoces fixeron referencia a isto— facer algunhas precisións sobre sanidade. É un orzamento histórico, 4.972 millóns de euros; sobe un 8,4 por cento o orzamento de sanidade. Hai máis de 1.500 millóns só para atención primaria, dos cales 570 son para persoal; unha suba de 137 millóns de euros. Señora Pontón, dixo un dato, e non vou dicir que minta, porque eu confío en que non mente, aínda que confío pouco nos datos que lle pasan, porque os datos non teñen nada que ver coa realidade —e despois di que somos nós os que estamos ausentes da realidade—. Datos deflactados —se quere, tome nota e, cando queira, debatémolos—: gastos en primaria, en persoal, en 2008 eran 415 millóns; deflactados no orzamento do 2023 son 576; polo tanto, hai unha suba considerable de gastos de persoal. En gastos en bens correntes, pasamos de 37 millóns a 53 —actualizados—; é dicir, que estamos incrementando significativamente o gasto. ¿Onde baixa o gasto en atención primaria —é que disto é interesante que o Bloque tome nota—? En receitas de farmacia. En receitas de farmacia pasamos de 856 millóns de euros a 829. ¿E isto a que se debe? A un catálogo de medicamentos xenéricos que votamos o PP e o Bloque e que o PSOE recorreu ante o Constitucional. Finalmente, o Constitucional deulle a razón a Galicia. Entón, cando falan de redución do orzamento en atención primaria, cando estamos gastando máis en médicos, cando estamos gastando máis en investimento e o que cae é o gasto en farmacia, porque tomamos unha decisión que mellorou a eficiencia do sistema —porque se dan moitas máis medicinas que antes, o que pasa é que pagamos menos; é dicir, facemos máis con menos, ¡eficiencia!—, (*Aplausos.*) pois vostedes non din a verdade. Eu laméntoo moito. (*Aplausos.*) Se sacamos o gasto en farmacia e vemos o gasto en persoal e o gasto en bens correntes, resulta que o orzamento desde o ano 2008 ao 2022 creceu un 18 por cento en atención primaria, e vostede segue dicindo que, se deflactamos, gastamos menos que no 2008. Pois non é verdade, señora Pontón, ¡non é verdade!

Do que non falou ningún foi da reunión de onte, que tamén ten graza. O principal problema do sistema sanitario é que non hai médicos. Resulta que as comunidades autónomas —in-



cluída a do País Vasco; por non dicir que son as do PP as que están facéndolle a guerra a Sánchez— piden que se inclúa na orde do día o problema da falta de médicos, e o Ministerio non o pon. Fala doutras cousas, seguramente moi importantes e moi interesantes, pero non fala do principal problema do sistema sanitario español, do problema xeral que se podería resolver revisando os requisitos de acreditación ou flexibilizando os procesos para a provisión de prazas, e non o queren facer.

En educación tamén dixeron que estamos facendo mal as cousas. Resulta que temos a taxa de abandono escolar máis baixa de España, en terceiro lugar —estaba no 25 cando gobernaban vostedes e está no 8,1—; a taxa neta de escolarización está no 96 por cento; o Informe Pisa di que temos o maior rendemento académico promedio de España e o ensino máis equitativo de todas as comunidades autónomas; temos unha explosión de éxito na formación profesional, con 61.000 persoas matriculadas, crecendo a formación dual, máis de 800 empresas implicadas na formación profesional dual, co 40 por cento dos centros no rural; estamos na cuarta posición en euros gastados por alumno en centros públicos e tamén na cuarta posición en número de alumnos por profesor... Bueno, pois, evidentemente, dicir que este é un goberno neoliberal é unha boutade máis, como as que adoita dicir a señora Pontón.

En realidade, temos os orzamentos máis elevados da nosa historia —máis de 1.000 millóns máis que o ano pasado—, que reforzan as liñas de actuación prioritarias de apoio e protección ás familias —aforro, eficiencia enerxética, dinamización económica, protección do medio ambiente e fortalecemento dos servizos públicos—, o maior gasto social da historia, o maior reforzo dos investimentos, cun 8,5 máis que o ano pasando, e ademais mantendo medidas fiscais progresivas para axudar as familias a superar a crise.

Por iso, nós imos apoiar estes orzamentos, porque son os mellores para a actual situación de Galicia.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor Puy.

(A señora Pontón Mondelo pide a palabra.)

¿Para que quere a palabra, señora Pontón?

A señora PONTÓN MONDELO: Si, señora presidenta. Con base no artigo 76, porque o señor Puy fixo unhas manifestacións aquí que son absolutamente inexactas a respecto de cal é a posición do BNG sobre a decisión que tomou o Tribunal Constitucional. *(Murmurios.)*

Nós non falamos aquí... *(Protestas.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Señora Pontón...

A señora PONTÓN MONDELO: ...de que había que desobedecer. Quen está instalado na desobediencia... *(Protestas.)*



A señora PRESIDENTA (Candía López): Perdón. ¡Señora Pontón, por favor!

A señora PONTÓN MONDELO: ...é o Partido Popular, que ten...

A señora PRESIDENTA (Candía López): ¡Señora Pontón...!

A señora PONTÓN MONDELO: Señora presidenta...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Creo que en todo o debate, durante toda a sesión, non chamei a ningún grupo á cuestión, a pesar de que todos dedicaron sobradamente tempo a posicionarse sobre esa cuestión. (*Murmurios.*) E priorizando, ademais, o interese do que imos votar, dígolle que non ten a palabra.

Moitas grazas.

(*A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*)

Procedemos á votación, unha vez rematado o debate... (*Murmurios.*) Prégolles o máximo interese e concentración —tendo en conta a falta de experiencia da presidenta tamén—, sendo como é unha votación complexa.

Votación conxunta das emendas ao articulado

A señora PRESIDENTA (Candía López): Empezamos a votación das emendas de cada un dos grupos emendantes ao articulado, agás aquelas votacións separadas e específicas solicitadas polos grupos parlamentarios.

Procedemos, en primeiro lugar, á votación conxunta das emendas de cada grupo parlamentario ao articulado.

Votación conxunta das emendas do Grupo Parlamentario Socialista. Son as números 1 á 19, da 21 á 39, da 42 á 44 e da 46 á 76.

Votamos.

Votación conxunta das emendas ao articulado números 1 á 19, da 21 á 39, da 42 á 44 e da 46 á 76 do G. P. dos Socialistas de Galicia ao Ditame emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Pasamos á seguinte. Votación conxunta das emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Da número 1 á 32.



Votamos.

Votación conxunta das emendas ao articulado números 1 á 32 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao Ditame emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

Votación das emendas ás seccións e ás entidades públicas instrumentais

A señora PRESIDENTA (Candia López): Pasamos ás votacións conxuntas das emendas de cada un dos grupos emendantes ás seccións e ás entidades públicas instrumentais.

Sométense a votación conxunta todas as emendas de cada un dos grupos parlamentarios ás seccións e ás entidades públicas instrumentais, agás —se é o caso— as votacións separadas que solicitaron os grupos parlamentarios, que terán a súa votación específica correspondente.

Votacións das emendas do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

Sométense a votación conxunta todas as emendas do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, xa que non se solicitou ningunha votación específica: da sección 04, as emendas 1 á 14; da sección 5, as emendas 15 á 34; da sección 06, as emendas 35 á 85; da sección 07, as emendas 86 á 100; da sección 08, da emenda 101 á 129, e a 371; da sección 09, as emendas 401 á 591, e a 627; da sección 10, as emendas 265 á 320, a 625 e da 626 a 628; da sección 11, as emendas 130 á 244; da sección 12, as emendas 245 á 264; da sección 13, as emendas 321 á 370; da sección 14, as emendas 372 á 400; da sección 15, as emendas 592 á 623 e a número 624.

Votamos.

Votación conxunta das emendas do G. P. dos Socialistas de Galicia ás seccións e ás entidades públicas instrumentais do Ditame emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Pasamos á votación das emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.



Igual que na anterior, sométense a votación as emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e, en primeiro lugar, votamos aquelas para as que se solicitou votación separada ou específica.

Votación separada das emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por petición do Grupo Parlamentario dos Socialistas: da sección 5ª, a emenda número 37; da sección 7ª, as emendas números 86 e 87; da sección 10ª, as emendas números 185 á 300; da sección 11ª, a emenda número 304; da sección 12ª, as emendas números 327, 329, 330, 345 á 347, 349, 354, 356 á 359, 392 á 395, 398 á 400, 402, 403, 407 á 409, 411, 412, 415 á 417, 419 á 430, 432 e 437.

Votamos.

Votación das emendas números 37, 86, 87, 185 á 300, 304, 327, 329, 330, 345 á 347, 349, 354, 356 á 359, 392 á 395, 398 á 400, 402, 403, 407 á 409, 411, 412, 415 á 417, 419 á 430, 432 e 437 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ás seccións e ás entidades públicas instrumentais do Ditame emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 19; votos en contra, 41; abstencións, 14.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Continuamos coa votación das restantes emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego: da sección 04, as emendas números 1 á 21; da sección 05, as emendas números 22 á 55, agás a número 37, que foi votada anteriormente; da sección 06, as emendas 56 á 85; da sección 07, as emendas número 86 á 92, agás as números 86 e 87, que tamén foron votadas anteriormente; da sección 08, as emendas números 93 á 139; da sección 09, as emendas números 140 á 184; da sección 11, as emendas números 301 á 312, agás a 304, que tamén foi votada anteriormente; emendas números 313 á 448, agás as votadas anteriormente que vou enumerar: 327, 329, 330, 345 á 347, 349, 354, 356 á 359, 392 á 395, 398 á 400, 402, 403, 407 á 409, 411, 412, 415 á 417, 419 á 430, 432 e 437; da sección 13, as emendas números 449 á 470; da sección 14, as emendas números 471 á 511; e da sección 15, as emendas números 512 á 564.

Votamos.

Votación das emendas números 1 á 21, 22 á 55 —agás a número 37—, 56 á 85, 86 á 92 —agás as números 86 e 87—, 93 á 139, 140 á 184, 301 á 312 —agás a 304—, 313 á 448 —agás as números 327, 329, 330, 345 á 347, 349, 354, 356 á 359, 392 á 395, 398 á 400, 402, 403, 407 á 409, 411, 412, 415 á 417, 419 á 430, 432 e 437—, 449 á 470, 471 á 511 e 512 á 564 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ás seccións e ás entidades públicas instrumentais do Ditame emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023.



Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Pasamos á votación do articulado, coas emendas incorporadas, se é o caso.

Votación do articulado

A señora PRESIDENTA (Candia López): Sométese a votación o texto articulado do ditame da comisión. Votamos.

Votación do texto articulado do Ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023 coas emendas incorporadas, se é o caso.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 41; votos en contra, 33.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado o texto articulado do ditame.

Votación conxunta dos orzamentos de todas as seccións e entidades públicas instrumentais, coas emendas incorporadas, se é o caso.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Pasamos á votación conxunta dos orzamentos de todas as seccións e entidades públicas instrumentais, coas emendas aceptadas, se é o caso, agás as votacións separadas específicas solicitadas polos grupos parlamentarios.

Sométese a votación os orzamentos das seccións e entidades públicas instrumentais.

E comezamos polas votacións separadas, por petición do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego.

Votación separada, por petición do Grupo Parlamentario dos Socialistas e do Bloque Nacionalista Galego, das seguintes seccións: a sección 01, Parlamento de Galicia; a sección 02, Consello de Contas; a sección 03, Consello da Cultura Galega; a sección 20, Consello Consultivo de Galicia, e entidades públicas instrumentais de consulta ou asesoramento, o Consello Económico e Social de Galicia e o Consello Galego de Relacións Laborais.

Votación das seccións 01 (Parlamento de Galicia), 02 (Consello de Contas), 03 (Consello da Cultura Galega), 20 (Consello Consultivo de Galicia) e entidades públicas instrumentais de consulta ou asesoramento, Consello Económico e Social de Galicia e Consello Galego de Relacións Laborais, do Diame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023.



Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 41; abstencións, 33.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobadas estas seccións e entidades públicas.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Procedemos á votación das restantes seccións: entidades públicas instrumentais.

As seccións son a 04, a 05, a 06, a 07, a 08, a 09, a 10, a 11, a 12, a 13, a 14, a 15, a 21, a 22 e a 23, e as entidades públicas instrumentais e organismos autónomos e as axencias públicas autonómicas, entidades públicas empresariais, consorcios autonómicos e sociedades mercantís públicas autonómicas, xunto coas fundacións do sector público autonómico.

Votamos.

Votación das seccións non votadas (04, 05, 06, 07, 08, 09, 10, 11, 12, 13, 14, 15, 21, 22 e 23), das entidades públicas instrumentais, organismos autónomos e axencias públicas autonómicas, entidades públicas empresariais, consorcios autonómicos e sociedades mercantís públicas autonómicas e fundacións do sector público autonómico non votadas do Ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 41; votos en contra, 33.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobados os orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023.

(Aplausos prolongados.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Lembro que de seguido e sen interrupción continúa a sesión convocada para o día de hoxe, que paso a iniciar nuns breves minutos, tres minutos. *(Pausa.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Continuamos co punto de textos lexislativos.

Debate a votación do Ditame emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas

A señora PRESIDENTA (Candia López): Hai emendas que se manteñen a este texto.

Para a presentación do ditame da comisión, ten a palabra a presidenta da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, dona Rosana Pérez Fernández, por un tempo de dez minutos.

A señora PRESIDENTA DA COMISIÓN 3º, ECONOMÍA, FACENDA E ORZAMENTOS (Pérez Fernández): Grazas, presidenta.



O proxecto de lei tivo entrada no rexistro do Parlamento o 20 de outubro de 2022. A Mesa do Parlamento, na reunión do 20 de outubro de 2022, dispuxo a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e a apertura do prazo para a presentación de emendas. Así mesmo, oída a Xunta de Portavoces, acordou a súa tramitación pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos.

Os grupos parlamentarios do Bloque Nacionalista Galego e o dos Socialistas de Galicia presentaron emendas á totalidade, que foron cualificadas o 11 de novembro de 2022 e rexeitadas na sesión do Pleno do 21 de novembro de 2022.

Verbo das emendas parciais, o Grupo Parlamentario Popular formulou 28 emendas; o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, 16 emendas; e o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, 32 emendas —que foron cualificadas o 25 de novembro de 2022—.

A Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, na sesión do día 29 de novembro de 2022, designou os seguintes ponentes: polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a señora Paula Prado del Río como titular e o señor José Alberto Pazos Couñago como suplente; o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Olalla Rodil Fernández como titular e a señora Rosana Pérez Fernández como suplente; o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, o señor Gonzalo Caballero Miguez como titular e a señora Matilde Begoña Rodríguez Rumbo como suplente.

A Ponencia, reunida o 29 de novembro e o 2 de decembro de 2022, estudou o texto articulado do proxecto xunto coas emendas presentadas e rematou o informe que contén as recomendacións que lle fixo á Comisión, consistentes en aprobar por maioría as emendas formuladas polo Grupo Parlamentario Popular. A Ponencia suxeriu tamén a aceptación das emendas números 14 e 21 do Grupo Parlamentario dos Socialistas, de tres emendas transaccionais elaboradas coas emendas números 8, 11 e 32 deste grupo xunto coa número 19 do Grupo Parlamentario Popular, e dunha emenda consensuada por todos os grupos parlamentarios.

A Comisión, reunida o 12 de decembro de 2022, aprobou por maioría o informe da Ponencia, coa particularidade de que tamén foi aprobada unha emenda transaccionada elaborada coa número 16 do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

O texto do ditame que se somete a debate e votación nesta sesión plenaria consta dunha exposición de motivos seguida de 61 artigos, 8 disposicións adicionais, 6 disposicións transitorias, 1 disposición derogatoria e 4 disposicións derradeiras.

O articulado agrúpase en dous grandes títulos: o título I, referido a medidas fiscais, e o título II, relativo a medidas administrativas. O título I, dividido ao mesmo tempo en dous capítulos, establece modificacións na normativa que regula os tributos propios e os tributos estatais cedidos. O título II regula aspectos diversos de materias tales como emprego público, venda, caza, solo, patrimonio natural, residuos, organización administrativa, conservación do patrimonio natural, incendios forestais, montes, medio rural, infraestruturas, augas, xuventude, inclusión social, patrimonio cultural, saúde, ordenación farmacéutica, industria,



comercio, protección das persoas consumidoras e usuarias, fomento da investigación e innovación, Administración dixital e réxime financeiro e orzamentario.

Péchase o texto normativo con diversas previsións contidas nas disposicións adicionais, transitorias, derogatorias e derradeiras.

Grazas, presidenta.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Continuamos agora coa rolda dos grupos parlamentarios para fixar a súa posición sobre o ditame e, se é o caso, defender as emendas mantidas.

Ten, en primeiro lugar, a palabra, polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, don Gonzalo Caballero Miguez, por un tempo de quince minutos.

O señor CABALLERO MIGUEZ: Boa tarde xa, señoras e señores deputados.

Grazas, señora presidenta.

O Grupo Parlamentario Socialista considera que estes aplausos que o Partido Popular lles dá a uns orzamentos que supoñen unha oportunidade perdida implican unha falla de respecto a tantos galegos e galegas. E fallan ao respecto xustamente por como legislan, por como priorizan, pola súa reforma fiscal e polas prioridades dos gastos. Porque estes orzamentos son uns orzamentos que lles dan as costas aos galegos e ás galegas. A mellor mostra desa falla de respecto á maioría dos galegos e galegas está nesta Lei de medidas fiscais e administrativas, que o Partido Popular mantén na súa textualidade no fundamental despois dun intenso debate no Pleno do Parlamento e en comisión parlamentaria.

É unha falla de respecto porque, cando hai unha situación na que tres de cada catro galegos teñen dificultades, ou tiveron que mudar as súas prioridades de gasto, para chegar á fin de mes, a medida estrela que mantén o goberno do señor Rueda, á sombra do señor Feijóo, é rebaixar o imposto de patrimonio aos 7.700 galegos máis ricos da nosa comunidade. No momento en que fai falla máis sensibilidade social, máis servizos públicos, máis aposta polo benestar e pola igualdade, o Partido Popular de Galicia decide ancorarse nos ditames políticos da señora Ayuso e levar o Goberno da Xunta de Galicia a unha reforma fiscal regresiva, indecente, que é unha falla de respecto á maioría dos galegos e das galegas; e de facelo, ademais, levándoo a unha regresividade fiscal a onde non se atreveu a levalo nin o señor Feijóo.

O señor Rueda hoxe está sinalando cal é a bandeira do seu goberno, un goberno que vai á sombra de Feijóo nas prioridades, nas políticas fiscais, nas políticas económicas, pero un goberno que se pon detrás dunha dereita que quere danar o Estado do benestar, que quere debilitar os servizos públicos.

É por iso que os socialistas e as socialistas non podemos estar apoiando esta lei de medidas fiscais e administrativas. E non o podemos facer porque supón unha reforma fiscal que nos



parece negativa para a nosa comunidade, porque recadará menos en materias como o imposto de patrimonio pero porque, ademais, amosa unhas alianzas fiscais do Partido Popular que son preocupantes, que nos preocupan. E, ademais, porque este método de legislar do Partido Popular amosa a concepción que ten o Partido Popular de Galicia sobre o Parlamento de Galicia: a instrumentalización da Lei de medidas fiscais e administrativas non para desenvolver o contido dos orzamentos da Xunta de Galicia senón para tocar o marco normativo da nosa comunidade en intensidade e sen conexión. En definitiva, esta Lei de medidas fiscais e administrativas implica peor fiscalidade en Galicia, implica peor calidade democrática e peor Parlamento en Galicia. É o rodillo do Partido Popular que dá esa tranquilidade institucional coa que está tan contento o señor Puy, é un rodillo que non implica mellora para a vida dos galegos e das galegas.

E claro que nós cremos na Constitución e no Estatuto, como documentos tamén abertos para ser mellorados e para traballar de cara ao futuro. Pero xustamente por iso, porque cremos na Galicia do autogoberno, na Galicia da autonomía, na Galicia que ten capacidades propias para desenvolver as políticas públicas, non podemos ser cómplices dunha Galicia que pretende facer unha reforma fiscal abandonando a corresponsabilidade fiscal que corresponde á Comunidade, reformando a fiscalidade para os máis ricos da comunidade e, ademais, utilizando un instrumento lexislativo que foi validado polos tribunais pero tamén con votos particulares en contra —que din e sinalan a problemática que ten legislar de forma ómnibus en todo tipo de lexislación, pola porta de atrás, a través desta Lei de medidas fiscais e administrativas—.

Eu quéroille preguntar ao Partido Popular —que sempre está tan ufano de facer comparacións co Goberno galego do ano 2009— que uso daba o goberno progresista de Galicia presidido por Emilio Pérez Touriño á Lei de medidas fiscais e administrativas. ¿Cantas leis se modificaban en sede parlamentaria pola porta de atrás co acompañamento aos orzamentos? ¿Utilizaba un goberno que cría na calidade democrática ese mecanismo lexislativo? No «non» que vostedes teñen que responder estarán asumindo que este Goberno da Xunta de Galicia é un goberno que dana as garantías lexislativas utilizando de forma perversa un mecanismo legal para levalo ás condicións que quere o Partido Popular. (*Aplausos.*)

Non podemos ser cómplices, non podemos ser cómplices duns orzamentos que son uns malos orzamentos para Galicia e que van acompañados, ademais, dunha lexislación que modifica cerca de 50 normas e leis galegas con máis de 200 modificacións puntuais. Se tivese que ler o conxunto de modificacións que vostedes traen aquí, botaría a maior parte da miña intervención simplemente en enumeralas. E vostedes seguen. E seguen cando nós cremos que esta Lei de medidas fiscais implica moitos riscos. Porque hai tres cuestións fundamentais na fiscalidade desta lei que hai que mudar. É unha fiscalidade que muda o imposto de patrimonio para facer un agasallo fiscal a 7.700 galegos e galegas por valor de 35 millóns de euros. Eu quéroille dicir ao voceiro do Partido Popular, que, de forma máis fina e elegante que o presidente da Xunta ou o conselleiro de Facenda, veu hoxe aquí a esta sede parlamentaria a referendar a máxima do Partido Popular fronte a uns impostos suficientes e progresivos sinalando que, cando falamos dun agasallo fiscal, estamos utilizando unha terminoloxía inaxeitada, porque os cartos —di o Partido Popular— son dos cidadáns que os teñen. E, cando falamos do imposto de patrimonio, o que nos di o Partido Popular é que os



patrimonios grandes, os millónarios, son dos ricos, e que eles non teñen que contribuír de forma progresiva para financiar a caixa dos fondos públicos. O señor Feijóo levou a bonificación do imposto de patrimonio a un 25 %. Hoxe vostedes lévana ao 50 %. Rectifica o señor Rueda ao señor Feijóo na súa política fiscal, e rectifícao para ser un elemento regresivo na fiscalidade. Eu quérólles recordar que, sen xustiza fiscal, non hai xustiza social; que, sen capacidade de recadar o suficiente, non temos a capacidade para poder financiar os servizos públicos. Este é un Partido Popular sen empatía, sen sensibilidade, sen capacidade de chegar a acordos coa maioría que o pasa mal, porque seguen estando ancorados na política de dicir non a todo aquilo que implica progresividade e xustiza social.

E claro que me preocupa que o señor Rueda constate que quere manter a súa medida estrela, a primeira gran medida do Goberno Rueda, e baixar o imposto de patrimonio aos máis ricos. Pero, ademais, tamén o seu gran anuncio é que, se nalgún momento o Goberno de España intenta plantexar un imposto para as grandes fortunas, o Goberno Rueda estará tamén defendendo os seus aliados millónarios e presentando toda a batería lexislativa que sexa necesaria. E quérémolle dicir que rectifique.

¿Onde levou o Partido Popular esta proposta? Señores do Partido Popular, cando vostedes gañaron as eleccións autonómicas no ano 2020, lexitimamente, nunhas eleccións complexas, ¿levaban no seu programa electoral unha reforma do imposto de patrimonio para baixar o imposto de patrimonio ata o 50 % aos máis ricos? ¿Pódenme ensinar en que punto do programa electoral do Partido Popular de Galicia ía esa reforma fiscal do imposto de patrimonio que está nesta lei de medidas fiscais? E, se non a levaban, ¿teremos que pensar que enganaron vostedes os galegos e galegas que os votaron? ¿Podemos sinalar que vostedes mudaron o seu programa electoral de «Galicia, Galicia, Galicia» porque a señora Ayuso marcou unha tendencia de reforma fiscal á baixa e vostedes prefiren sumarse a «Ayuso, Ayuso, Ayuso»?

Vostedes plantexan unha reforma fiscal que é lesiva, que é preocupante, que pon a Galicia nun camiño errado. E fano tamén, ademais, cun conxunto de plantexamentos que non son os máis axeitados. Nós presentamos nesta lei de medidas fiscais emendas para ter unha progresividade fiscal axeitada en Galicia. Por iso pedimos que se elimine a bonificación do 25 % que o ano pasado estableceu o señor Feijóo no imposto de patrimonio e que eliminen tamén o 25 %, que chega de forma acumulativa ao 50 %, que puxo o señor Rueda este ano.

Presentamos unha táboa de reforma fiscal para o IRPF que mantén un maior nivel de progresividade. Porque, detrás dos seus discursos de deflactar as tarifas acaba habendo un maior beneficio para aquelas rendas que máis cartos teñen en Galicia. É, por tanto, que a nosa proposta fiscal para o IRPF mantén a posibilidade, no tramo autonómico, de que as rendas máis baixas poidan ter unha contribución máis limitada en tempos de dificultade —é dicir, de non subilas cando hai un alto nivel de inflación— pero, sen dúbida, de subir a das rendas medias-altas —aos que teñen ingresos de máis de vinte e tantos mil euros por persoa e unidade familiar—. Hai que empezar a facelo cunha táboa de progresividade que permita que aqueles que teñan ingresos anuais superiores aos cen mil euros poidan contribuír no tramo autonómico cun 25 % polo IRPF. A nosa proposta de IRPF é máis progresiva, permite recadar máis, é máis xusta e é máis axeitada para estar a carón dos traballadores e traballadoras, dos cidadáns galegos que teñen máis dificultades, da clase media do noso país, e poñer unha



capacidade maior de contribución a aqueles que, polas circunstancias que sexan, temos maiores ingresos na nosa comunidade. Pedímoslle tamén que eliminen un plantexamento de reforma fiscal que favorece o xogo e que favorece o bingo, que é, en definitiva, un sinal de identidade do grupo maioritario nas súas alianzas inconcibibles. Non é necesario ir máis aló do que xa está establecido na lexislación existente.

Con esas tres reformas fiscais nesta lei de medidas fiscais, Galicia tería unha Xunta de Galicia máis capaz para dar servizos públicos de calidade. Vostedes prefiren xogar á hipocrisía política, a de dicir que hai que recadar no Goberno de España para mandar fondos á Xunta de Galicia. Din que chegan poucos, a pesar de que o incremento de fondos que chega dende o sistema de financiamento e dende os fondos públicos do Estado a Galicia é histórico. E fan ben en reclamar máis sempre, pero cumbran cos galegos e coas galegas tamén á hora de recadar.

Despois presentan un conxunto de modificacións en textos lexislativos da Comunidade que é preocupante. Porque lexislan sen informes previos, correndo, despois de zancadillear, con mala técnica, modificando incluso as súas propias leis. As que aprobaron o ano pasado, no ano 2021, xa as modifican no ano 2022 a través da Lei de medidas fiscais e administrativas. Por exemplo, modifícase a Lei de simplificación administrativa, ou as leis tamén de concentración de terras. Todo se modifica, porque hai debilidade no modelo do Partido Popular.

É por iso que cremos que hai que marcar unha nova política económica en Galicia, unha política económica que impulse a modernización do país, unha política económica que fortaleza os servizos públicos, unha política económica que estea feita a carón dos territorios, que permita impulsar o dinamismo da Galicia máis puxante e da Galicia urbana pero que acompañe tamén a Galicia rural e a Galicia do interior sen que quede atrás. Estes orzamentos son unha oportunidade perdida, un suspenso histórico do Goberno Rueda para a historia de Galicia. Non hai contidos, non hai novas medidas, non hai novos programas para a economía galega. E, mentres vemos que a economía galega ten un nivel de crecemento do IPC que está un punto por riba do crecemento dos prezos en España, preguntárlle ao Partido Popular unha soa medida nesta lei de medidas fiscais e administrativas que tente buscar un mecanismo económico para que haxa un menor crecemento de prezos na comunidade autónoma galega —onde o crecemento de prezos supón o 12 %; un 12,4 % nos alimentos, en concreto—. Hai un 7,8 % do crecemento do IPC en Galicia, un punto máis que no conxunto de España, e ¿que presenta o Partido Popular? ¡Nada!, non hai nin unha soa medida para traballar de forma específica na política económica a través de mecanismos de políticas de oferta, que existen, ou de políticas comerciais, ou de políticas industriais, que busquen, a través da competencia, dos fondos públicos e de distintas vías, conseguir paliar esa situación que viven as economías galegas.

Hoxe Galicia perde unha oportunidade e o goberno de Rueda aposta por seguir sendo un goberno aliado dos grandes poderes do país, dos grandes patrimonios, sen iniciativa e sen capacidade de apostar polo futuro do país. Hoxe Galicia perde unha oportunidade. Perdemos a oportunidade de utilizar os maiores orzamentos da historia da nosa comunidade para dimensionar o noso país, para estar a carón dos galegos e galegas, para dicirlle á maioría do país que o está pasando mal que o Goberno da Xunta está para acompañalos, para tomar



medidas que permitan dinamizar e gañar o futuro de Galicia. E, ademais, fano utilizando un mecanismo perverso —que vostedes levan ao máximo modificando cincuenta leis— que lle fai perder calidade democrática e calidade lexislativa á nosa comunidade. Hoxe saímos cuns orzamentos insuficientes e inaxeitados, e saímos tamén cun mecanismo lexislativo que nos debilita á hora de afrontar o futuro do noso país.

Señores do Partido Popular, abran unha etapa de futuro e de gañas por gañar as nosas posibilidades de benestar. Aposten por unha Galicia do benestar, pensen en tantos traballadores e traballadoras que non chegan á fin de mes, en seiscentos mil galegos que están no umbral da pobreza, nos cidadáns que están en listas de espera na atención primaria, pensen en tantas comunidades galegas e tantas bisbarras do noso país que non teñen impulso e que non teñen capacidade de futuro. Pensen no país e non pensen no PP, pensen en Galicia e non pensen en Feijóo. A única aposta que fai o Partido Popular agora é poñerse á sombra de Feijóo coa única proposta que ten Feijóo para España e para Galicia, que é que adianten as eleccións e que convoquen as eleccións. Non nos contan o que queren facer para o benestar dos galegos e das galegas...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señor Caballero.

O señor CABALLERO MIGUEZ: ...non nos contan o que queren facer coa política industrial. Manteñen unha liña de acción que non nos leva a ningures, e Galicia seguirá perdendo po-boación, seguirá perdendo peso industrial, seguirá perdendo oportunidades, seguirá deteriorando servizos públicos. A responsabilidade será dun Partido Popular que prefire seguir á sombra de Feijóo en vez de iniciar un camiño de novas accións e de novas medidas para o benestar dos galegos e das galegas.

Moitas grazas e nada máis, señoras e señores deputados. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor Caballero.

Quenda para o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Ten a palabra dona Olalla Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidenta.

Bo día a todas e a todos.

Eu, como cuestión previa, quixera facer un breve comentario sobre o que acaba de pasar hai un momento, cando a portavoz nacional do BNG pedía a palabra. E é que aquí xa non se res-pecta nin o Regulamento da Cámara *(Aplausos.)*, nin o Regulamento do propio Parlamento de Galiza. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Parece que dá igual, parece que dá igual non que alguén sexa inexacto ou alguén diga inexactitudes —que é o que di na literalidade o artigo 76—, senón que realmente e directamente minta e difame a respecto do que dixo ou non dixo un grupo parlamentario.



Pero tamén isto nos deixa clara unha cuestión, e é que aquí as únicas persoas e o único grupo que están en rebeldía e desobedecendo absolutamente todo son vostedes, señoras e señores do Partido Popular. (*Aplausos.*) Están botados ao monte, tan botados ao monte que o último que lles importa é a verdade. Até están dispostos a facer dinamitar os principios máis básicos da democracia liberal, que é algo bastante sorprendente, con cuestións que vimos aquí unha e outra vez nos debates das leis de acompañamento, con como se utilizaron emendas para modificar —como acababa de recordar a portavoz do BNG, a señora Pontón—, nos proxectos de lei de acompañamento do 2019, do 2020, leis que non estaban nin sequera recollidas no proxecto inicial e que vostedes despois introduciron como emenda no proceso de tramitación. Aquí vale perfectamente porque vostedes entenden única e exclusivamente a democracia cando lles pertence, cando teñen a maioría. Cando hai unha maioría diferente que pensa distinto ao que pensan vostedes, o único que fan é facer coma os nenos xogando ao fútbol: o balón é meu y *se acaba el juego directamente*, ¿non? (*Aplausos.*)

No que ten a ver con este debate concreto, no que ten a ver xa co último debate de totalidade da lei de acompañamento aos orzamentos, é un texto, como temos sinalado, que modifica 34 leis e 9 decretos, que na súa inmensa maioría, por non dicir na práctica totalidade, non teñen nada a ver en absoluto co debate e execución orzamentarios. É un proxecto de lei que non conta tampouco —aínda que agora dan golpes de peito— con ningún informe preceptivo; por exemplo, do Consello Económico e Social. Porque, segundo o goberno do Partido Popular —que aquí en Galiza lle dá igual absolutamente todo—, a modificación de leis como a de vivenda, a de solo, o decreto que regula a xestión do espazo Rede Natura ou a Lei de inclusión social de Galiza non teñen nada a ver co desenvolvemento económico e social deste país. É un procedemento exprés que, sendo excepcional, o PP converteu en norma, un procedemento lexislativo acelerado que se presenta como a tramitación dunha única lei mais que realmente son 34 leis ao mesmo tempo. É un procedemento excepcional do que o PP abusa ano a ano para introducir mudanzas lexislativas dispares, sen conexión entre unhas e outras, de forma rápida e, sobre todo, furtando importantes debates ao conxunto da sociedade galega. Non só se trata de acomodar a lexislación galega, deste país, aos cambios que se deron no ámbito estatal ou no europeo, apróveitanse na lei de acompañamento para facer e desfacer ao seu antollo nun remexido de normas.

Nós, desde o BNG —dicímolo cada ano neste debate e repetímolo máis unha vez agora—, nin apoiamos nin lexitimamos nin vemos xustificado o uso e abuso que o Partido Popular fai destas leis de acompañamento. Por iso votamos en contra na comisión e volveremos votar en contra hoxe no pleno. Facémolo co convencemento de que debates como a xestión dos espazos de Rede Natura, como o modelo de desenvolvemento e aproveitamento eólico de Galiza, a política forestal ou a delimitación de iniciativas empresariais como prioritarias, co que iso significa, non poden nin deben ventilarse a través de reformas parciais incluídas nun caixón de xastre de debate conxunto, como é este proxecto de lei de acompañamento aos orzamentos. E esta é unha posición política. Antes, pola mañá, dicíase que este é un debate técnico. Non, é un debate político. E di moito, por certo, de nós e de vostedes; de nós, que lles damos a importancia e o rigor que merecen aos asuntos relevantes que afectan a este país, aos grandes debates que están hoxe na axenda; e, de vostedes, que, ademais de chapuceiros, son uns cínicos politicamente, pura hipocrisía política, non van de fronte nunca e, permítanmo que llelo diga, máis falsos ca unha moeda de tres euros. Poden facelo, teñen



a maioría que lles dá a lexitimidade para facelo, pero iso non fai que nós comunguemos nin co procedemento, na súa forma, nin co seu fondo.

Pola nosa banda, durante o proceso de tramitación, desde o Bloque Nacionalista Galego intentamos a través das nosas emendas introducir propostas que permitisen ampliar ao máximo os límites que impón o actual marco autonómico e con iso desenvolver unha política máis xusta socialmente tendo moi en conta o contexto actual marcado pola suba de prezos, e moi especialmente polo incremento do prezo de produtos básicos e de alimentación. Así, na parte de medidas fiscais, introducimos emendas para garantir maior progresividade e equidade nos impostos; por exemplo, suprimindo un regalo fiscal —si, un regalo, porque lles aforran ás 7.700 persoas máis ricas deste país 34 millóns de euros que deixa de ingresar a Administración pública—, ou modificando a escala autonómica do IRPF para que quen máis ten achegue máis ao sostemento dos servizos públicos. Ningún goberno ten unha máquina de facer billetes, ningún. Os recursos que sosteñen a sanidade, a educación, o sistema de coidados, saen do peto e da riqueza que xeran as galegas e os galegos co seu esforzo e co seu traballo. Por iso o xusto é que a aportación sexa de acordo coa capacidade que cadaquén ten. A proposta do BNG mantén nese senso até os 37.300 euros o proxecto de base liquidable do IRPF —o proxecto da Xunta de Galiza manteno até os 37.300 euros de base liquidable—. A partir de aí, increméntase progresivamente para cumprir con ese principio de que quen máis ten, quen máis ingresa, quen máis renda posúe faga unha achega maior para soste os servizos básicos e públicos que son os que garanten a equidade e xustiza social.

Pero tamén imos máis alá e formulamos propostas que o que buscan é adaptar a normativa galega en materia tributaria á realidade social de hoxe. Galiza cambiou moitísimo, e eses cambios tamén deben reflectirse nun avance a nivel impositivo que non teñan só un afán recador —que tamén—, senón que teñan como obxectivo axustarse á conciencia ambiental e de xustiza social que existe hoxe no noso país. Por iso formulamos dúas propostas nas emendas ás leis de medidas fiscais dirixidas a avanzar nunha fiscalidade verde axustada ás demandas da sociedade galega de hoxe, incrementando, por unha banda, o imposto sobre o dano ambiental que causan os encoros; e, por outra, modificando o canon eólico. No primeiro caso trátase de gravar o impacto ecolóxico e social que ten a explotación de recursos naturais; o renovable non significa inocuo, todo nesta vida ten un impacto sobre o medio e sobre o territorio. Insisto en que renovable non significa inocuo, por iso, dados os prexuízos que carrega, por exemplo, ter auga encorada —encoros construídos, ademais, na súa inmensa maioría durante a ditadura franquista, que nos impuxo un modelo sobre o que nin sequera puidemos decidir—, o xusto é que o impacto ambiental, social e económico que iso ten teña un retorno positivo para o territorio no que se asentan. E a segunda pata disto é redistribuír a riqueza que se xera coa explotación dos recursos naturais das galegas e dos galegos poñéndoa ao servizo do desenvolvemento social e económico deste país. Por iso propoñemos incrementar o que pagan, efectivamente, as empresas eléctricas que xestionan a grande hidráulica —como digo— pero tamén os parques eólicos construídos e instalados no noso país.

E imos deternos aquí un pouco, porque volvemos ver como ao Partido Popular lle renxe, lle molesta, cada vez que desde o Bloque Nacionalista Galego falamos de modificar o canon



eólico para pagar por potencia instalada e autorizada e non por muíños de vento. ¿Que nos din agora? Bueno, o outro día na comisión estaban coa ladaíña de sempre: «*Que aquello era inconstitucional e ilegal*». Debe de ser do Padornelo para este lado, porque do Padornelo para o outro lado, das Médulas para o outro lado, é perfectamente legal. Quero lembrar que Castela e León —Castela e León, non o soviet de Moscú, jeh!—, gobernada polo Partido Popular, ten un canon eólico que grava a potencia instalada e non os muíños de vento. (*Aplausos.*)

Pero, ademais diso, ademais de que é perfectamente legal, o máis importante desde o noso punto de vista é que é o xusto —jé o xusto socialmente!— para poder devolver ao territorio no que se asentan eses parques eólicos e á poboación que vivimos e traballamos nese territorio parte da riqueza que xera a explotación dos recursos naturais deste país. Modificar o canon eólico para que grave a potencia é legal e busca —insisto— redistribuír, aínda que sexa minimamente, a riqueza que se xera neses parques. Non é o noso modelo, nós defendemos un modelo de participación pública, pero usando ese marco actual en vigor é factible que as eléctricas paguen o canon en función da potencia asignada aos parques. Porque, claro, aquí pola mañá dicíase: «Non, é que o obxectivo dese canon é que se reduza o número de muíños de vento». Pero é que o que está pasando é que eses proxectos que instalan hoxe menos muíños de vento están vinculados a proxectos de repotenciación; non están reducindo o impacto, senón que están aumentando a xeración de enerxía eléctrica con tecnoloxía nova, con *molinillos*, como se dicía pola mañá, que teñen unha altura superior á fachada da catedral de Santiago de Compostela —para saber tamén do que estamos falando—. E están aumentando os beneficios das empresas que os explotan facendo que paguen non só menos senón, en moitos casos, que non paguen nada.

Poño un exemplo moi descritivo e moi simbólico, porque é o primeiro parque eólico que se construíu en Galiza nos anos noventa, no ano 1992, o de cabo Vilán —situámonos todos, máis ou menos—. No ano 1992 o parque eólico de cabo Vilán, o primeiro de Galiza, tiña 22 muíños, 22 aeroxeradores, e 3,6 megavatios de potencia. No ano 2016 reduciron os 22 muíños a 2 aeroxeradores, e a potencia instalada era de 5,46 megavatios. ¿Saben canto paga a empresa Gas Natural pola explotación dese parque eólico? Cero euros polo canon eólico, porque non se grava con ese canon, con eses impostos, parques que teñan menos de tres aeroxeradores instalados. (*Aplausos.*) O único que están facendo vostedes é seguir beneficiando as empresas amigas do Partido Popular, que, cada vez que entra pola porta unha lei de acompañamento nesta Cámara, se frotan as mans —verémolo agora tamén con outros exemplos— porque lles sae bastante, bastante, á conta. Eu poño este exemplo de cabo Vilán, que é o primeiro parque de Gas Natural, pero non é o único, é o que está pasando en todos porque a redución do número de muíños vai vinculada a unha repotenciación —e aumento, polo tanto— da potencia instalada. A Elecnor, en Malpica, aforráronlles vostedes 391.000 euros, que non paga; a EDF, en Zas, 431.000 euros, que tampouco paga; ou en Corme —EDF tamén—, 343.800 euros.

O que están facendo é beneficiando as empresas amigas do Partido Popular —insisto— que se fregan as mans porque están ganando cartos a mans cheas. (*Aplausos.*) E ese é o quid da cuestión, (*Aplausos.*) esa é a razón política pola que vostedes non queren introducir ou modificar ese canon eólico. Porque iso suporía aumentar os impostos que teñen que pagar as empresas amigas do Partido Popular; tan amigas que logo xira a porta e acaba sentada nal-



gún consello de administración alguén como Beatriz Mato. E cando alguén goberna para as eléctricas pois legisla a favor das eléctricas e en contra, polo tanto, dos intereses do pobo galego, dos intereses das galegas e dos galegos.

E nesta lei de acompañamento temos, ademais, outro exemplo disto, de como o PP traballa para os intereses dun puñado de empresas. Presenta unha emenda o Partido Popular, transaccionada co PSOE, que volve afinarlles ás eléctricas as cousas permitindo que deixen menos cartos nos concellos onde teñen instalados parques eólicos ao pasar do 2,5 % dos beneficios da facturación anual aos 2,5 % dos beneficios, e non é o mesmo. Póñolles un exemplo concreto e real, con datos do Observatorio Eólico de Galiza, dun parque eólico de Paradela —un parque normalíño, non moi grande, que factura 4,7 millóns de euros ao ano, case 5 millóns de euros ao ano—. Co 2,5 % do proxecto orixinal deixaría no Concello de Paradela 12.000 tristes e pírricos euros. Pero xa estivo aí atento o Partido Popular coas emendas para afinarlle a cousa a esa empresa aínda máis e reducir aínda máis, por baixo deses 12.000 euros, o que vai ter que pagar. Gobernan —insisto— para unha minoría rebaixándolles impostos aos ricos cun regalo fiscal de 34 millóns de euros no imposto de patrimonio e tamén para as grandes eléctricas amigas do Partido Popular.

Fronte a iso, nós, desde o BNG, no que centramos as nosas emendas non foi nas 7.700 persoas que teñen máis patrimonio neste país, senón nas máis de 7.000 persoas que o único ingreso que teñen é unha prestación económica como a Risga, que cobran pouco máis de 400 euros ao mes. Nun contexto de inflación como o que temos, de suba e de encarecemento tan brutal do custo da vida, o que nós propoñiamos —fíxense, jeh!—, o que propoñemos coas nosas emendas, é subir até os 579 euros ao mes esa Risga, chegar ao cen por cento do IPREM, que nin sequera é acercarse ao salario mínimo interprofesional que hoxe está en vigor no Estado español.

Nun contexto económico e social como o que estamos vivindo neste país —e con isto re-mato—, cremos de verdade e con sinceridade que o Goberno das galegas e dos galegos —que nos gustará máis ou menos pero é o goberno de todas e de todos— pode e, sobre todo, debe facer un esforzo maior, xa que, cun orzamento de 12.000 millóns de euros para o 2023, a prioridade deben ser as maiorías sociais, as traballadoras e os traballadores deste país, e non un puñado de empresas que gañan cartos a mans cheas nin un feixe de ricos, que lles aseguro que non teñen nin o máis mínimo problema para chegar á fin de mes.

Máis nada. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora Rodil.

Quenda para o Grupo Parlamentario Popular de Galicia.

Ten a palabra dona Paula Prado del Río.

A señora PRADO DEL RÍO: Moitas grazas, señora presidenta.

Señorías.



Señora Rodil, como cuestión previa, eu tamén vou dicir unha cousa, porque vostedes queren tapar aquí o seu compañeiro Néstor Rego en Madrid. E, claro, non queren que aquí se escoiten as cousas que lles manda o xefe de filas que teñen vostedes —que non é a súa lideresa porque iso é o que...— (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*) Eu escoiteinos. Xa sei que non lles vai gustar nada... (*Murmurios.*) ¡Señor Rodríguez, señor Rodríguez, xa volvemos ao de sempre! ¡Que lle deixen falar no seu grupo, home! Miren, eu non os interrompín absolutamente nada. Falou a señora Rodil e estiven caladiña aí escoitando. Creo que isto é a democracia. Cando un fala, o resto escoita. Cando lle toca responder ao que fala, o resto pois ten que escoitar e encaixar.

Dicía a señora Rodil que aquí se cometeu un atropelo e que se incumpriu o Regulamento. Mire, cando un está no debate vostede ben sabe perfectamente —porque vostede é unha deputada experimentada e leva aquí anos— que cando un está no debate pois hai que encaixar. E, cando lle din unha cousa que non lle gusta, non é ningunha imprecisión, porque vostedes saben que non é ningunha imprecisión. Mire, ¿sabe por que o Grupo Parlamentario Popular do Congreso dos Deputados acudiu ao Tribunal Constitucional? Pois precisamente por vulneración do Regulamento, porque se meteron pola porta de atrás e incumprindo o Regulamento dúas emendas nunha proposición de lei de xeito totalmente irregular e ilegal, en contra do Regulamento, señorías. Se nós, como grupo maioritario, neste mesmo debate, por exemplo, metésemos hoxe mesmo e fóra de Regulamento dúas emendas á Lei de medidas, ¿que dirían? (*Murmurios.*) ¿Que dirían? ¿Que pasaría, señorías? (*Murmurios.*) ¡Pareceríalles moi normal! (*Aplausos.*) ¡Parecería supernormal! (*Aplausos.*) Pois non, señorías, non, non é normal. (*Aplausos.*) Iso foi o que sucedeu no Congreso dos Deputados, introduciron dúas emendas de xeito irregular. E ¿para que están os tribunais? Pois os tribunais fan de árbitros, ¡de árbitros! Si, si, son árbitros, non son fachas golpistas que están facendo golpes de Estado.

Porque, mire, vostede quería negar, vostede quería tapar, o que dixo o señor Rego, pero é que está no seu twitter, está en todos os teletipos, está en todos os medios de comunicación: «Isto é moi grave, un verdadeiro golpe brando xudicial. Que o Constitucional impida debater e votar unha lei nun parlamento é a antítese da democracia. Algúns aplaudiron cando o fixo en Cataluña en 2017. Agora todos sufrimos as consecuencias». Outro twit: «Chamamos a todas as forzas políticas democráticas a traballar conxuntamente para defender principios democráticos mínimos e parar este PP, este Feixóo e este Tribunal Constitucional golpista». Chamáronlles golpistas aos xuíces do Tribunal Constitucional por facer cumprir a lei.

E, mire, ¿sabe o que pasou no ano 2017? Pois, mire, no ano 2017 os seus compañeiros —eses que veñen aquí, cos que vostedes piden o voto, os señores de Esquerza cos que Ana Pontón vai nas listas e cos que vostedes comparten ideoloxía política e fan mitins conxuntos—, eses, todos eses seus amigos, pois eses, quixeron facer un referendo ilegal e convocárono, e convocaron un pleno. E ¿que fixo o Partido Socialista de Cataluña? Pois acudiu «aos golpistas» do Tribunal Constitucional, acudiu ao Tribunal Constitucional e dixo: Oian, señores do Tribunal Constitucional, que no Parlamento de Cataluña se está infrinxindo a lexislación. E ¿que fixo o Tribunal Constitucional? ¿Dar un golpe de Estado en Cataluña? ¿Iso é o que teríamos que dicir hoxe aquí? Non, señorías. Miren, nós somos moito máis serios ca iso. Non digan que non, porque saben perfectamente que o Partido Socialista de Cataluña presentou



no 2017 dous recursos de amparo, e un no 2018 —tres recursos de amparo—, ante o Tribunal Constitucional para facer cumprir a Constitución. Daquela non eran golpistas os do Tribunal Constitucional, hoxe si son golpistas. Fáganse mirar, señores socialistas, porque isto empeza a coller tintes de autocracia. (*Aplausos.*)

Ben, o señor Caballero —como aínda lle deixan falar un pouco máis que ao señor Rodríguez— vén aquí falar de orzamentos, da Lei de medidas non falou absolutamente nada. Pero non lle debeu de gustar o debate de orzamentos que houbo anteriormente e veu aquí por terceira vez co mesmo discurso, co mesmo discurso, señor Caballero. ¡Polo menos, cambiara algunha liña, home! Porque xa tivemos debate na comisión, algunhas cousas xa llas expliquei e, cando menos, pois, corrixa algunhas frases —que llas vou ter que volver repetir, claro—.

Mire, vostede preguntábanos se levabamos no programa electoral a baixada do imposto. Pois, mire, si, nós levamos no programa electoral ás últimas eleccións do 2020 —nas que vostede se presentou como candidato do Partido Socialista e obtivo os peores resultados do Partido Socialista da historia de Galicia— a baixada de impostos. Pero é que, ademais, no ano 2019, no programa electoral das eleccións xerais, levabamos a supresión do imposto de patrimonio. Sabe que esa é unha competencia estatal, e aquí en Galicia bonificámolo. Parece mentira que unha de letras lle teña que dicir isto a vostede, que é un experto neste tema. Por tanto, vostede sabe perfectamente do que fala e intenta manipular a realidade, señor Caballero. Xa llo expliquei en comisión pero ¡volta e dálle outra vez co mesmo tema! Sabe perfectamente que as cousas son así. Agora, se vostede quere dicir outra cousa, alá vostede.

E, ¡home!, ¡está vostede como para dicir que non facemos o que levamos no programa! Mire, ¿sabe quen non fai o que leva no programa? Vostedes, os socialistas. Porque, mire, o señor Sánchez, o seu líder, porque ese si que é o seu líder —apoiado para ser presidente do Goberno polo Bloque Nacionalista Galego—, ¿que dicía no programa sobre as cousas que estamos vendo agora? Levaba unha frase que era que no modelo de Estado non tería cabida un referendo de autodeterminación «*que el Tribunal Constitucional*» —os «golpistas»— «*ha considerado contrario a la Constitución y que desde una perspectiva política provoca la quiebra de la sociedad*». ¡Vaia, señorías, vaia, vaia o que levaban vostedes no programa electoral! ¿Levaban vostedes no programa electoral suprimir o delito de sedición? ¿Levaban vostedes no programa electoral suprimir tamén ou reducir as penas do delito de malversación? Todos lembramos aquel debate electoral no que o señor Sánchez dicía que non durmiría se tivese que gobernar con Podemos. Pero ¿que leccións nos ten que vir vostede dar aquí, señor Caballero? ¡Cero, eh! ¡Cero!

Mire, eu vou falar da Lei de medidas, porque aínda que o señor Caballero non falou nada... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Non!, ¡ría! ¡Si, aínda me queda tempo, si, quédame bastante tempo! Dáme tempo a falar de todas, porque vostede nin sequera foi capaz de defender aquí as emendas que vostedes presentaron, nin as melloras que incorporamos na lei que son do Grupo Socialista. E voullas recordar, porque vostede veu falar aquí doutras cousas pero eu voullas dicir.

Mire, aceptamos directamente dúas emendas do Grupo Socialista. Ofrecémoslle catro transaccións —tres foron aceptadas e unha non—. Co Bloque chegamos tamén a un acordo nunha transacción coa súa emenda 16. E ademais hai unha emenda de consenso que aceptamos



todos por unanimidade para modificar o artigo 24.5 da Lei galega do solo, que afecta directamente os plans básicos municipais para edificar no ámbito dos núcleos rurais e a conexión das redes de abastecemento de augas —isto foi por proposta da Coxapo, que é unha asociación que integra as comunidades de usuarios que teñen o carácter de corporación de uso público, e a modificación proposta era unha cuestión que lles afectaba directamente—. A emenda consiste en incorporar ao texto, ademais das redes públicas, as pertencentes ás comunidades de usuarios reguladas pola lexislación sectorial de augas.

Con todo, nin o BNG nin o Partido Socialista foron quen de votar a favor nin dunha soa das emendas do Partido Popular; nin sequera pediron a votación por separado de ningunha. E algunhas vounas recordar aquí, porque todos deben saber o que votaron, todos deben saber o que deixaron de votar.

Había emendas de conxelación de taxas fiscais de balizamento de bateas, emendas que conxelan a taxa valor do solo portuario e da auga portuaria, que elimina a actualización do incremento do IPC. Logo maniféstanse catro amigos aí o domingo para reclamar na rúa o que despois non son capaces de votar aquí na Cámara. Se realmente queren cambiar as cousas, este é o lugar, votando as leis, as leis son as que modifican as cousas. Se queren ser útiles á sociedade, fágano aquí, porque, polo que se ve, fóra non teñen moito éxito.

Outra emenda que non tiveron tampouco en consideración foi a número 10, que ten por obxectivo garantir a compatibilidade da biomasa forestal coas actividades tradicionais da industria forestal galega para evitar a especulación no prezo da madeira para usos eléctricos, que tanto lles preocupa —preocúpalles na rúa detrás da pancarta, pero aquí, cando teñen que votar a favor, non votan—; ou a bonificación do 15 % do canon de Sogama para os concellos que implanten o quinto contedor, o contedor marrón —ese ao que nos obrigou Pedro Sánchez a adiantar a este mes de xuño podendo deixalo para finais do ano 2023—. Dende o Goberno da Xunta de Galicia vaise bonificar o 15 % aos concellos que implanten ese contedor. Vostedes, como son de subir impostos, non de baixalos —xa sabemos como funcionan—, nin sequera pediron a votación por separado desas emendas. Despois sairán á rúa facer as pantomimas que queiran, pero, mentres, aquí votan en contra. Vostedes si que son unha estafa, unha estafa política. Na rúa din unha cousa, pero, cando teñen oportunidade de cambiar as cousas coas leis no Parlamento, democraticamente, votan en contra. (*Aplausos.*)

Piden medidas para a sanidade e logo votan en contra das que resoven problemas. Vostedes están instalados no «canto peor, mellor», porque cren que, canto peor vaian as cousas, máis rédito electoral van sacar vostedes. ¡Alá vostedes! A verdade é que subestiman bastante a intelixencia dos galegos. Deben de pensar que os galegos son parvos e que non se dan conta destas manobras. Pois a verdade é que creo que deberían reflexionar sobre estas cuestións.

Tampouco foron capaces de separar as emendas que facían referencia ás vítimas de violencia de xénero. A emenda número 4, para incorporar a violencia sexual no ámbito da protección das empregadas públicas, non lles gustaba, non a votaron a favor; ou a número 13, cuxo fin era cubrir casos excepcionais en relación cos convenios cos profesionais do taxi para a atención ás vítimas de violencia de xénero cando eran trasladadas dun concello a outro. Como



ben saben, os taxis non poden pasar dun concello a outro, pero no caso de vítimas de violencia de xénero, para protexer a súa privacidade e para protexer a confidencialidade, non queren ir cun taxista do seu pobo que as coñezan. E saben que, se vai vía convenio vítima de violencia de xénero, non teñen por que dicirlle ao taxista do seu pobo que o é. Pero a vostedes iso dálles igual, porque vostedes practican o feminismo selectivo. Vostedes nin sequera foron quen de pedir a votación por separado destas emendas. Dende logo, señorías, quedan vostedes en bastante mal lugar.

Tampouco foron capaces de apoiar a emenda número 6, que suprime a previsión que teñen as entidades de certificación para que operen directamente nos procedementos de licenzas e declaracións responsables. Con esta supresión, o que nós pretendemos e o que se fai é respectar a autonomía local, deixando que sexan os propios concellos os que decidan se aceptan o certificado da entidade ou solicitan un informe aos propios técnicos do concello. Aquí hai moitos que se erixen en municipalistas, grandes defensores da autonomía local, pero, cando chega a hora de votar as cousas que realmente reforzan a autonomía local, non as votan. Ben, pois alá vostedes.

Mire, señor Caballero, ¿sabe cal foi a primeira medida que tomou o señor Rueda nestes orzamentos? Pois a gratuidade do cen por cento das escolas infantís en Galicia, ¡do cen por cento! (*Aplausos.*) Son os primeiros orzamentos que cobren o cen por cento das escolas infantís en Galicia. Esa é a primeira gran medida, e vostedes non son capaces nin sequera de dicir: «Pois benvida sexa». Non, non, nin sequera son capaces de dicir que lles parece unha boa medida.

Despois seguen criticando o formato desta lei. Eu xa lles expliquei na comisión que Galicia non conta con ese recurso legislativo que teñen outras comunidades autónomas con estatutos posteriores ao noso, que teñen os decretos lei autonómicos. Nós non os temos. Son modificacións puntuais de leis. Gustarannos máis ou menos, pero vostedes pretenden dicir aquí que é unha apocalipse legislativa. A señora Rodil falaba de 34 modificacións; vostede, de 50. Dá igual; aquí, ao peso, ¿non? Non, señorías, vostedes saben que moitas cousas son modificacións puntuais; outras cuestións son apreciacións técnicas e outras cuestións non teñen ningunha incidencia. Menos mal que xa non falaron de cousas que xa non teñen ningún sentido, como nas súas emenda á Lei do xogo, que vostedes aí presentaron emendas para ter catro casinos, oito salas de casino, e agora viñan aquí criticar que se reducira a bonificación aos bingos. Os bingos. Non falou diso, señor Caballero. ¡Que sorpresa! ¿Por que? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Falou? ¡Ah!, non o escoitei. Pensei que saltara esa folla. A verdade é que nese momento igual estaba despistada. (*Murmurios.*) Pero ben, ben... ¡nada! Xa me parecía a min raro que a vostede, que leva o mesmo discurso tres veces, lle faltase esa folla. (*Murmurios.*) Pois, perfecto, perfecto, non hai ningún problema. Efectivamente, a vostede preocúpalle a fiscalidade de nove bingos en Galicia. É un dos tres eixos fundamentais desta lei. ¡Ben, pois alá vostede, alá vostede, señoría! Como xa lle expliquei é para garantir o emprego dese persoal. Polo que se ve non lles preocupan outras cousas.

Ben, con esta lei, señorías, hai cuestións fundamentais no ámbito da fiscalidade, no ámbito do emprego público, no ámbito da exención e da conxelación de moitas taxas para moitísimas persoas que o están pasando mal neste momento. A vostedes iso dálles exactamente



igual porque vostedes o que piden é subir os impostos. O Bloque Nacionalista Galego nas súas emendas propón non subir un, propón crear tres impostos novos, dos que, cando que- ren, falan; e cando non, non. Vese que iso non lles dá moito resultado político, porque o do- mingo saímos á rúa dicir que soben os prezos pero o luns no Parlamento defendemos máis impostos. Pois, para iso, con nós non conten, señorías, porque nós somos o partido que imos defender a baixada de impostos e, aínda que lle pese ao señor Caballero...,

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señora Prado.

A señora PRADO DEL RÍO: ...que os cartos estean nos petos das galegas e dos galegos. Porque os cartos non son nosos, como dicía unha compañeira súa de partido, non é que sexan de ninguén. Non, os cartos son moi útiles, e son máis útiles se están no peto dos cidadáns, para que os usen en momentos difíciles e de crise, que no peto da Administración.

Máis nada, moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señora Prado.

Rolda agora dos grupos parlamentarios para que se definan sobre as emendas mantidas polos demais.

Ten, en primeiro lugar, a palabra o señor Caballero por tempo de cinco minutos.

O señor CABALLERO MIGUEZ: Grazas, señora presidenta.

Señoras e señores deputados.

Señora Prado, vostede estivo hoxe fóra de xogo, fóra de xogo total. Non é que non escoitase a miña referencia ao bingo, é que vostede ou non escoitou nada ou veu enganar esta Cámara e enganar os galegos e as galegas. Porque vostede quixo aquí falar de todo menos do máis rele- vante desta Lei de medidas fiscais e administrativas, da que eu si falei; porque, se vostede pode medir a miña intervención, non houbo outra cousa da que máis falase que da reforma do imposto de patrimonio. E vostede ¿dixo algo desa reforma? ¿Falou vostede aquí da reforma do imposto de patrimonio co regalo fiscal dos 35 millóns de euros aos patrimonios máis ricos de Galicia?

Eu sei que moitos militantes do Partido Popular, que moitos cadros deste Partido Popular —e seguramente moitos deputados desta Cámara— se avergoñan de que o señor Rueda ti- vese que levar unha reforma fiscal que vai máis alá de onde a levou o señor Feijóo, un regalo fiscal aos grandes patrimonios e millonarios. Vostede engana, señora Prado, porque non es- taba nos programas electorais das eleccións autonómicas do señor Feijóo. *(Aplausos.)* Vostede xoga a facer unha confusión entre o ano 2019, o das eleccións xerais, e as eleccións galegas, cando o señor Feijóo dicía aquilo de «Galicia, Galicia, Galicia». E repítolle que vostede é a máxima representante do «Ayuso, Ayuso, Ayuso» en Galicia.

Vostede hoxe aquí, señora Prado, quixo falar de todo menos do máis relevante. Non falou da reforma do imposto de patrimonio, non falou de como vostedes plantexan unha táboa de



tramos fiscais do IRPF que deflacta pero favorecendo máis as rendas máis altas. E obviou ese tema dos bingos, que non é que me preocupe a min, é que aos que máis lles preocupa é a vostedes, que por iso o traen.

E vostede di que eu repito os mesmos argumentos nas distintas comparecencias. ¡É que a lei é a mesma! É que o sablazo que lles dan vostedes aos galegos e ás galegas e o regalo fiscal que lles dan aos ricos é o mesmo. Non o cambian. E inténtano evitar, inténtano agochar, inténtan non falar do relevante para que nos confundamos no miúdo —incluso dicindo que votamos «non» en comisión a aquilo no que nós nos abstivemos—. Élle o mesmo, queren facer unha confusión para que non falemos do relevante.

E non é certo que haxa outra medida estrela do señor Rueda. A primeira medida de calado que toma o señor Rueda é a reforma do imposto de patrimonio, que a leva onde non a levou o señor Feijóo e que agora se van ter que pelexar entre os que apoian o señor Rueda e os que apoian o señor Feijóo. Vénnos vostede dicir que a primeira gran medida do señor Rueda é que conseguiu a gratuidade das escolas infantís. ¡Pero se esa dixo o señor Feijóo que era unha medida del! ¿De quen era?, ¿de Feijóo ou de Rueda?, ¿de «a» ou de «b»? ¿da etapa anterior ou da posterior? Pero, si, a do patrimonio é do señor Rueda, non era do señor Feijóo, que o elevou ao 25 % e non ao 50 %. Gobernou trece anos e non se atreveu a chegar a tanto.

E non crean que nós, que sabemos que estamos na oposición, que sabemos que non temos o apoio maioritario nas eleccións autonómicas de Galicia, imos perder o noso compromiso coas galegas e cos galegos, que non imos manter un proxecto de esquerdas alternativo ao do Partido Popular dende alí onde esteamos. Claro que nos gustaría, señora Prado, ter o apoio maioritario dos galegos e das galegas, conseguir un apoio maior para darlles aos galegos as políticas de progreso. E respectamos a maioría do Partido Popular, pero non van poder nin con o PSdeG nin cos socialistas galegos, que sabemos entender os resultados, que xa sabemos tamén o que é gañar eleccións en Galicia. Tamén sabemos o que foi gañarlle ao PP as eleccións xerais en Galicia por primeira vez na historia e como hoxe hai en España máis deputados e deputadas de progreso que do Partido Popular e como os vai seguir habendo o ano que vén. Porque a vostedes, que tanto se inchan cos resultados das autonómicas, hai que lles recordar que a maioría dos galegos e galegas teñen alcaldes e alcaldesas socialistas, e vanos seguir tendo nas próximas eleccións municipais. Tamén imos ir a unhas eleccións xerais o ano que vén e dicímoslles que haberá máis deputados e deputadas de progreso dende Galicia no Congreso dos Deputados que deputados que poida poñer o PP para apoiar a Feijóo —que vai tentar gobernar España— nunha comunidade na que non vai ter a maioría de deputados dende as forzas de dereita.

Eu dígollo porque vostede saca aquí ese rodillo para dicir: Como temos a maioría e vostedes perden, nós temos a razón. A maioría dálles lexitimidade pero non dá necesariamente a razón. Vostedes teñen a capacidade e a responsabilidade de gobernar, e de gobernar cunha maioría que, dende logo, tamén saíu das urnas. Eu recoñezo, dende o primeiro momento, a lexitimidade dun goberno no que o Partido Popular gañou co menor número de votos absolutos que tivo o señor Feijóo na súa historia; coa maior —iso si— abstención que houbo na historia da autonomía galega dende as primeiras eleccións; e en tempos de pandemia, cando no DOG estaba publicado que non convocarían eleccións en tempos de emerxencia sanitaria



nin de estado de alarma. Incumpriron o DOG, esa é a credibilidade que ten o PP. *(Protestas.)* ¡Si!, non lles gusta que llelo recorde porque non lles gusta que ao señor Feijóo —que viviu nunha etapa de confort en Galicia—, agora que está na política nacional, lle vexamos a súa inconsistencia, a súa incapacidade e a súa irresponsabilidade en tantos temas.

Quérolle dicir, señora Prado, que vostede non falou hoxe do fundamental da Lei de medidas fiscais e administrativas. Pero tamén lle damos resposta cando bota vostede balóns fóra. Na primeira intervención eu falei do núcleo da Lei de medidas fiscais —patrimonio, renda e o regalo fiscal tamén aos bingos— e vostede sae, para non falar do relevante, a outras cuestións e a outros campos de xogo. O PSdeG vaille dar todos os debates en todos os campos de xogo, porque...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Rematou o seu tempo, señor Caballero.

O señor CABALLERO MIGUEZ: ...non imos ir marcha atrás, imos afrontar o debate para darlles resposta aos galegos e ás galegas... *(O señor Caballero Miguez continúa o seu discurso, que non se percibe por problemas técnicos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señor Caballero.

O señor CABALLERO MIGUEZ: Nas alternativas e emendas que presentan as forzas de progreso hai unha coincidencia fundamental en ter uns tramos do IRPF máis progresivos para facer que os máis ricos paguen máis. Coinciden tamén na eliminación da bonificación ao imposto de patrimonio, que permite que haxa un plantexamento progresivo —común ou con matices pero potente— na fiscalidade de Galicia para darlles unha alternativa para defender a Galicia do benestar fronte ao neoliberalismo de última hora e sen rumbo dun Partido Popular desnortado.

Moitas grazas, señoras e señores deputados. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señor Caballero.

Quenda para o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Dona Olalla Rodil por cinco minutos tamén.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidenta.

Bo día de novo.

Eu, en primeiro lugar, quería agradecerlle á portavoz do Partido Popular a súa inestimable axuda de sempre para poñer aquí no centro do debate político os comunicados do Bloque Nacionalista Galego, as posicións do Bloque Nacionalista Galego. *(Aplausos.)* Agradézolle, ademais, que dese lectura ás intervencións que fai o noso deputado en Madrid, ou calquera das persoas que integramos o grupo parlamentario aquí nesta Cámara. Nunca poderemos agradecerlles tanto o labor que fan de difusión das posicións políticas do BNG. E, efectiva-



mente, non lles cambiamos nin unha soa coma nin ao comunicado nin á intervención que fixo o compañeiro Néstor Rego hoxe no Congreso, do que facía lectura a señora Prado. Porque é gravísimo desde calquera punto de vista en termos democráticos que un tribunal —sexa da natureza que sexa, e máis aínda da natureza política do Tribunal Constitucional— ¿se inmiscúa? —non—, ¿se entremeta? —non—, senón que faga unha inxerencia tan grave na capacidade e no deber que ten o poder lexislativo ordenando a paralización dun debate e dunha votación alí onde reside a soberanía popular do pobo, neste caso do conxunto do Estado español. Eu creo que hai unha reflexión que é importante facer, e é que, se xa non se respectan nin sequera os mínimos. ¡os mínimos!, da democracia e do sistema democrático no que estamos, as cousas non van ir por bo camiño. Por iso a resposta ten que ser calma, serena, pero tamén contundente, de todas as forzas soberanistas —por suposto— pero tamén democráticas.

E no que ten a ver coa intervención que facía a señora Prado, que ventilaba a lei de acompañamento con que eran cuestións que tiñan a ver coa adaptación das leis galegas, con cuestións de reforma da lexislación, tanto ao ámbito estatal como europeo, ou cousas —dixo— sen relevancia, eu preguntome se modificar 48 veces o decreto que regula os espazos Rede Natura —espazo de máxima protección ecolóxica a nivel comunitario, a nivel europeo— lles parece ás señorías do Partido Popular unha cuestión menor —por certo, saltando todos os procedementos que determina, para a modificación dese decreto, o propio decreto que regula o Plan director da Rede Natura ou a Lei de patrimonio ambiental do Partido Popular aprobada na pasada lexislatura—. Pregúntome se a vostedes cambiar o papel da Administración para que, en vez de autorizar a priori, por exemplo, con esa licenza de primeira ocupación, se encargue de actuar a posteriori con feitos consumados lles parecen cousas menores *o de poca relevancia*; ou se a vostedes lles parece que aforrarlles 34 millóns de euros ás 7.700 persoas máis ricas deste país, que teñen un patrimonio superior a 2 millóns de euros, pero subirilles 35 pírricos euros a Risga a quen non ten máis ingreso que esta prestación económica *es una cuestión menor*. E podemos ventilalo así, tramitando un único proxecto de lei —insisto, un único proxecto de lei— que é na súa realidade a modificación de 34 leis ao mesmo tempo. ¿A vostedes parécelles que gravar cada vez menos —como acabo de explicar— a riqueza que xera a explotación dos recursos naturais deste país coa instalación de parques eólicos *es una cuestión menor* que poida ventilarse cunha emenda na lei de acompañamento aos orzamentos? Absolutamente nada ten a ver a inmensísima maioría das cuestións que se recollen nesta Lei de medidas fiscais e administrativas nin coa execución nin coa tramitación orzamentaria, ¡nada! Vostedes, retorcendo até a saciedade este procedemento excepcional, conseguiron facer deste procedemento a norma. É a porta traseira —esta si, esta si que é unha porta traseira—, un subterfuxio, para introducir modificacións dun plumazo nun remexido de leis. E iso é o que fan vostedes nesta lei, introducir mudanzas que nada teñen a ver cos orzamentos para favorecer fundamentalmente os intereses duns poucos, ¡duns poucos!

Fronte a iso, nós, desde o BNG, o que intentamos ao longo deste proceso de tramitación e deste debate da lei de acompañamento —pero tamén dos orzamentos— foi, efectivamente, poñer no centro o interese das maiorías sociais; non de 7.700 persoas ricas que teñen máis de 2 millóns de euros de patrimonio, senón do 99 % da poboación deste país que as está pasando canutas diante dun incremento do custo da vida que é inasumible para milleiros de fogares neste país. E, efectivamente —e con isto remato—, facémolo nas institucións pero



tamén detrás das pancartas, que é —quero lembrar— o exercicio dun dereito fundamental, como é o de protesta e o de manifestación.

E só os advirto dunha cuestión antes de rematar. As pancartas do Bloque gustan, gustan tanto que ao final hai candidatas do Partido Popular na miña cidade que acaban poñéndose detrás delas. Teñan coidado. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora Rodil.

Quenda para pechar.

Ten a palabra dona Paula Prado del Río por cinco minutos.

A señora PRADO DEL RÍO: Grazas, presidenta.

Eu íalle dicir algo ao señor Caballero pero marchou do debate. Xa non me escoita moito en comisión... Despois chega aquí e di o mesmo aínda que llo explique. Agora, se non está..., pero, bueno, voullo dicir e explícanllo. Ah!, está entrando, está aí, está aí detrás. *(Risos.) (Murmurios.)* Bueno, pois igual me escoita.

El dicía que facíamos o que nos mandaba Ayuso. Dicía: «Vostedes fan o que manda Ayuso, e Ayuso suprime o cen por cento do imposto de patrimonio». Pois non facemos o que manda Ayuso. Dicía: «É que vostedes fan o que facía Feijóo» —que baixaba o 25 %—. Pero despois dixo: «Non, o señor Rueda vai máis alá do que facía o señor Feijóo», que era o 25 %. Mire, señor Caballero, pónase de acordo consigo mesmo primeiro, e despois trasládenos as conclusións ás que chegue.

Vostede dicía que imos ter «Ayuso, Ayuso e Ayuso». Mire, eu son militante do Partido Popular, o de Ayuso, de Feijóo, de Juanma Moreno, do presidente Rueda... Nós somos un partido de unidade, *(Aplausos.)* nós non renegamos de ningún dos nosos presidentes. *(Aplausos.)* ¿Pode dicir vostede o mesmo, señor Caballero? ¿Pode dicir vostede o mesmo? *(Aplausos.)* ¡Bueno! *(Aplausos.)*

E hai unha cuestión que dixo vostede das eleccións. Resulta sorprendente, cando vostede se presentou ás eleccións autonómicas —nas que sacou o peor resultado do Partido Socialista de Galicia— e se suspenderon por culpa da pandemia, vostede dicía que estabamos secuestrando a democracia e que estabamos retendo ilexítimamente o poder. E despois, cando tivemos unha resolución da Xunta Electoral, despois de ter un informe do comité de expertos —que nós si tiñamos en Galicia un comité de expertos—, e unha vez que se decide que as eleccións serían naquel momento, vostede di que non, que non poden ser, que hai que esperar ao outono —que foi o peor momento da pandemia—. Mire, ¿sabe o que foi o único que se declarou inconstitucional? O estado de alarma declarado polo Goberno de España presidido polo señor Pedro Sánchez. *(Fortes murmurios.)* Iso foi o único que se declarou inconstitucional.

Claro, vostede pregúntame polo imposto de patrimonio. Pois dígolle outra vez máis —que xa llo dixen en comisión— que o señor Touriño dicía que o ían baixar, que o señor Zapatero



dixo que o ían suprimir. A ver, vostede ¿de que Partido Socialista é? Señor Caballero, ¿de que Partido Socialista é? Dígao. Porque, claro, é que hai tantos e tan diversos que, vamos, xa non sabemos. Pero, bueno, eu empezo a pensar que vostede é do Partido Socialista do señor Caballero, pero do seu, non do de Vigo, do seu, do señor Gonzalo Caballero Miguez.

Mire, señora Rodil, aquí dicía vostede que lles facemos publicidade aos seus comunicados. Non é que fagamos publicidade dos seus comunicados, dámoslles transparencia, porque vostedes queren tapar as cousas que di o señor Rego en Madrid. (*Murmurios.*) Claro, porque aquí teñen outra estratexia electoral, aquí teñen a estratexia electoral da moderación e tal... E non. (*Murmurios.*) Non, síntoo pero non. (*Murmurios.*) Cáelles a careta. A cada paso que dan, cáelles a careta. Vostedes o que queren tapar é que o señor Néstor Rego fixo unha chamada a incumprir a sentenza do Tribunal Constitucional. E mentres outros acatamos as sentenzas outros piden desacatar os mandatos xudiciais. Señorías, esa é a verdadeira realidade, que o señor Rego pediu desobedecer o Tribunal Constitucional. (*A señora Rodil Fernández pronuncia palabras que non se perciben.*) Non, vostede mesma dixo aquí que... (*A señora Rodil Fernández pronuncia palabras que non se perciben.*) Non, pero vostede mesma acaba de dicilo aquí, señora Rodil, é que é sorprendente.

Bueno, indo á lei, falaba vostede das licenzas de primeira ocupación. Non lle parece a vostede importante, parécelle unha cuestión que non... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, si, é importante, claro que é importante. Pero vostede tampouco o pon en valor; ao contrario, críticao. Váiallelo explicar aos centos e miles de familias que están esperando por unha licenza de primeira ocupación en concellos gobernados fundamentalmente polo Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego, que non lles dan a licenza de primeira ocupación e están pagando igualmente a súa hipoteca, que están totalmente secuestrados polos concellos gobernados por vostedes porque non lles dan a licenza de primeira ocupación. Pois ¡claro que si!, esa medida da Lei de medidas vén desbloquear esa incompetencia dos gobernos de progreso dos municipios que están gobernando vostedes. (*Aplausos.*) ¡Claro que si, señorías! ¡Claro que si! (*Aplausos.*)

E vénme falar de deflactar. Bueno, aquí deflactamos os tres tramos, señora Rodil. Vostedes en Madrid non presentan emendas e, ademais, as que presentamos nós —o Partido Popular— vétanas. E despois veñen aquí e presentan... Mire, a súa incoherencia non ten límites.

Eu, despois deste debate, vexo que a vostedes non lles parecen importantes cuestións de violencia de xénero —como dixer—, que a vostedes non lles parecen importantes baixadas fiscais para que os cidadáns teñan máis cartos no seu peto —prefiren que estean nos petos da Administración—, que as cuestións que vostedes aquí podían votar en materia de sanidade para mellorar as cousas as votan en contra constantemente e que votan en contra de medidas que axudan a sobrelevar a crise dos cidadáns. Pero, iso si, detrás da pancarta de fin de semana van resolver moitas cousas.

Señorías, eu creo que esta lei é unha lei cun importante número de modificacións lexislativas, efectivamente, pero, como non temos outro recurso nin outro instrumento lexislativo co que poidamos traballar ao longo do ano, non nos queda máis remedio que facelo así. Pero dende logo que, coas medidas que se toman nesta lei...



A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señora Prado.

A señora PRADO DEL RÍO: ...se mellora a vida dos cidadáns. E á política vimos para facerlle a vida máis fácil á xente e a ser útiles aos galegos e ás galegas.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Votación do Ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas

A señora PRESIDENTA (Candia López): Imos proceder á votación das emendas mantidas e do ditame elaborado pola Comisión 3ª.

Votamos, en primeiro lugar, as emendas do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia 1 á 7, 9, 10, 12, 13, da 15 á 20 e da 22 á 31.

Votación das emendas 1 á 7, 9, 10, 12, 13, 15 á 20 e 22 á 31 do G. P. dos Socialistas de Galicia ao Ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 14; votos en contra, 41; abstencións, 19.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Pasamos a votar as emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego —da número 1 á 15—.

Votación das emendas 1 á 15 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao Ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 19; votos en contra, 41; abstencións, 14.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Pasamos, en último lugar, á votación do ditame da comisión coas emendas que fosen incorporadas, se fose o caso.

Votación do Ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas.



Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 41; votos en contra, 33.

O resultado da votación é positivo.



En consecuencia, queda aprobado este ditame.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Antes de levantar a sesión lembro que, de xeito inmediato e sen interrupción, damos comezo á sesión ordinaria convocada para o día de hoxe. Facemos unha pausa de un ou dous minutos para que poidan saír e continuamos.

Moitas grazas.

Remata a sesión ás tres e cinco minutos da tarde.





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

